

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XIII)

Ramón de Lãncara
i Armea
Peito só da Patria
teima e vela

(Uxío Novoneira)

Epistolario de Ramón Piñeiro
a
Isidoro Millán González-Pardo
(1952-1971)

Edición, introdución e notas de:
Luis Cochón

Miro Villar

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Coordinador científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura

ANXO TARRÍO VARELA

Ilustracións:

VIRXILIO

Imprime:

Grafinova, S.A.

ISBN:

978-84-453-4804-8

Depósito Legal:

C 1247-2009

κρεῖσσον δὲ πλούτου καὶ βαθυσπόρου χθονὸς
ἀνδρῶν δικαίων κάγαθῶν ἑμιλῖαι.

Eurípides

*[A colmanza da colleita provén
da concordia laboriosa dos bos e xenerosos]*

*«Cando o Tempo –“sophótaton hapánton”–“a máis sabia de
todas as cousas” que decían os gregos, faga a peneira dos
homes e das obras dos nosos días...»*

Isidoro Millán González–Pardo

*Una carta viene a ser una tentadora encrucijada de inten-
ciones. Flota entre la espontaneidad y la retórica, entre la
biografía particular y la historia colectiva, entre lo privado
y lo público. Pero además, para el estudioso, las cartas
reflejan la densidad de una sociedad literaria, la tempera-
tura precisa de las ideas que la animan y, al cabo, el grado
de su libertad íntima y cívica.*

José–Carlos Mainer

« A quebra dos estudos e a consagración total á causa galega impediron en gran medida as posibilidades de R. Piñeiro para a publicación escrita; de xeito que o seu labor teórico foi ante todo de índole «socrática»: *conversa* ampla e xenerosa, sen límite de tempo nin de clase, amasada de escoita atenta e respecto exquisito para a índole e posibilidades de cada interlocutor; sempre coa intención declarada de orientar cara á realización persoal e ao servizo do país. Conversa tamén a través das innumerables cartas, que escribiu incansable para dentro e fóra do país, tecendo unha trama inmensa e entrañable, con Galicia sempre no centro. De aí que o seu *Epistolario* constituía un monumento modélico e unha fonte preciosa para o coñecemento non só de moitas persoas e del mesmo, senón tamén da historia recente, dos problemas fundamentais e da evolución sociopolítica de Galicia, emigración incluída. Piñeiro foi mestre do *diálogo*, no que acreditaba como nunha das dimensións fundamentais do espírito humano ».

Andrés Torres Queiruga

Nota de edición

A presente edición das cartas de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González—Pardo respecta escrupulosamente, no que ao terreo lingüístico se refire e pola súa condición de documentos epistolares, os textos orixinais.

I. Limiar



I. Limiar

Este *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952–1971)* xunta un total de 50 cartas, manuscritas ou mecanoscritas, escritas desde diversos lugares e nun tránsito de varios anos. A primeira aparece datada en Santiago de Compostela o 13 de novembro do 1952 e a derradeira tamén na cidade compostelá o 6 de outubro do 1971. Piñeiro soubo de Millán, como tantos outros, ao ler os «comentos filolóxicos» que aparecían, a modo de epílogo ou apéndice, na *Antífona da cantiga*. De aí, e a través de Cabanillas, xorde esta correspondencia. É evidente que tivo que haber máis cartas entre os dous intelectuais, evidencia que se constata só con ler estas, cando aparecen referencias a outras que non temos porque non fomos capaces de as atopar no arquivo ou se perderon nalgún traslado. Isto é todo o que temos: nin máis nin menos, *opportune et importune*.

Alén diso, a xeito de introdución (e como carta nº 0) engadimos a primeira epístola de Isidoro Millán González-Pardo a Ramón Piñeiro. Case todas as deste último están asinadas no seu enderezo compostelán da Rúa Xelmírez, nº 15, 4º andar, agás a primeira desde a Rúa do Preguntoiro, nº 22, 1º andar, dúas escritas desde Lugo, outras dúas desde Castropol e unha desde Xixón (lugares

onde adoitaba pasar algúns días do verán), mentres que Isidoro Millán as recibe case sempre en Madrid (onde cursa a súa licenciatura en Filoloxía Clásica na que se graduou con premio extraordinario, entremedias goza dun bolsa de estudos no Escorial e logo prepara as oposicións a cátedras de Grego), a non ser quince en Pontevedra (coincidindo con estadias de lecer ou xa catedrático no Instituto da Boa Vila), unha no Pazo de Santa Cruz (Bueu) e outra na Alemaña, onde estaba por razón de estudos.

Este dilatado epistolario, que abrangue case vinte anos, non só testemuña a memoria dunha amizade sincera entre os dous intelectuais, pois o seu seguemento permítenos a nós trascender dos episodios puramente íntimos e persoais (que tamén os hai) para nos ofrecer un importante caudal de información sobre a actividade cultural da época, na que ambos e dous, mais sobre todo Ramón Piñeiro exercían un incuestionable labor de liderato. (Non sempre Piñeiro confía ao correo a palabra escrita e sinala: «cando nos vexamos»). De feito, pode dicirse que non se movía unha palla case sen que o soubese Piñeiro, desde cuestións diversas que atinxían ao desenvolvemento organizativo do galeguismo ata feitos tan circunstanciais como os problemas coa materia de grego dun daquela aínda mozo escritor:

O Ferrín é un rapaz de temperamento rebelde e toleirón e, polo mesmo, moi propicio ás imprudencias académicas. O feito de non te avisar hai que o situar na liña da súa rebeldía temperamental a pedir axuda e non no da dúbida da tua eficacia. Teremos que nos preocupar de que no setembro lle botes tí unha man sin necesidade de forzar a íl a pedilo. Non hai ningunha dificultade porque tí eres comprensivo dabondo pra estas rarezas dos poetas mozos.

A primeira e única carta de Isidoro Millán González-Pardo a Ramón Piñeiro que se inclúe neste epis-

tolario dá conta dunha relación aínda distante (non física polo feito de estar Millán en Madrid, senón afectiva, tanto é así que Millán nin sequera coñece aínda o enderezo de Piñeiro, como confesa ao remate) mais que, pouco a pouco, vai facéndose íntima e persoal. Nesta altura a cortesía entre os dous, nunca abandonada co transcorrer dos anos, é sobexo rigorosa e Millán amosa o seu agradecemento a Piñeiro por consultarlle cuestións lingüísticas:

«Agradézoche, primeiro que ren, que fagas conta de mín pra estas consultas e mostres consideranza da miña opinión». A presenza de Cabanillas é notoria nesta e nas seguintes cartas de Piñeiro, nas que se evidencia o interese por se ocuparen de solucionar as dificultades económicas do poeta cambadés nos derradeiros anos da súa existencia. É curiosa a definición que Millán, citando unhas palabras de Cabanillas, fai de Piñeiro como un «home de entusiasmo frío».

As primeiras cartas de Piñeiro fan referencia á necesidade de crearen as mellores condicións para o estudo filolóxico da lingua galega, para o que os consellos de Millán son determinantes, (xa sabía entón que Millán era un dous seis galegos cos que había que contar; *Grial*, nº111) como cando sinala a necesidade de facerse coa obra *Gramática de las lenguas románicas* (1890-1902), publicada en catro volumes, de Wilhelm Meyer-Lübke. Neste obxectivo o apoio da diáspora galega en América, nomeadamente en Bos Aires, vai ser fundamental. Son os “americanos” os que fan a escolla de Francisco Fernández del Riego como depositario do material científico.

Outro tema que ocupa moitos parágrafos é a intención de Piñeiro de coordinar un volume de ensaios sobre a saudade: “facemos mentes de preparar un novo tomo de ensaios (pol-o estilo do adicado a Rosalía)”. De feito, a primeira carta é toda unha mostra da súa predilección e da

súa erudición sobre esta temática saudosista, alén de informar a Millán de todas as novidades que están a saír ou a se preparar aínda para incrementar o fondo editorial de Galaxia. E incluso non faltan as súas leccións de sociolingüística, cando fala de traducir textos como *Da esencia da verdade* de Heidegger:

Queremos demostrarlles a todos os que aseguran que a lín-goa galega soio sirve pra facer poesías e pra falaren os labregos que tamén sirve pra que falen as voces mais elevadas do pensamento europeo. Si Heidegger pode espresar o seu pensamento en galego, calquera galego que teña algo importante que decir poderá tamén espresalo na súa lín-goa. Pol-o menos compre que non se lle boten as culpas ó idioma.

Ou cando fala abertamente da necesidade de situar o idioma galego na romanística europea (e estamos diante dunha carta datada en 1953):

As cousas produciranse diste xeito: en GALAXIA crearase unha sección especial adicada escrusivamente a temas de filoloxía ou de lingüística relacionados co noso idioma. Pubricaranse tomos de documentos galegos medievais (Crónica Troyana, etc), pubricaranse monografías lexicográficas recollendo o galego vivo das distintas zonas dialeitás, etc. Tamén se percurarán promover estudos sobre a nosa sintaxis. Todos istes materiás, que constituen as fontes do noso futuro gran Dicionario, deben de ser publicados sistemáticamente inantes de se poñer definitivamente a facelo. O soio feito –por outra banda necesario– de publicar todos istes materiás abondará pra incorporar o galego, como materia de estudo, a todos os centros romanísticos do mundo. Coido que iste é o pirmeiro paso necesario.

Ou, cando anos máis tarde, en dúas cartas de xaneiro e febreiro do 1965, argumenta en favor da liturxia na lingua galega, con exacerbadas críticas á

actitude da xerarquía eclesiástica a respecto da palabra de Deus:

Cousa notable –e confortadora– é a inquedaanza dos mozos pola descortesía eclesiástica –que iles chaman “cobardía”– coa nosa língoa en relación coa Liturxia. Da Cruña, de Lugo, de Ourense e deiquí de Compostela chéganme manifestaciós de vivo desacougo por esa pasividade das xerarquías. Os rapaces sinten a mágoa dunha verdadeira humillación espritoal. Eu non son pesimista, porque si os fieles galegos o piden ¿cómo llo van negar? Eso sí, é indubidable que o teñen que pedir. Tamén nesto son outimista, pois estou seguro de que, hoxe en día, en Galicia hai unha poderosa corrente católica que responde á preocupación anovadora da liña conciliar. Abondará que esta corrente acorde un certo artellamento interno pra que cobre unha vigorosa e fecunda presenza no ámbito social galego. A súa primeira gran aportación ó patrimonio espritoal común pode ser xustamente a conquista dos usos litúrxicos prá nosa língoa. Teño fe en que así sucederá.

Por parte, outra angueira que centra o interese de moitos parágrafos destas primeiras cartas é a elaboración do volume *HOMAXE a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*. Máis unha vez vai ser Piñeiro quen “ordena” a disposición das súas páxinas e que autores deben ser convidados e cales non, mesmo pode servir para facernos unha idea ponderada das súas filias e fobias e da argumentación que xustifica cada unha das exclusións. Outras veces serven as súas palabras para dar testemuño das dificultades para conseguir a participación de sinaturas consideradas importantes como o artigo de Dámaso Alonso que perseguen durante semanas. E tamén para retrucar a aquelas persoas que consideraban que foran excluídos do volume, velaí como censura a actitude de Sánchez Cantón, quen mesmo chegar a darse de baixa de Galaxia.

Certamente tiña enviado unha carta –non demasiado elegante– a Galaxia dándose de baixa, carta que Galaxia lle contestou con detalladas espicacións nas que quedaba ben a salvo a consideración persoal a D. Francisco Javier e tamén ben crariñas as razóns do noso proceder, que, sintetizadas, xa figuran na nota que vai ó frente do tomo. A esta carta, e máis á resposta, aludía eu na derradeira carta que che mandei a Madrid cando che decía que tiña unhas cousas confidenciais pra che insinar (pois eu coincido plenamente co teu parecer de non “airear” estas cousas). O mesmo día que recibín a tua carta, e seguindo as tuas indicacións, escribinlle eu a Sánchez Cantón facéndome sabedor, por ti, das suas queixas. Espricáballe que non fora incluída representación do Instituto P. Sarmiento porque, dende o noso punto de vista, ou se incluían todas as institucións culturais galegas ou non de debía incluír ningunha; o que non cabía era facer preferencias.

Algo semellante ocorre con Filgueira Valverde, cuxa ausencia no tomo de Homenaxe a D. Ramón Otero Pedrayo é explicada con moita ironía:

A curiosidade tan dilixente do Dámaso por pescudar os motivos da ausencia do noso común amigo Filgueira fíxome gracia. Polo visto ahí en Madrid coidan que a cultura galega ten o seu centro no Museo de Pontevedra.

Do mestre, don Ramón Otero Pedrayo, tamén se relata o acto da súa derradeira lección académica, celebrada o 5 de marzo do 1958 no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela:

Hoxe foi un día de intensa emoción universitaria en Compostela. A derradeira lección de D. Ramón, que estaba anunciada na aula nº 1 de Filosofía, tivo que pronunciala no Paraninfo, que se abarrotou de xente en formal tal que non cabía nin unha agulla máis –e quedaron moitos sin poder entrar–. Veu xente da Coruña, do Ferrol, de Pontevedra, de

Vigo, de Ourense, de Padrón. O agarimo cordial dos estudantes era cousa impresionante, que conmovía mesmo ás pedras da Universidade. Pedíronlle as alumnas que a sua derradeira leición a pronunciase en língoa galega, cousa que fixo. Os aplausos foron verdadeiramente épicos. Non hai hoxe ningún galego vivo capaz de espertar unha afervoadada adhesión espontánea como a que a D. Ramón se lle tributou hoxe.

A poesía aparece a miúdo nas cartas, nas homenaxes a Rosalía de Castro, mais tamén nas mencións á obra e á personalidade de Uxío Novoneyra, incluso falando dun poema deste autor aínda a día de hoxe non publicado (“Ós héroes da Hungría”), aos premios nas Festas Minervais, como o que recibe Xosé Luís Franco Grande, ou aos primeiros libros deste, *Vieiro choído*, ou de Manuel María, *Muiñeiro de brétemas*, aos versos de Aquilino Iglesia Alvariño e tamén á morte de Luís Pimentel en febreiro de 1958:

Acabo de chegar de Lugo, a onde fun pra asistir ó enterro do poeta Luís Pimentel, meu fraternal amigo dende fai 25 anos. Morreu súpetamente, dun infarto de miocardio. Foi o primeiro poeta que eu conocín e tratei persoalmente i era, sin duda, un dos espritos máis finos i elegantes que se podían atopar en todo o ámbito peninsular. Pra que a perda seña meirande, morreu cando estaba preparando un libro de poemas galegos que me quería mandar a mín pra Galaxia.

Con todo, é a doenza de Ramón Cabanillas e os seus problemas familiares a que ocupa un maior espazo. No epistolario podemos ser observadores atentos da súa declinación física ou de cómo Álvaro Gil Varela sostivo durante anos ao poeta cambadés facéndolle chegar unha axuda económica que nunca foi de dominio público. Tamén se fala do interese en lle publicar a *Obra Completa*, que finalmente aparecerá na diáspora, porque tan só os emigrantes de Bos Aires poden pagarlle a Cabanillas unha cantidade en

concepto de dereitos de autor, algo que Piñeiro considera fundamental ao ser coñecedor das carencias económicas do poeta. Toda a información sobre os derradeiros anos de Cabanillas é indispensable hoxe na construción da súa traxectoria biográfica.

E o mesmo sucede coa narrativa, adoito mencionada para facer referencia aos contos de Ánxel Fole, á prosa de Álvaro Cunqueiro ou aos primeiros escritos de Xosé Luís Méndez Ferrín. A este último sabémolo en Madrid e Piñeiro fará o posible –Millán por medio– para que poida aprobar a materia de grego co profesor Adrados. Nesta altura tamén fai referencia a outros dous membros do grupo «Brais Pinto», como Bernardino Graña e Ramón Lorenzo Vázquez, no que deita todas as esperanzas, ao considerar moito máis “disciplinado”, de que co tempo se puidese converter no mellor filólogo da lingua galega. E nisto tampouco lle fallou a intuición porque esas esperanzas axiña serían feitas realidade.

Outros intelectuais galegos tamén son convocados neste epistolario, como Celestino Fernández de la Vega, Vicente Risco e seu fillo Antón, Xosé María Castroviejo, Manuel Vidán Torreira, Domingo García–Sabell, Ramón Martínez López, Fermín Penzol, Juan Rof Carballo, Antonio Blanco Freijeiro, Xosé Ramón Fernández–Oxea (“Ben–Cho–Shey”, que estaba anoxado con Galaxia por non estar incluído no tomo de homenaxe a Otero Pedrayo), Florentino López Cuevillas, José Luís Pensado, Santiago Montero Díaz, Luís Viñas Cortegoso, Río Barxa, Ricardo Carballo Calero, Evaristo Correa Calderón, Xesús Carro García, Paulino Pedret Casado, Manuel Gómez Román, Aníbal Otero Álvarez, Luís Monteagudo García, Manuel Rubén García Álvarez, Valentín Paz–Andrade, Ramón Lugrís Pérez, Marino Dónega, Alfonso Zulueta de Haz, Eduardo Blanco–Amor ou o poeta galego-arxentino Francisco Luís Bernárdez. E non

deixa de sorprenden a pouca consideración que tiña nesta época polo labor do profesor Alonso Montero¹, sobre o que realiza algún comentario acedo, tendo en conta a posterior relación de mutuo respecto intelectual e mesmo de amizade nos derradeiros anos. É boa proba do interese de Ramón Piñeiro por calquera manifestación galeguista do tipo que for está na súa participación noutros actos como o soterramento do pintor Carlos Maside en xuño do 1958.

Canda eles tamén aparecen polas cartas os nomes do filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa, de intelectuais españois como Dámaso Alonso (para quen se ocupa de preparar con detalle a súa estadía nos Ancares e na Limia co obxecto de realizar estudos dialectais con traballo de campo), Alonso Zamora Vicente, José Luís López-Aranguren, Pedro Laín Entralgo, Américo Castro, ou europeos como o filólogo e lingüista alemán Joseph M. Piel, autores todos eles dunha obra que gozaba de prestixio e consideración entre os nosos.

Alén da mencionada polémica cos autores excluídos do tomo de homenaxe a D. Ramón Otero Pedrayo, tamén coñeceremos a que mantivo con José Luis Varela e con Manuel Casado Nieto, que o acusan de “canibalismo moral” por mor da posición que Piñeiro expresa no prólogo que escribe para o libro *Vicente Risco na cultura galega: Ensaio* (Galaxia, 1963) de Ramón Lugo. A longa carta que Ramón Piñeiro escribe a Isidoro Millán o 26 de outubro de 1964 resume a completa argumentación das súas teses, coas que rebate as opinións dos que chama «risquistas da “terceira época”». Na opinión de Piñeiro a viraxe ideolóxica de Risco, do galeguismo ao franquismo, había producirse por causas psicolóxicas, por medo á represión. Toda a carta é magnífica, porén abonda con lembrarmos este fragmento:

¹ Cfr. Carta de Ramón Piñeiro a Xesús Alonso Montero no Apéndice.

Mais veleiquí que pra trazar un esquema da evolución espritoal do Risco tropezas inevitablemente con un problema grave e delicado, que é iste: dende o ano 18 ó 36 –durante 18 anos–, Risco foi o gran definidor, o mestre máisimo, o guieiro supremo do galeguismo. A súa obra proselitista foi extraordinaria, superior á dos demais galeguistas. No ano 36 prodúcese a gran treboada. Os discípulos e amigos de Risco foron perseguidos: uns, fusilados; outros, paseados; outros, encadeados; outros, destituídos dos seus empregos; outros, desterrados; etc. Nise intre, o Risco ponse na cabeza unha boina roxa e comenza a facer a apoloxía dos ideás dos que perseguían ós seus amigos, ós seus discípulos i ás súas ideas. Non se limitou a se meter na casa i a gardar silencio, como sería o prudente, senón que apareceu en escea coas bandeiras que servían pra perseguir ós seus amigos e discípulos.

Con todo, no epistolario non só se fala das persoas senón que se enxuíza o labor institucional e hai referencias continuadas á Real Academia Galega, ao Instituto Padre Sarmiento, ao Patronato Rosalía de Castro e á Universidade de Santiago de Compostela. Importante tamén é o labor das entidades da diáspora galega en América, como o Ateneo Galego da Casa de Galicia de Caracas, que vai patrocinar a edición en Galaxia do *Diccionario* de Eladio Rodríguez González; o Patronato da Cultura Galega de México (do que formaban parte Xesús Bal y Gay, Florencio Delgado Gurriarán, Arturo Souto ou Carlos Velo); o Patronato da Cultura Galega de Buenos Aires, que publicaba moitos libros galegos, como a citada *Obra Completa* de Cabanillas, e celebraban de xeito anual concursos literarios de ensaio, narración, poesía e teatro; ou a AGUEA (Asociación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas), que organizaba cursos de lingua, literatura, historia e xeografía de Galicia en Buenos Aires e o Instituto Galaico–Argentino de Cultura Galega.

Con todo, neses anos o groso das cartas vai arredor das oposicións de Isidoro Millán. As sucesivas tentativas de Piñeiro por lle botar unha man a través de terceiras persoas (nomeadamente o catedrático Manuel Rabanal) non só amosan unha amizade, senón a consideración que Piñeiro tiña arredor do papel protagónico que lle había corresponder a Millán en determinadas parcelas do edificio cultural que pretendían erguer. Piñeiro fala unha e outra vez da necesidade de que Millán aprobe as oposicións á cátedra e que acade axiña un destino definitivo en Galicia que lle permita contribuír a esa tarefa cultural deseñada. A máis da admiración (*thaumádsein*) que os dous se profesaban.

De feito, en outubro de 1959, logo dunha anterior tentativa fanada, Piñeiro pode felicitar a Millán pola consecución da cátedra de Grego, que entende como unha victoria propia ou do círculo de intelectuais galeguistas próximos a Galaxia:

¡Por fin temos un verdadeiro humanista noso! No máis fondo do corazón teño a viva e leda sensación de que iste é un acontecemento de valor auténticamente histórico ¡Cantas veces, falando con Domingo, con Celestino, con Carballo Calero, con Otero Pedrayo, e con moitos outros do futuro da nosa cultura, pensabamos con ilusión na tua volta á Terra con unha cátedra! Certo que o teu lugar verdadeiro sería –será– a Universidade compostelán. Mais, mentres a ocasión non chegue, o importante, o decisivo é que xa estás entre nós. Por primeira vez, o sutil e neboento espírito galaico vai entrar en contaito fecundo co sutil e lucidío espírito helénico.

Nas derradeiras cartas a conversa máis interesante xira derredor da tradución que Millán realiza de *Murder in the cathedral* de T. S. Eliot, cos problemas derivados dos dereitos de autor, e do artigo que o propio Millán vai escribir para *Grial* como necrolóxica do poeta angloamericano, sempre a solicitude de Piñeiro (que vai por segunda vez

como profesor ao Middlebury College. Spanish School. USA), ou doutros artigos sobre outros temas que tamén lle encarga para a publicación. As traducións á nosa lingua, alén da citada de Heidegger, eran unha teima de Piñeiro para dignificar, como testemuña o feito de manifestar a súa satisfacción persoal pola versión do *Macbeth* de William Shakespeare que realizou Fernando Pérez-Barreiro Nolla. Alén de lle recomendar algunhas correccións lingüistas, a conversa vaise centrar na insatisfacción persoal de Millán a respecto da edición (entre outras cousas por non ser bilingüe), feito que produciu un certo desencontro ocasional entre os dous intelectuais, como se amosa na derradeira das cartas que reproducimos, datada o 6 de outubro do 1971 e que remata con estas palabras conciliadoras de Ramón Piñeiro:

Ou sexa: dende o punto de vista cultural –que é o fundamental para nós–, a edición bilingüe é mellor e máis acaída; desde o punto de vista económico –que dentro de certos límites non podemos eludir–, o dobre texto duplica o coste. O problema, xa que logo, consiste en ponderar e conciliar estas cousas. Pero, querido Isidoro, esa ponderación farémola conxuntamente contigo, como cousa “común”. Non me digas “eu avéño-me ao que decidades”, porque a decisión será froito dunha fraternal deliberación, na que tanto ti como nós temos o mesmo punto de vista cultural. O que ocorre é que no lado económico do problema temos nós máis elementos de xuício e queremos intercambiar contigo. En fin, xa falaremos desto longa e ledamente cando veñades.

Por favor, meu amigo, escorrenta do teu ánimo eses pantasma que che tollen o lecer do traballo. Traballa con azos na Introducción e non relées as citas e textos latinos. ¿Sabes o que tes que facer? Percura unha botella de espadeiro cambadés para celebráremos o remate da Introducción. De paso que o celebramos lembraremos os versos de Cabanillas.

As cartas son de quen as escribe, deixémolo claro. Outra cousa é que dúas persoas *se carteen* (xa falara Pedro Salinas, o gran defensor da carta misiva e da correspondencia epistolar, “cartearse no es hablarse. Se necesitaba este verbo”). Ramón Piñeiro pode ser modélico escribidor de cartas ben feitas, case sempre manuscritas, plumeadas en cuartillas, con caligrafía impecable de quen tivo bo mestre na escola. Como documentos que son, supoñen un salto cualitativo, no uso escrito do galego culto, formidable; por máis que ao seren textos privados, a súa dimensión soamente chegará a amigos e a achegados. Sabe ben o que quere dicir, xa sexan cartas suasorias ou exhortativas, que de todo hai, polo que non se equivoca, case nunca. O sentido acompaña a escritura recta, sabendo o que vai buscar. Non por interese, que tamén, senón por convición. Home intelixente, sabe atinar, ter tino –tan difícil– para a palabra precisa e o seu ton adecuado, nesta hora e para este destinatario (vx. Darío Villanueva: “A carta socrática de Ramón Piñeiro”). Aquí, o pensamento de Piñeiro provén claramente da visión elitista (e idealista) de Ortega, queréndose arrodear dos mellores. Sabe ben, moi ben, que *apud Gallaicos* o primeiro é seducir, despois virá, se vén, o razoar, o convencer: o persuadir. Esa era a misión activista de Piñeiro a prol de Galicia, no galeguismo de novo cuño, metropolitano, variante culturalista do vello galeguismo de *irmáns*, agora xa non netamente político, algo morno e condescendente. Alguén dirá que os tempos non daban para máis, e porén, coidaban eles que o que facían ía máis alá do que, entón, se podería facer. Vamos dicilo doutro modo. No mediado do século Ramón Piñeiro está no centro dun grupo moi determinado, e escollido, artellado arredor da editorial Galaxia*, grupo no que actúa como intelectual orgánico –*more gramsciano*– con capacidade de influencia e potestade. Estamos a falar do que se chamou (ben e mal) piñeirismo e de todas as connotacións, acep-

cións e variantes que xa forman parte do glosario político e cultural do último medio século na historia galega.

Historia que precisaría aínda dunha decrúa, se é o caso : nin o 68 da Universidade compostelá, onde Piñeiro comeza a perder pé; non digamos o que en Galicia ferveu antes do 75 andado – cos pés por diante – ; o movemento obreiro, as folgas do 72, son, ou parecen ser, asuntos ausentes ou alleos ao quefacer político de Piñeiro, agora moito menos escoitado e, en todo caso, insuficiente ante uns aconteceres que a el – e aos seus – os sobordaron a eito. Algúns temos botado en falta a súa presenza pública en varios momentos decisivos antes da democracia, onde a firma de Ramón Piñeiro non apareceu, nunca, en ningún escrito de petición ou de exixencia reivindicadora de dereitos e liberdades. A conformación última de Realidade Galega, dun día para outro, non veu se non a confirmar e corroborar as carencias políticas do galeguismo como tal, e a falacia “que deu lugar a un achegamento cara aos galeguistas independentes en demanda de orientación”.

El, persoa honesta e entregue, patriota se os houbo, amigo certo, fiel a aquel quiasmo do seu “entusiasmo frío”:

“como se se vestise de si para despois”

Velaí un home – teima e vela – e a súa memoria inmarcesible


[A edición deste *Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952–1971)* non sería posible sen a contribución de dona Rosina Otero Abalo, condesa viúva de Quirós por vida. E pola liberalidade e a atención que dela temos recibido, polo celo con que garda o arquivo persoal de Isidoro Millán González-Pardo, de onde proceden as cartas que reproducimos con rigorosidade, amais dal-

gunhas dilucidacións nas notas a rodapé, non sempre de doada interpretación. A nosa gratitude.]

Luís Cochón e Miro Villar, Adoufe (Maía), xaneiro do 2009

* “Neste sentido quen tiña a mellor rede de subscritores, e sen dúbida ningunha a máis fiel e militante, era sen dúbida Galaxia, que era percibida como unha especie de sucedáneo do Partido Galeguista ó que había que apoiar por patriotismo. De feito, Galaxia era precisamente iso, e tiña unha clara estrutura de partido – mesmo territorial –, grazas á habilidade en tecer redes organizativas do seu secretario xeral, digo director literario Ramón Piñeiro.” [Darío Xoán Cabana (2008) *in* “X.M. Álvarez Blázquez, editor revolucionario”. *A Trabe de Ouro*, nº76, páx. IV/43].

II. Exergo



II. Exergo

A **PROPÓSITO** de Isidoro Millán González-Pardo (1922–2002), conde de Quirós, esta mínima nótula, semblanza lírica de quen foi mestre, compañeiro e amigo, que tivo e ten, que menos, en min inmenso recoñecemento. Os dous somos da Boa Vila. Chegounos un día ao Instituto, o curso xa andado, do 1959-60, para nos dar Grego, para facernos saber que o “broncíneo olifante” de Rubén Darío era unha trapallada, cando menos lingüística: ‘broncíneo’ e ‘olifante’ é dicir a mesma cousa, unha tautoloxía. Agasallounos co artigo “¡Abajo las lenguas muertas!”, en clave de antífrase, para *Teucro*, periodiquiño escolar impreso. Viña Millán cunha *vera effigies* que apenas mudou cos anos, unha calvicie, entón prematura, que levaba como se tal cousa e ata con elegancia e señorío que tiña de seu. Na clase asistíamos á aventura adoito fascinante do saber do novo catedrático, de *clave ben temperado*, as maneiras próximas e áxiles “à la page”, sagaces, nunha lingua clásica que se foi perdendo; o ensino humanístico dun home que tanto honrou a súa cátedra en tantos outros foros. Aquela súa dición, golosa das palabras do país, as xenuínas e patrimoniais. A escolla e coido que poñía ao falar nun galego que esmorecía xa na urbe. Presentou no Paraninfo a Otero Pedrayo: “Ergueito – don Ramón– sobor dos cons dos seus

dous apelidos” (estouno oindo). Comigo falou, falamos, sempre en galego, en toda ocasión. « Eu son persoa de orde, conservador e liberal, pero non da situación; nunca estarei coa Ditadura » tenme dito. « Teño outras lexitimidades que me afastan – *ex toto diametro* – do Réxime. Podo estar en cousas máis á esquerda ca vós ». (Nós eramos daquela uns mozotes rebeldes con causa e sen ela, que nos podería vir, a rebeldía, daquel “estou mastigando estrugas” ou das “gotas de sangue xacobina”). Durante máis de corenta anos de trato bastante, constante e diario cando coincidimos de profesores no Rosalía de Compostela. Cantas voltas non teremos dado *peripatein* naquel claustro do Colexio de San Clemente de Pasantes, no lecer académico. Cantas veces, unha pregunta, unha dúbida, aquela separata, procuraba eu a conversa para aprender. Sabido é que ‘alumno’ vén de ‘alimentar’: o mestre é o que mantén ao discípulo para que este creza en si. Sigo a ser alumno de don Isidoro, aquel sabio sempre arredor de Galicia e do galego e de tantas sabedorías: epigrafía e arqueoloxía, celtoloxía e lingüística paleohispana, lingüística galego-portuguesa, toponimia, temáticas xacobeas. Sempre tiña a man a explicación do nome de lugar polo que lle preguntabas. Estou a oír cando lle dixen que tiña eu casa en Adoufe (Maía): «De Adulfe, é un xenitivo de pertenza, xermánico ‘wolf’, ‘terra de lobos’. E a reviravolta: –Por veces na toponimia galega hai un cruce semántico entre lobo e raposo, o ‘golpe’». Teño mente de achegar nun volume os nomes de lugar, que son moitos centos, para os que atopou étimo acertado. No 78 ou 79 non había Galego no ensino medio, recadei no Instituto un grupo de alumnos que quixeran asistir a clases de lingua e literatura galegas. Houbo para dous cursos para tres profesores: Menani Ríos Panisse, Isidoro Millán (bo era el para dicir non a cousas que lle portiñan) e eu mesmo que explicaba comento de textos. Digamos que foi unha actividade (fóra do horario lectivo de alumnos e profesores, e fóra do curriculum) se non prohibida, soamente tolerada pola

dirección do Centro. Pero como, ao cabo, os rapaces querían que lles figurasen as notas que foron merecendo, vímonos na obriga de buscar abrigo para o noso galego, en Galicia, no apartado: Segunda Lengua Moderna y Extranjera. Pode terse dado maior alleamento lingüístico neste país? Foi profesor – un alabar a Deus – das miñas filhas, ás que tanto quixo. Persoa preclara, Mestre, para todos, de gratísima recordación. En “Loito na lingüística indoeuropea”, *La Voz de Galicia*, 16-1-2003, X. Alonso Montero escribiu unha sentida nota necrolóxica, días despois do seu pasamento.

Por Real Decreto do 29.III.1984 El Rei de España rehabilitou na súa persoa a mercede do Condado de Quirós, concedido en 1716 polo Emperador Carlos de Austria a devanceiros maternos de seu. Para ostentar tal distinción é preceptiva a posesión de méritos persoais que excedan do ordinario. E moito máis, dicimos nós. Pénsese que, o *Curriculum* e a *Addenda ad prius curriculum* ocupan quince densas páxinas.

Iris Cochón Otero e eu mesmo, temos disposto para a imprenta un inédito de Millán, denso e moi traballado, que se ha chamar *Don Gaiferos de Mormaltán, X Duque de Aquitania*, por máis que o autor non deu completado o texto nin as notas.

Calquera dos alumnos de don Isidoro pode lembrar unha historia á que el adoitaba volver para que a lección quedare clara: Un príncipe céltico dos tempos de Numancia, a rexa e pequena Numancia, á que axudaron tribos galegas –escudo á par de lanza e lanza á par de escudo– na súa loita a morte contra Roma, cóntanos Paulo Orosio (*Hist.* V, 8, 1) que, ende que caiu a cidade no poder do sitiador, fora preguntado así por Escipión: –“E qué cousa fixo posible esta prolongada resistencia invicta e que logo vos destróisemos?” E Turesos, o

príncipe, contestoulle, lacónico: –“Facíanos invencibles a concordia; a discordia, esnaquizounos”.

No escudo que os alumnos do Instituto de Pontevedra levabamos cosido no peto do uniforme, unha pequena lenda: REPLE*CORDIS* INTIMA*, coa que queda dito todo. [L. C.]

* Unha tradución podería ser: “Enche o máis íntimo do corazón”.

III. Cartas



III. Cartas

[0]

[Carta mecanoscrita de Isidoro Millán
a Ramón Piñeiro]

Madride, 4 Abril, 1952

Sr. D. Ramón Piñeiro

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Querido Piñeiro:

Cabanillas entregóume xa van días a túa carta. Si non lle dín arestora resposta fói porque inda non decidira si estes días da Semáa Santa habería de ir â Terra ou quedar na Vila e Corte. Na primeira das posibilidades, avisaríache con tempo, en conformidade c-o que me esquirbéche. Ô cabo, non vou; pro, sendo así, non quero deixar de acusar recibo da túa, inda que che pareza tardeiro.

Agradézoche, primeiro que ren, que fagas conta de mín pra estas consultas e mostres consideranza da miña opinión. Xa podes supór o agrado que me causa que tí, cuio criterio sei estimar no moito que val, xuzgues que as suxeencias encol da tarefa lingüística son prácticas e axeita-

das a este intre e circunstancias. Esto é o principal. De sonos, podemos estar fartos e aborridos todos nós. Si algo hai facedeiro, fagámolo.

Con toda verdade diréiche que eu endexamáis tiven optimismo de abondo tocante ao acollemento que poidan obtér as nosas propostas. Coido que han surdido moitas dificultás. Máis d-unha, moi razoábel. Pro, andando tí no medio, “home de entusiasmo frío”, asegún n-unha ocasión ouvínlle calificar a Cabanillas, pra mín é obrigado prestar a miña axuda, pequena como éla é, e, ao xeito da sentenza paulina, “in spem contra spem credere”².

Que tí deberas pertencer ao grupo investigador³ (séi, craro está, que non son quén pra “determiñálo”), paréceme cousa evidentísima. O máis importante da vocación lingüística coido que é unha bóa mesturanza do “esprit de finesse et esprit de geometrie”⁴, de que eres abondado. Engádesse que coñeces dende neno o galego vivo d-unha comarca interesante⁵, que o escribes c-unha nitidez, riqueza e fermosura antolóxica (non me canso de leer a “Carta

² (Rom. IV, 18), fragmento da Epístola de San Paulo aos Romanos, «crer na esperanza contra a esperanza mesma».

³ Fai referencia ao grupo de investigación filolóxica que se trataba de artellar arredor de Galaxia e do que tamén se vai falar en próximas cartas.

⁴ Cfr. FERRATER MORA, JOSÉ (1979), *Diccionario de filosofía*, Madrid: Alianza Editorial, Tomo segundo, pp. 1021-1022. «En los Pensamientos, de Pascal (fragmento 21 de la [1022] edición de Jacques Chevalier), se encuentra una célebre distinción entre el espíritu de geometría y el espíritu de finura (esprit de finesse), que podría llamarse asimismo «espíritu de sutileza».

⁵ Láncara está dentro «Val do Neira», cuxa maior parte adoita encadrarse dentro do Mapa Dialectal do Galego Actual no que Fernández Rei denomina «Bloque Central (II), Área Lucu-Auriense (E)», aínda que se atopa nos lindes doutras isoglosas e fai que a súa fala teña unha caracterización abondo complexa. Cfr. FERNÁNDEZ REI, FRANCISCO (1990), *Dialectología da lingua galega*, Vigo: Xerais.

a A. Cunqueiro”⁶), que téis moitas proporcións para percorrer as bisbarras investigábeles...– Xunto //⁷

d-aquelas primeiras condicións, a técnica lingüística, mester de artesanía, vale pouco e adiquírese n-un pulo.

Basta de léria. Recibe a miña felicitación pol-o número 3 de “Grial”⁸, cáse-que todo él óptimo. A máis da túa carta, gustáronme moito os contos de Manoel María. Da tesis de Pedro Abuín⁹, encol do realismo da Pardo Bazán, disinto c-o

⁶ Cfr. PIÑEIRO, RAMÓN (1974), «“Carta a Álvaro Cunqueiro, trovador galego, falándolle dos males presentes de Europa e do seu remedio, desde a ladeira dun castro lugués” (1951)», *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974. [Este volume xunta un total de corenta e oito artigos e cartas que xa foran publicados en xornais e revistas entre os anos 1949-1973]. Véxase tamén *Diálogos na nebra: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra* de Manuel Forcadela (2005), un traballo clave en certo sentido. *Cadernos Ramón Piñeiro*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades.

⁷ Doravante indícase sempre coa dobre barra // o cambio de páxina no texto.

⁸ Non se refire a *GRIAL*, *Revista Galega da Cultura* cuxo primeiro número publicado levaba a data de xullo – agosto – setembro de 1963, senón á unha primeira tentativa da década anterior, os cadernos da *COLECCIÓN GRIAL*, en concreto o que tiña como título *Presencia de Curros y Doña Emilia* (1951) que incluía textos de Ricardo Carballo Calero, José Luis Varela, Pedro Abuín [pseudónimo de Domingo García-Sabell], Manoel María, Xesús Alonso Montero, Angel [sic] Fole, Concha Castroviejo, Salvador Lorenzana [pseudónimo de Francisco Fernández del Riego], Xosé Luís López Cid, Ramón Otero Pedrayo, Andrés de Cernadas, Ramón Piñeiro, Florentino López Cuevillas e Xosé María Álvarez Blázquez.

⁹ Cfr. GARCÍA-SABELL, DOMINGO (*Pedro Abuín*) (1951), «El realismo de doña Emilia Pardo Bazán», *Presencia de Curros y doña Emilia*, Colección Grial, Vigo: Galaxia, s. a. pp. 45-54. Cfr. PIÑEIRO, RAMÓN (1974), «Carta a Pedro Abuín», *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia, 1974. p. 40. Pedro Abuín era un pseudónimo valleinclanescos que agochaba a sinatura de Domingo García-Sabell.

meirande respecto.— Pro, en fin, todos os traballos son d-unha grande dignidade.

Recibe un abrazo do teu bóo amigo e paisano:

Isidoro [sinatura manuscrita]

Mando las señas un poco escuetas, porque ignoro tu dirección en Santiago [nota manuscrita]

[1]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Santiago¹⁰, 13 – 11 – 1952

[Sen nome do destinatario]

Meu querido amigo:

Fai dous meses que estiven ahí en Madrid e non te puiden ver porque non tiña as túas señas. Craro está que por isas datas estarás atafegado dabondo cos eisámenes. Agora fíxenme co-as señas por medio de Cabanillas e quero aproveitar pra che poñer unha liñas.

En pirmeiro termo pra che decir que os informes e plans de orgaización do estudo filolóxico da língoa galega que tí fixeras e que nós enviamos a América acompañados de outros informes persuasorios, comenzan xa a dar froito. Non soio os tomaron en consideración senón que pensan seriamente en levalos adiante. Hai, naturalmente, dificultás de tipo práctico que non dependen da vontade d-iles. Con todo,

¹⁰ É a única ocasión que Ramón Piñeiro escribe Santiago, despois sempre Compostela.

temos razóns pra crer que é cuestión de tempo o resolvelas. Pol-o de pronto xa desñaron unha persoa d-eiquí que se faga cárrego, como depositario, de todo o material científico que se acade. O desñado é Paco del Riego, que está moi ben elixido, pois ademáis de ser sumamente escrupuloso tamén é sumamente dilixente. Queren que se comence xa a adquisición da bibliografía científica, operación que soio está retrasada pol-as dificultás técnicas que presenta o manexo intercontinental do diñeiro. Nós non deixamos de man o asunto e non dubidamos //

de que as cousas faranse. Como eu estou enteirado pol-o Cabanillas de que mercaches a “Gramática comparada das línguas románicas”¹¹, de Meyer Lübke¹², ocupareime de que isa seña a pirmeira obra que se adequira e n-ise caso xa se che aboará o seu importe. Máis nos gustaría que todo isto se poidese facer de maneira automática, pro tí ben comprendes que na realidade sempre se tropeza con atrancos dilatorios.

E agora outra cousa: facemos mentes de preparar un novo tomo de ensaios (pol-o estilo do adicado a Rosalía¹³) adicado ó tema da saudade¹⁴. N-iste tomo irían sete ou oito traballos

¹¹ Refírese á *Gramática de las lenguas románicas* (1890-1902), publicada en catro volumes.

¹² Wilhelm Meyer-Lübke (o Meyer-Luebke) (Dübendorf, 1861 – Bonn, 1936), coñecido como o “príncipe dos romanistas”, lingüísta, romanista e hispanista de orixe suíza, pertencente á corrente da Neogramática. Adaptou o método comparatista de investigación do indoeuropeo ás línguas románicas. Autor de *Gramática de las lenguas románicas* (1890-1902), *Introducción al estudio de la lingüística romance* (1901), *Diccionario etimológico de las lenguas románicas* (1911) e *El catalán. Su situación frente al español y al provenzal* (1929), entroutras obras.

¹³ Referencia ao volume colectivo *7 ensayos sobre Rosalía* (Vigo: Galaxia, 1952). Alén de Ramón Piñeiro, co ensaio «A saudade en Rosalía», tamén colaboran no mesmo Ricardo Carballo Calero, Domingo García-Sabell, Rof Carballo, Carlos Maside, Celestino Fernández de la Vega e Jacinto de Prado Coelho.

nos que se estudará o problema dende distintos puntos de vista. O núcleo fundamental dos traballos será de tipo filosófico, pois o que se percura é promover o desenrolo de un pensamento xenuinamente galego. Agora que a filosofía europea anda esforzándose por incorporar a realidade sentimental do home ó cerne mesmo da filosofía, nós ben podemos contribuir a isa tentativa. Mais ocorre que n-iste esforzo, unha das dificultás pirmeiras é o da fixación do vocabulario mesmo. O vocabulario afectivo–sentimental adoita ser equívoco e impreciso, pol-o que se presta a moitas confusións conceituás. Eiquí resulta moi proveitosa unha axudiña da filoloxía ¿Non coidas tí que sería moi oportuno que ó tratar de desenvolver un pensamento galego baseado na propia esperiencia sentimental, fixérase un esforzo inicial de crarexamento e fixación do vocabulario sentimental do noso idioma? Por iso un dos ensaios do tomo consagrado a estudar a saudade debe de ser de tipo lingüístico. Eu pensei que tí poderías facelo moi ben e conféseche que me gustaría moito que o fixeses¹⁵. Viría a ser unha especie de estudo etimolóxico–semántico das verbas máis importantes que se usan para a espresión das nosas vivencias sen-//

timentás (saudade, morriña, melancónía –ou malencónía–, señaardá, anguria, arela, anceo, degaro, etc., etc.). Non sería pra ti demasiado difícil e contribuiría a crarexar e

¹⁴ Publicouse meses despois co título *La Saudade: ensayos* (Vigo: Galaxia, 1953). A obra incluía os textos de Ramón Piñeiro «Pra unha filosofía da Saudade», Domingo García–Sabell «La Saudade por dentro», Luis Tobío «Arredor da Saudade», Juan Rof Carballo «Jonás y la Saudade», F. Elías de Tejada «La Saudade desde una posible sociología existencialista», Xesús Alonso Montero «Filoloxía e historia cultural da verba *Saudade*», Manuel Vidán «Peregrinación filo–sófica al Santuario de la Saudade» e Salvador Lorenzana [pseudónimo de Francisco Fernández del Riego] «Teorías interpretativas da Saudade».

¹⁵ Porén o texto de Millán sobre esta cuestión nunca chegou a escribirse, pois non figura entre a súa densa bibliografía.

a precisar a siñificación de cada un d-ises termos, que moitas veces identifícanse, por exemplo saudade e morriña, cando eu coído que son cousas distintas. Si te arrimases, terías deica pirmeiros de febreiro pra o preparar. Señá o que señá a túa decisión, non deixes de me poñer dúas letras comunicándoma. Agradézoche que, si pode ser, non-o demores moito.

Gustoume moito o teu artigo “A língoa galega e a Filoloxía” que se publicou en GALICIA de B. Aires¹⁶. Sei que alí tamén gustou moito, cousa ben natural, porque está escrito con gran craridade, moito rigor e, tamén, con fonda emoción.

Non sei si tiveches ocasión de ver as máis recentes publicacións de “Galaxia”. Ademáis dos “7 ensayos sobre Rosalía” saliu o nº 4 de Grial e máis o libro de Otero Pedrayo “Por os vieiros da Saudade”¹⁷. Agora está na imprenta unha antoloxía da nosa lírica medieval¹⁸ e logo irá unha tradución galega de unha obra filosófica de Heidegger¹⁹. Queremos demostrarlles a todos os que aseguran que a língoa galega soio sirve pra facer poesías e pra

¹⁶ Cfr. «A língoa galega e a Filoloxía», *Galicia. Revista del Centro Gallego*, ano XXXV, nº 466, Buenos Aires, Día de Galicia de 1952. Alén deste artigo de Isidoro Millán González-Pardo, neste número especial tamén se publican os artigos: «A laboura de Avantora» de Ramón Cabanillas Enríquez, «A obra mais urgente da galegitude: o Dicionario da Língua» de Manuel Rodríguez Lapa, «A língoa, Sangue do Espírito» de Ramón Piñeiro López e «Celtas e Románs Cantan en galego» de Ricardo Carballo Calero.

¹⁷ Cfr. OTERO PEDRAYO, RAMÓN (1952), *Por os vieiros da saudade: lembranzas e crónicas de un viaxe a Buenos Aires*, Vigo: Galaxia.

¹⁸ Cfr. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, XOSÉ MARÍA, ed. (1952), *Escolma de poesía galega, I, Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)*, Vigo: Galaxia. Edición, notas crítico-biográficas e glosario de Xosé María Álvarez Blázquez, Limiar de Manoel Rodríguez Lapa.

¹⁹ Cfr. HEIDEGGER, MARTIN (1956), *Da esencia da verdade*, Vigo: Galaxia. Tradución, Introducción e Notas de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro.

falaren os labregos que tamén sirve pra que falen as voces mais elevadas do pensamento europeo. Si Heidegger pode espresar o seu pensamento en galego, calquera galego que teña algo importante que decir poderá tamén espresalo na súa língoa. Pol-o menos compre que non se lle boten as culpas ó idioma.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro
Señas: Preguntoiro, 22, 1º
Santiago de Compostela

[2]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 2 – X – 1953

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Bonn am Rhein

Meu querido Isidoro:

Decontado que recibín a tua carta –que me entregaron con algún retraso– avisei a GALAXIA de que che remitisen os tres libros que tí me indicabas. Con moito gosto apresuráronse a cumprir o encargo e onte mesmo salíu un paquete por correo con nove libros (3 Antífonas, 3 Escolmas de Poesía e 3 dos contos de Fole)²⁰.

²⁰ Cfr. CABANILLAS, RAMÓN (1951), *Antífona da cantiga*, Vigo: Galaxia. Comentos filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo.

Non sabes canto me alegrei de recibir a tua carta. Comprendo que sintas poucas saudades. A tua atención está demasiado avencellada á realidade ambiental disa gran vila pra te deixar caír na gaiola estática da soedade íntima. Coido que a mín sucederíame o mesmo si me vira no teu caso. E fólgame de que seña así, pois unha crisis saudosa ahí ás beiras do Rín ten que ser unha cousa moi seria. Non hai dúbida de que a teñen padecido moitos poetas alemáns, mais por seren de ahí sempre a poderán superar millor que un que fora nado nas beiras do Miño ou do Lérez. Porque cada un ten o seu río propio ¿non cho parez? Craro está que hai pobos das montañas que non teñen río e teñen que se contentar con unha fonte, do mesmo xeito que en lugar de unha eirexa teñen que se conformaren con unha ermida ou unha capela. Como tí tes río propio, un río abondoso de ágoas e ribeiras ledas e fermosas, si tiveras que demorar moito tempo acarón do Rín rematarías por sentir saudades, fondas e duradeiras saudades.

No tocante á nosa ideal empresa lingüística en favor do idioma materno, fólgame de che poder anunciar que comenza a tomar corpo. Conto que dentro de iste mesmo ano poderemos acometer un plan de traballo positivo. Non penses que desistín de levar adiante a empresa, pois é demasiado esencial pra nós poder sentir desalento. As cousas produciranse diste xeito: en GALAXIA crearase unha seición especial adicada escrusivamente a temas de filoloxía ou de lingüística relacionados co noso idioma.

Cfr. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, XOSÉ MARÍA, ed. (1952), *Escolma de poesía galega, I, Escola medieval galego-portuguesa (1198-1346)*, Vigo: Galaxia. Edición, notas crítico-biográficas e glosario de Xosé María Álvarez Blázquez, Limiar de Manoel Rodrigues Lapa.

Cfr. FOLE, ÁNXEL (1953), *A lús do candil: contos a carón do lume*, Vigo: Galaxia. Limiar de Salvador Lorenzana [pseudónimo de Francisco Fernández del Riego], Cuberta e ilustracións de Xohán Ledo.

Publicáranse tomos de documentos galegos medievais (Crónica Troyana²¹, etc), publicáranse monografías lexicográficas recollendo o galego vivo das distintas zonas dialel-tás, etc. Tamén se percurarán promover estudos sobre a nosa sintaxis. Todos estes materias, que constituen as fontes do noso futuro gran Dicionario, deben de ser publicados sistemáticamente inantes de se poñer definitivamente a facelo. O soio feito –por outra banda necesario– de publicar todos estes materias abundará pra incorporar o galego, como materia de estudo, a todos os centros romanísticos do mundo. Coido que iste é o pirmeiro paso necesario. Podes confiar en que o daremos. Outra das cousas que faremos será reunir na propia GALAXIA unha biblioteca co material científico máis axeitado, pra o cal guiarémonos pol-a lista bibliográfica que tí fixeras. Aínda pode ser que che encomendemos algunha xestión relacionada con iste propósito. Xa ves, querido Isidoro, que as nosas arelas non se chegaron a esmorecer.

Non deixes de me facer todas as suxerencias que queiras, pois ben sabes canto estimo a tua opinión. Dispón incondicionalmente diste teu amigo que che envía unha aberta moi forte.

Ramón Piñeiro

²¹ Na altura tan só era coñecida unha edición anterior en Galicia. *Cfr.* MARTÍNEZ SALAZAR, ANDRÉS (1900), *Crónica Troyana, códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*, A Coruña: Martínez Salazar Editor.

Porén a proposta de Ramón Piñeiro non chegou a callar desta volta en ningunha publicación dos documentos medievais. De feito habería que agardar ata mediados da década dos oitenta para coñecermos unha edición crítica que supera en rigorosidade científica á anterior. *Cfr.* LORENZO VÁZQUEZ, RAMÓN (1985), *Crónica Troiana*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa-Real Academia Galega.

[3]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Lugo, 9 – VII – 1957

Sr. D. Isidoro Millán

Pontevedra

Querido Isidoro:

Como istes días pasados andiven de viaxe case contínuo, foi pasando o tempo sin che enviar os dous poemas de Novoneira que che tiña anunciado. Mándochos hoxe dende Lugo. Sinto non ter eiquí, pra cho incluír tamén o poema que adicou “Ós héroes da Hungría”²², escrito nos mesmos días da estremecente loita dos húngaros contra os rusos no outono pasado.

Estiven uns días en Vigo e alí coincidín unhas horas con Franco Grande. Fomos a Galaxia a percurar un exemplar do “Vieiro Choído”²³, que che quería enviar adicado. Aínda estaba a edición sin encuadernar e non tiñan ningún exemplar. Solo prepararan uns cantos pra levar a Santiago o 25.

Eiquí en Lugo preguntoume por tí Anxel Fole. Sabía que estiveras enfermo porque llo dixo Novoneira e mostrou moito interés por saber como estabas de saúde e de ánimos. Tamén me preguntou por tí o Celestino F. de la Vega²⁴, que che profesa, según vexo, unha gran simpatía intelectual.

²² A día de hoxe non temos noticia deste poema, que nunca debeu ver a luz, tampouco podemos precisar a que dous textos poéticos de Uxío Novoneira fai referencia con anterioridade. Millán xa tiña publicada unha importante reseña de *Os Eidos* en *La Noche*, 16-3-1957.

²³ Cfr. FRANCO GRANDE, XOSÉ LUÍS (1957), *Vieiro choído: Peza dramática en tres tempos e seis cadros*, Vigo: Galaxia. Malia o título trátase dun libro de poemas que fai o número inaugural da colección Illa Nova destinada a autores noveis e que descubriu moitas das voces máis importantes da nosa literatura.

²⁴ Celestino Fernández de la Vega.

Mañán irei ás terras nativas de Láncara. Según acaban de me decir, un fermoso pazo que alí hai mercárono uns alemáns e xa viven nil. Teño curiosidade por saber que raios pensan facer alí.

Xa lle comuniquei ó poeta do Caurel que neste mes estarás por Compostela ou por Pontevedra.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

[4]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 3 – IX – 57

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo

Pontevedra

Querido Isidoro:

Onte pola noite cheguei eiquí de volta das vacacións. Atopeime, xunto con outras de varios amigos, co-a tua carta do día 30. Hoxe mesmo pídolle a Paco²⁵ a convocatoria do Concurso do Centro Gallego²⁶ e mandareicha en canto a teña no meu poder.

²⁵ Hipocorístico de Francisco Fernández del Riego, correspondente en Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires.

²⁶ Cfr. *Galicia. Revista del Centro Gallego*, nº 496, Buenos Aires, xullo–agosto do 1957. Nunha nota da «Sección de Cultura» dáse conta dos galardoados na edición do ano anterior (entre eles Ramón Lorenzo Vázquez, Ramón Lugrís Pérez, Francisco J. Río Barja, José Luís [sic] Méndez Ferrín ou Víctor Luis Molinari), e faise pública a convocatoria dunha nova edición, que era a información que lle solicitaba Millán a Piñeiro.

Entre as cartas que tiña eiquí había unha de Ramón Cabanillas, que por certo me fixo unha fonda impresión polo decrebamento espritoal e físico que refrexa. Coma sempre, anúnciame unha próisima visita á Terra pra nos dar unha aperta. Teño unha boa nova que che dar: a edición das súas “Obras Completas”²⁷ está na imprensas a toda marcha. Quizáis dentro dun mes haberá xa exemplares. Ben sei canto che praxe esta noticia.

²⁷ Principia aquí unha longa serie de referencias á publicación destas Obras Completas. Porén, isto non vai acontecer ata dous anos despois, tal e como lemos no colofón: «*A Obra Completa* de Ramón Cabanillas, rematouse de imprimir o día 12 de novembro de 1959 na Imprenta López, Perú 666, Buenos Aires, ó coidado de Luís Seoane i Eduardo Blanco-Amor. A máis da tirada corrente de 2.000 exemplares, imprimíronse 200 especiaes numerado do 1 ó 200 e firmados polo Autor». Cfr. CABANILLAS, RAMÓN (1978), *Obra Completa*, Buenos Aires: Ediciones Galicia, Centro Gallego de Buenos Aires, Instituto Arxentino de Cultura Galega. A monumental obra, de 940 páxinas, ábrese coa necrolóxica intitulada «MORTE DO POETA»: «Poucas datas denantes de ter saído da imprensas ista primeira edición da *OBRA COMPLETA* de Ramón Cabanillas, falescéu o insine poeta, en Cambados, pobo da súa naseencia, o día 9 do mes de Santos. Morre sin ter cumprido un dos degaros máis anceiosos da súa vellez, como era o ver xunta a Obra de toda a súa vida –cuio inicio ocurréu na emigración, co libro “No desterro”–, publicada polos seus irmaos emigrantes, ós que tanto amóu e comprendeu.

Tampouco chegaron a tempo ás súas maus os 200 plegos da presente tirada, que estaban destinados ós volumes numerados e firmados polo autor, dos que se dá noticia no colofón respetivo.

O CENTRO GALEGO DE BUENOS AIRES, ó deixar testemuña distas circunstancias, rende póstumo homaxe á memoria do grande lírico i esgrevio cidadao; dóise de que os esforzos que esta edición sinifica, non chegasen ó seu remate en prazo pra darlle a satisfaiación de que era ben merecente, e fai constar que a demora desta edición, débese á intolerancia dos que impediron que houbese aparecido no decurso do pasado ano de 1958, na terra natal, como se tiña proieitado».

A obra leva unha «NOTA DO COLECTOR» da autoría de Francisco Fernández del Riego e unhas «NOTAS SOBOR DA OBRA DE RAMÓN CABANILLAS» de Ricardo Carballo Calero.

Fíxome boa gracia a estampa de Castroviejo²⁸ en Cambados. Como é bastante inclinado a aitar teatralmente, esa pintoresca caracterización de San Roque rexionalista e bébedo causaríalle grandísimo pracer.

Outra das cartas recibidas eiquí durante a miña ausencia é do Vidán²⁹. Está en Madrid preparándose pra opositar ó corpo administrativo de Educación Nacional. Xa nomearon o tribunal. Por si tiveses medio de o recomendar a algún dos que o integran, comunícoche os nomes: Presidente, Valentín Andrés Alvarez; Secretario, Manuel Salvadores Poyan (Xefe de Negociado de Universidades); Vocales: Carlos Ruiz del Castillo, José Valenzuela Soler

²⁸ XOSÉ MARÍA CASTROVIEJO BLANCO-CICERÓN (Santiago de Compostela, 1909 – Tirán, Cangas do Morrazo, 1983). Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras, foi docente da Universidade de Santiago de Compostela, porén acadou notoriedade polo xornalismo, chegando a ser director do xornal *El Pueblo Gallego*, ata o seu cesamento por enfrontamentos coa censura franquista. Participa na guerra civil sendo ferido gravemente en combate. Do seu paso polo fronte trouxo o seu segundo libro de poemas, *Altura* (1939), que inclúe un espléndido cántico alexiáico a Federico García Lorca. Como escritor en lingua galega, salienta o seu libro de versos *Tempo de outono e outros poemas* (1964) e as narracións das *Memorias dunha terra* (1973), aínda que con anterioridade publicou importantes obras en castelán: *Los paisajes iluminados* (1945); *La burla negra* (1955); *Teatro venatorio y coquinario gallego* (1958, en colaboración con Álvaro Cunqueiro); *Galicia: guía espiritual de una tierra* (1960) ou *Viaje por los monte y chimeneas de Galicia* (1962, tamén en colaboración con Cunqueiro).

²⁹ MANUEL VIDÁN TORREIRA (Santiago de Compostela, 1924). Licenciado en Dereito e Filoloxía Románica, foi catedrático de Latín e ocupou diversos cargos na Xunta de Galicia, entre eles o de Director Xeral de Cultura. Desde 1953 a súa actividade galeguista centrouse en acadar a oficialidade do galego na liturxia católica, de aí a súa sección «Liturxia sagra» no xornal *La Noche* (1964-1965). Autor do ensaio «Peregrinación filosófica al santuario de la saudade», incluído no volume *La saudade* (Vigo: Galaxia, 1953) e especialista no pensamento filosófico de Amor Ruibal.

(Catedrático de Dº Administrativo), Juan Peñafiel Alcázar (Xefe de Administración na Sección de Creación Escolar). Pra o amigo Vidán, dada a situación vital en que se atopa, resúltalle de enorme importancia o ganar esta oposición. Convíñanos moito que sacase plaza. Si algo podes facer, non te esquezas de o poñer en marcha. Polo de agora somentes fixemos xestión con Ruiz del Castillo³⁰.

Xa teño ganas de que veñas. Boto de menos as nosas parrafadas.

Unha aperta moi forte do teu incondicional amigo

Ramón Piñeiro
Lembranzas de Isabel.



Isidoro Millán González-Pardo

³⁰ CARLOS RUIZ DEL CASTILLO (1896-1984). Foi catedrático de Dereito Político na Universidade de Santiago de Compostela, da que chegou a ser Reitor.

[5]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 18 – X – 57

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid

Meu querido e lembrado Isidoro:

De volta de Lugo, a onde fomos uns días por mor do San Froilán, atópome eiquí co-a tua carta do día 10. Xa sabía que estabas en Madrid e tiña grandes desexos de saber algo das tuas impresións de opositor. Comprendo que a política interna do tribunal e as circunstancias concretas da oposición non están “a priori” da tua parte. Con todo, moitas desas circunstancias poden ir variando no curso da oposición e, sobre todo, hai unha cousa ben segura: tí deixarás ben alto o teu papel de opositor preparado. De agora en adiante terán que cotizar “oficialmente” o teu peso de helenista competente e acreditado.

Estaba ó tanto da doenza e da milloría de Cabanillas. Tamén me enterei, fai oito días, da interrupción dos envíos de Alvaro³¹, pois Ramón (fillo) díxollo, o mesmo que a tí, a Otero

³¹ ÁLVARO GIL VARELA (Lugo, 1905 – Madrid, 1980). Vello galeguista, residía en Madrid e exerceu o mecenado sobre moitas iniciativas culturais galegas. Entre elas, alén de soste economicamente a Cabanillas ou a Virxinia, a dona de Castelao, era quen ía pagar a edición do volume *Antifona da cantiga* que logo publicaría Galaxia. «Xa impreso o libro –na Imprenta Saéz, calle del Buen Suceso, 14– fúndase Galaxia, momento no que Álvaro Gil concede a honra da edición á editorial viguesa, que, desde xeito, aforra diñeiro e inaugúrase cun autor que é, en vida, un clásico. Non estraña que Cabanillas lle dedique estas páxinas “A Álvaro Gil Varela, que suxereu e dou pulo a este traballo, con vivo e fondo sentimento de irmandade». Cfr. ALONSO MONTERO, XESÚS (2003), «Isidoro Millán: letras clásicas, letras galegas», *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, pp. 229.

Pedrayo cando estivo fai un mes en Baracaldo a ver ó poeta. Eu non tiña coñecemento algún desa “suspensión”, cousa tanto máis rara canto me consta que Alvaro ten un gran afecto por Cabanillas. Agora é un intre malo pra creaxer iste asunto con Alvaro porque a fins de mes cásaselle a filla –filla única–e andará moi absorbido polas obrigas e ocupacións derivadas de tal acontecemento familiar. Pasado o acontecemento, acrararemos o asunto e xa te informarei puntualmente.

Xa sei que os fillos desexan trasladar a Cabanillas pra Galicia. Sei tamén que íl “prefire” estar en Baracaldo co-a filla. Problema difícil. Si relamente íl tivera algún desexo de vivir en Galicia, dificultás non tiña pra elo, pois o seu fillo Manolo ven loitando dende fai anos pra que se veña con íl. Contra todo o que poida parecer, en Betanzos estaría moi ben, moito mellor que en Cambados: casa folgada, cómoda e tranquila; matrimonio sin fillos (o poeta non ten pacencia pra convivir ou soportar rapaces novos, como son os seus netos); unha nora garimosa. Non tería nada de que se preocupar. Hai alí rapaces novos afeitos ás letras que teñen gran admiración por íl e que lle farían tertulia moi felices. Estaría pertiño da Cruña, onde tamén ten amigos. Sempre que pasemos por alí –e Betanzos é lugar de paso– parariamos a velo ¿Por qué en Betanzos iba ter saudades de Cambados si en Baracaldo non-as ten? Porque a realidade é que Cabanillas, afeito a vivir fora de Galicia, non sente ningún problema especial relativo ó contaito “físico” co-a Terra. Os fillos pensan na súa morte fora de Galicia. Todos pensamos neso. O único que non pensa, afortunadamente, é o propio Cabanillas. Digo afortunadamente porque non é de desexar que se preocupe da súa propia morte. O único certo e positivo é que Cabanillas, máis que o lugar xeográfico de residencia o que de veras desexa e lle importa é vivir cabo da súa filla Luisa. Si Luisa viñese pra calquera sitio de Galicia íl viría encanta-

do, como iría encantado pra Madrid ou pra León si ela se trasladase pra calquera dises sitios. Esa é a verdade.

O panorama familiar que me trazas tocante ás dúas fillas de Cambados e á casa que alí teñen e que en tempos foi o fogar do poeta, érame case presentido. Agora eu preguntóche a tí, home de fonda sensibilidade humán: ¿coidas que non sería unha crueldade lamentabel o mergullar a Ramón, ós 81 anos de idade, no medio desa triste realidade familiar cambadesa que tan ben me describes? ¿Non sería amargarlle ós derradeiros anos ou meses de vida no contaito forzado con esa realidade tan pouco outimista? ¿Non será mesmamente por fuxir desa realidade polo que tan teimosamente se afinca en Baracaldo cabo de Luisa? Querido Isidoro: tí e máis eu somos dous sinceros e devotos amigos e admiradores de Ramón ¿Non coidas que debemos meditar unha miga antes de axudar a trasladar ó poeta a Cambados, co cal pódese cometer unha crueldade inconsciente? Pídoche que repares nise aspeito do problema. A min paréceme que o prantexamento máis ouxetivo do problema é o seguinte: Cabanillas ten que vivir necesariamente na casa de algún dos seus fillos. Soio dous o poden ter nas condicións de tranquilidade e acougo que os seus anos e achaques requiren: ou Luisa ou Manolo. Luisa vive fora de Galicia. Manolo vive en Galicia. Si se quer que o poeta viva e morra en Galicia, debe vir pra Betanzos. Ora, íl non se prantexou o problema do lugar da sua morte e prefire abertamente vivir con Luisa. O punto de vista do fillo Ramón —que se veña pra Cambados— é, ó meu ver, o que máis pode contrariar os desexos íntimos do interesado. A proba é que se nega rotundamente.

Todos os amigos e admiradores de Cabanillas preferiríamos, efectivamente, que pasase eiquí o que lle reste de vida e que eiquí morrese. Mais é un problema no que se entrelazan moitas circunstancias de orde familiar que difi-

cilmente se poden valorar dende fora. E, craro está, a vontade do poeta tamén hai que a ter en conta.

Na idea da homaxe a que aludes pensarei con todo fervor e agarimo e comunicaréillela a outros amigos –Otero, Domingo [García–Sabell], etc.– cuio consello mereza terse en conta. Xa te informarei. Hoxe escriboche a toda presa porque, debido á nosa ausencia, a tua carta leva xa varios días eiquí.

Tamén acrarei oportunamente o de Alvaro e te informarei.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu bo amigo

Ramón Piñeiro

[6]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 24 – X – 57

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo

Madrid

Benquerido Isidoro:

Acabo de recibir a tua carta. Agradézoche moito a rapidez con que me informaches da decisión tomada por Cabanillas de se trasladar a Galicia. Trátase dunha noticia moi grata pra todos e que a mín encheume de fonda ledicia. Así poderémolo ver de vez en cando. Ademáis, sendo como é o patriarca das letras galegas a súa presenza na Terra parece que conforta a cantos nos preocupamos pola vida da nosa cultura.

Pídesme que che acrare o papel de Alvaro e demandas total craridade. Así o farei, pois xa terás notado que che veño falando con unha transparencia fiducial absoluta, único xeito

diño de corresponder á tua sinceridade. Veleiquí os feitos: Cando andabamos facendo os difíciles esforzos iniciás pra constituír Galaxia –que se constituíu e funciona a base do sacrificio desinteresado de moitas modestas aportacións–, Alvaro decidíu ofrecerlle a esta editorial, daquela embrionaria, a edición da “Antífona” de Cabanillas, que íl financiaría particularmente. Acollemos o ofrecemento con entusiasmo e gratitude, posto que, naquiles intres, tal ofrecemento era pra nós motivo de gran alento. Logo Cabanillas, con moi bó tino, quixo avalorar a obra con unha colaboración tua³² que viña ser una novidade cultural en Galicia. Alvaro acolleu a suxerencia con todo agarimo e deu ou estaba disposto a dar todas as facilidás necesarias pra que a tua colaboración se levase adiante. Nós, como podes supoñer, felices de que a primeira obra que iba salir co siño de Galaxia tivese o dobre interés –poético e filolóxico– que a colaboración Cabanillas – Millán lle garantizaba plenamente, como demostraran os feitos, e que a xenerosidade de Alvaro poñía nas nosas mans de modo inmediato.

Cando a obra estaba impresa, millor dito, imprentándose en Madrid, tivemos unha xuntanza en Compostela pra orgaizar Galaxia (o 30 de Nadal do ano 50) á que asistíu Alvaro pra nos facer entrega oficialmente da edición da “Antifona”. Naquela xuntanza, o mesmo Alvaro, espontá-

³² Cfr. CABANILLAS, RAMÓN (1951), *Antífona da cantiga*, Vigo: Galaxia. Comentos filolóxicos de Isidoro Millán González-Pardo. «Foi Cabanillas quen lle encomendou a Isidoro Millán a tarefa de “bucear” nas orixes de “cento e pico de verbas empregadas na *Antífona da cantiga* (p. 173), e así o fixo o novo filólogo nun estudo que é un diccionario etimolóxico e o primeiro vocabulario monolingüe (galego-galego) da nosa lexicografía. Encabézaos o autor cunha cita, moi axeitada, do *Onomástico* do Padre Sarmiento, lingüista sobre o que, anos despois, publicará algúns artigos». Cfr. ALONSO MONTERO, XESÚS (2003), «Isidoro Millán: letras clásicas, letras galegas», *Boletín da Real Academia Galega*, nº 364, pp. 229. En edicións posteriores os “Comentos filolóxicos” foron suprimidos.

nea e libérrimamente, díxonos o seguinte: “Cabanillas é un home que está necesitado. Galaxia, naturalmente, carece de medios para o axudar. Eu encárgome de lle entregar mil pesetas mensuales. Ora, a Cabanillas non se lle pode, de xeito ningún, entregar esta cantidade como unha dádiva. Hai que llo entregar como un soldo de algo. Eu propoño vos que se lle comunique por parte de Galaxia a Cabanillas que foi desinado pra tal ou cal cargo e que se lle abonarán mil pesetas mensuales. O único que vos prego é total reserva, a fin de non humillar a D. Ramón dándolle a sensación de que percibe unha esmola”. Durante seis anos seguidos, Alvaro cumpríu puntual e discretísimamente a súa promesa, desligándoa sempre das alternativas das súas relacións personás con Galaxia ó longo dises seis anos. O feito de que, sin espricación ningunha, dende Nadal do 56 non continuase enviándolle as mil pesetas, é cousa que eu non sei interpretar, porque non hai motivo nin razón pra que cambiase a súa estimanza por íl. Polo mesmo, tratarei de acrarar o motivo, mais con oportunidade e tino como corresponde á natureza e circunstancias do asunto. A conducta de Alvaro con Cabanillas ten sido espontáneamente xenerosa i exemplarmente discreta. Iste comportamento, tomado na súa integridade, foi sempre unha razón de moitísimo peso no meu ánimo nas ocasións en que, por uns ou por outros motivos, atacouse diante de min a Alvaro. Un deber de decencia moral obrigábame a defendelo, tanto máis canto que debía gardar absoluta reserva sobre os motivos da miña defensa. Non preciso de che decir que todos istes datos son pra o teu personal i escrusivo coñecemento, pois xa ti te decatás perfeitamente.

No tocante ó lado intra-familiar do problema Cabanillas, ademito plenamente e sin reservas o teu punto de vista e reitifico o meu anterior, sin duda completamente erróneo. Alégrome de todo corazón que veña encantado pra Cambados. Os datos que eu tiña, naturalmente, non

eran inventados por mín. Fóranme facilitados en diversas ocasións por Fermin Penzol³³, gran amigo meu e gran amigo de Cabanillas dende fai moitos anos. Era a miña fonte de información máis achegada ó poeta. Comprendo que tí tes máis elementos de xuício sobre tan delicado problema e acepto totalmente o teu parecer sobre o particular. Comprendo que che resulte embarazoso referirte ás circunstancias internas do asunto. Non tes necesidade ningunha de o facer porque conozo ben o teu siso e sei que endexamais xuzgas á lixeira. Non hai pra que falar máis.

Con escrupulosa fidelidade prantexarei a tua suxerencia de homenaxe ós amigos Otero Pedrayo, García-Sabell e Fermín Penzol. Informareite do seu parecer sobre o particular. O único que che anticipo é que esto levará algún tempo porque Fermín está en Castropol i-é moi pouco amigo de contestar cartas. Como pensa vir uns días a Santiago a que se opere de amígdalas a sua muller, será unha boa oportunidade pra tratar conxuntamente entre todos iste asunto, que eu, pola miña parte, non poderei esquencer polo moito interés que teño nil. Entramentres, tí podes suxerir tódalas iniciativas que queiras na seguranza de que lles darei curso da millor maneira que seipa e poida. Tamén convén que ademitas, a priori, a lexitimidade dun enfoque menos apaixonadamente subxetivo do asunto, sin que por eso seña menor o interés real na sua solución positiva. Eso non quer decir, nin moitísimo menos, que non seña lexítimo o teu modo persoal de abordalo. Non soio é lexítimo senón que fundamente simpático, polo menos pra min.

³³ FERMÍN FERNÁNDEZ PENZOL-LABANDERA (Sahagún de Campos, 1901 – Santiago de Compostela, 1981) foi un xeneroso mecenas da Editorial Galaxia, alén de conseguir xuntar unha das grandes e máis importantes bibliotecas galegas, que hoxe forma parte da Fundación Penzol en Vigo. *Cfr.* PIÑEIRO, RAMÓN (2001), *Fermín Penzol*, Vigo: Galaxia. [Minilibro. Edición non venal. Reproduce o artigo «A personalidade política de Fermín Penzol» publicado en *Grial*, nº 73, Vigo, xullo-setembro de 1981. Monográfico dedicado a Fermín Penzol, pp. 279-288].

Nefeito, ahí están 3 rapaces facendo a seición de Románicas: Méndez Ferrín (que ten grego con Adrados³⁴), Lorenzo Vázquez e mais Bernardino Graña. Distes tres podemos confiar en que algún farase bó lingüista. teño moita confianza en Lorenzo nise orde de cousas, porque é moito máis sistemático e disciplinado. Os outros dous son moi intelixentes e poden facer, si queren, unha brillante carreira, pro temo que teñen menos vontade de estudo. Si podes orientalos, non deixes de o facer.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón Piñeiro

[7]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 20 – XI – 57

Sr. D. Isidoro Millán González-Pardo
Madrid

Querido e lembrado Isidoro:

Camiño de Cambados, pasou por eiquí Ramón Cabanillas acompañado do seu fillo Manolo. Fórono buscar a Baracaldo no coche de Javier Pardo³⁵, dormiron en

³⁴ FRANCISCO RODRÍGUEZ ADRADOS. Licenciado en Filología Clásica pola Universidad de Salamanca en 1944 e Doutor no mesmo ano pola Complutense de Madrid, catedrático de Grego desta última entre 1952 e 1988, dirixiu o Departamento de Grego da UNED entre 1972 e 1976. Actualmente é Presidente de Honra da Sociedad Española de Estudios Clásicos e da Sociedad Española de Lingüística. Salientan os seus estudos e traducións das literaturas grega, latina e india, alén de ser experto en lingüística incoeuropea e director do maior proxecto lexicográfico de un diccionario grego-español. Isidoro Millán foi con el profesor axudante.

³⁵ JAVIER PARDO. Parente de Millán pola rama materna, a cambadesa.

Castropol na casa de Fermín Penzol e logo demorou oito días en Betanzos co fillo. Eiquí somentes parou unhas horas, as necesarias pra visitar á filla, pra xantar, pra tomar café cos amigos e pra que o mirase Domingo na clínica. Ten unha tensión moi alta. De tódolos xeitos agora xa se coida Domingo de exercer unha vixilancia constante e poñer tódolos recursos da ciencia ó seu servizo.

Inda que gardei silencio, non vaias pensar que me esquencín das nosas preocupacións comúns arredor da situación económica do noso gran poeta e gran amigo Cabanillas. Ocupeime do asunto, soio que eu prefiro a eficacia calada. Con todo, no teu caso non podo de ningunha maneira deixar de te informar detalladamente de todo. A miña primeira solpresa foi comprobar iste vran, ceando en Vigo con Illa³⁶, Alvaro díxolle que seguía enviándolle a Cabanillas as mil pesetas mensuales. Isto faime pensar que a interrupción –precisamente en Diciembre do ano pasado– puido moi ben ser un accidente mecánico-burocrático da oficina de Alvaro sin qu íl se enterase do asunto. En vista desto, Otero Pedrayo escribiulle recentemente a Alvaro explicándolle o ocorrido e comunicándolle o traslado de Cabanillas a Cambados. Por outra banda, dispois de lle dar voltas ó asunto decidimos que o máis comenente era facer unha xestión co Centro Galego de B. Aires pra que, tomando como pretexto a publicación da “Obra Completa”,

³⁶ XAIME ISLA COUTO, tamén coñecido como Xaime Illa Couto (Santiago de Compostela, 1915). Catedrático de Economía na Escola de Comercio de Vigo, cidade a onde xa se trasladara de neno e onde desenvolve a maior parte da súa profesión. Participou no SEG (Seminario de Estudos Gallegos) organizando o seu departamento de estudos económicos, xurídicos e sociais. Tamén participou na creación da FMG (Federación das Mocidades Galeguistas) xunto a Fernández del Riego e outros mozos. En 1950 foi un dos promotores da Editorial Galaxia, da que na actualidade é presidente do Consello de Administración e tamén das revistas *Grial* e da *Revista de Economía de Galicia*. En 1999 ingresou na RAG.

acorden pagarlle a Cabanillas unha cantidade mensual mentras viva. Diste xeito, o poeta tería a gratísima sensación de que nos derradeiros anos da súa vida vivía da renda da súa propia obra. Nada lle pode falagar máis que recibir os cartos, non como froito da xenerosidade dos amigos ou admiradores, senón como froito da súa obra persoal.

Confío en que estas dúas xestións abondarán pra resolveremos o problema. Si así non for, percuraríamos un novo camiño. A cousa resolverase.

¿Cómo están as tuas oposicións? ¿Cómo se resolveron, ó cabo, as do teu compadre Pensado³⁷? Si tes nalgún intre dous minutos libres, non deixes de me decir como están os

³⁷ JOSÉ LUIS PENSADO TOMÉ (Negreira, 1924–Salamanca, 2000) foi discípulo de Dámaso Alonso e catedrático de Lingüística Románica. En 1957 accedeu á Cátedra de Filología Románica e Filología Galaico-Portuguesa na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Oviedo, na que exerceu até 1963, ano no que accedeu á mesma cátedra na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Salamanca, na que exercería deica o seu falecemento. A súa máxima contribución á nosa lingüística veu nos eidos do léxico e das etimoloxías, en publicacións como a *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega, I: El diccionario gallego–castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega* (1976) ou «*Gueada*» y «*geada*» gallegas (1983); nos seus últimos anos comezou estudos no asturiano que se engaden aos feitos sobre o provenzal e tamén no medievalismo con obras como *Miragres de Sant-Yago* (1958) e un fragmento dun *Livro de Tristán* (1962). Porén, a súa maior achega investigadora está relacionada co estudo crítico da obra de Sarmiento ou de Sobreira, en *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas* (1960); *Estudios etimológicos galaico–portugueses* (1965); *Fr. Martín Sarmiento: Colección de voces y frases de la lengua gallega* (1970); *Fray Martín Sarmiento: Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* (1973); *Fr. Juan Sobreira: Papeletas de un diccionario gallego* (1974); *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII* (1974); *Fray Martín Sarmiento: Viaje a Galicia (1745)* (1975); *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables* (1986); que acadan o seu cumio na monumental *Obras lingüísticas del Padre Sarmiento: Elementos etimológicos según el método de Euclides* (1999). Millán foi padriño dunha das fillas, a primeira, de Pensado.

teus problemas de opositor. Nistes días debe estar aituando Vidán³⁸.

Tiven carta do Piel³⁹. Dime que se alegrará infinito de que ganes a cátedra e que confía en que, dispois, non tardaremos en ver publicado o “Onomástico”⁴⁰.

Lembranza de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

³⁸ MANUEL VIDÁN TORREIRA. *Cfr. supra* Carta 4.

³⁹ JOSEPH-MARIA PIEL (Mörchingen, Lorena, 1903–Tréveris, 1992), que adoitaba asinar Joseph M. Piel, foi un filólogo e lingüista alemán que se destacou polos seus estudos romanísticos, en especial no ámbito galego-portugués, no que dedicou boa parte dos seus traballos a antroponimia e toponimia. Foi discípulo de Wilhem Meyer-Lübke. Exerceu a cátedra de Filoloxía Románica na Universidade de Colonia ata 1968 e logo alternaría entre Lisboa e Tréveris. En 1978 foi nomeado Doctor Honoris Causa pola USC. Está considerado como a grande figura da romanística que deu a coñecer o galego como unha lingua independente dentro da Romania. Entre os seus discípulos salientan Dieter Kremer, Walter Metmann e o filólogo galego Ramón Lorenzo Vázquez, que o coñeceu sendo lector na Universidade de Colonia de 1962 a 1968. Na súa obra salientan *Contribuições para o léxico etimológico português* (1930); *Os nomes germánicos na toponimia galego-portuguesa* (1945); *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega (primeira série)* (1953); alén de numerosos artigos sobre Etimoloxía e Léxico como *Caractères Généraux et Sources du Lexique Galicien* (1965); *Apontamentos de etimologia galega* (1967); *Uma etimologia bem estabelecida, aventurosamente contestada: bravo < barbarus* (19769 ou *Galego abouzar, sardo (a) boginare, português bugiar, español voznar* (1976); de Onomástica e Toponimia como *As águas na toponimia galego-portuguesa* (1945-1947); *Nomes de possessores latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portuguesa* (1947); *Sobre uma suposta identificação do topónimo galego-português Groba, Grova, etc, com o etnónimo pré-romano Grovii* (1974); *Vilarmosén, Rosén e outros topónimos congéneres da província de Orense* (1975) ou *Sobre miragens de pré-história onomástico-lexical galega*, a propósito do galego Becerreá (1979). En 1966 iniciou a súa colaboración na revista *Grial*, na que publicou máis dunha ducia de artigos, iniciada con «Caraiteres xenerales e orixes do léxico galego». *Cfr.* LORENZO VÁZQUEZ, RAMÓN (1992), «Joseph M. Piel», *Verba. Anuario Galego de Filologia*, 19.

[8]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 25 – XI – 57

Sr. D. Isidoro Millán Pardo

Madrid

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua carta. Ben sabía eu que non sospeitabas a verdadeira aitude de Alvaro con relación a Cabanillas. Tocante ós teus desexos de informar a Ramón fillo, deixo a cousa ó teu criterio. O que tí fagas parecerame ben. Somentes che encarezo que lle fagas ben presente que a vontade de Alvaro foi sempre de ocultar o caraiter persoal da axuda, vontade que nós respetamos. Si eu a crebei nesta ocasión foi por dous motivos moi fortes: en primeiro lugar porque te considero parte interesada nas “nosas” cousas; en segundo lugar, porque no tocante ós problemas do poeta Ramón Cabanillas, eu non me considero con dereito a saber algo que tí non debas saber.

No senso que che dixen en carta anterior, xa se escribúu a B. Aires. Pra millor enfocar o asunto, aproveitamos a

⁴⁰ «En 1956, Piñeiro asegura: “Xa teño aquí parte do *Onomástico*. Onte estiven falando con Isidoro [Millán]. Agora quer que fagamos a cousa entre os dous. Traballou enormemente, pois ten a obra completamente anotada coas correccións dos distintos manuscritos” (p. 115). Incluso en 1958, Piñeiro asegura que xa ten nas mans a “copia definitiva” do traballo de Millán (p. 139). Ignoramos as razóns de que a obra non chegase a vir a lume, e cal é o paradoiro actual deses materiais». Cfr. MONTEAGUDO, HENRIQUE (2008), «Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950–1962). Estratexias de resistencia idiomática fronte ao franquismo», *Grial*, nº 177, Vigo: Galaxia, pp. 98–111.

fonda amizade persoal que hai entre Domingo e máis o segredario da Comisión de Cultura do Centro Gallego pra canalizar por ahí a xestión. Nefeito, Domingo escribiulle xa unha vibrante e ben meditada carta. Según os nosos cálculos, a cousa debe resultar ben. Xa te terei ó tanto de todo.

Tamén eu teño curiosidade por crarexar o verdadeiro intrínquilis do ocorrido con Alvaro. Non vexo posibilidade normal algunha de que collera teima ou enoxo con Cabanillas. En intre oportuno penso acraralo. Non considero que teña valor sinificativo o feito de deixar sin resposta as cartas. Eso faino invariabelmente con todo o mundo. Endexamáis contesta. O mesmo que lle ocurría a Cabanillas –non recibir resposta– tenlle ocorrido repetidas veces a Otero Pedrayo, a mín mesmo e a todolos amigos.

Alégrome de que se fosen retrasando as oposicións e de que se renove parcialmente o tribunal, pois imaxino que estas duas circunstancias non perxudicarán nada a tua situación de opositor “sin achego”. Tamén me alegrei sinceramente do gran trunfo do Pensado⁴¹, que irá, figúrome pra Oviedo.

Tiña a ilusión de poder contar con un traballo teu pra o volume-homaxe que lle preparamos a Otero con motivo da súa xubilación⁴² (en marzo), mais nada che dixen por obrigado respecto ó teu esforzado traballo pre-opositorial. Temos que dispoñer dos orixinais pra fin de ano, que cadra, xustamente, co tempo de meirande atafecho pra tí. Somentes me queda unha esperanza: convencerte, si vés a

⁴¹ JOSÉ LUIS PENSADO TOMÉ. *Cfr. supra* Carta 7. Fai referencia á cátedra de Oviedo.

⁴² Finalmente o volume sairá lembrando o seu nacemento e non a súa xubilación, malia ser este o obxecto da convocatoria. *Cfr. AA. VV.* (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Galaxia.

Galicia polo Nadal, de que nos entregues algunhas das traducións gregas e latinas que teñas pra incluílas no tomo como aportación tua ó homaxe. De todo esto gardamos reserva pra que d. Ramón non se entere hastra que chegue a ocasión de llo entregáremos. Somentes o saben os colaboradores.

Unha aperta moi forte do teu incondicional amigo

Ramón Piñeiro

[9]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 9 – XII – 57

Sr. D. Isidoro Millán

Madrid

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua carta. Penso, e lealmente cho quero aconsellar así, que niste intre de preocupacións pre-opositoriales débeste liberar voluntariamente do “asunto Cabanillas”. Tí xa fixeches todo o que podías facer e agora deixa que as cousas sigan o seu camiño. Xa se arranxará todo da millor maneira e xa falaremos longa e detalladamente de todo esto. Estou seguro de que chegaremos a concrusións moi semellantes. A tua nobre intervención xa cumpríu a súa finalidade e agora será a santa realidade a que configurará definitivamente o problema. Non te preocupes i estáte seguro de que xa os demais te substituiremos da millor maneira posibel.

Nistes días pénsome poñer á fala co Rabanal⁴³. Eu alegrárame ben de que aituase íl de xuez.

E agora un encargo fraternal: non te desanimes de maneira ningunha. Tí tes que facer e farás un espléndido papel como opositor. Si hai xusticia, ganarás unha das cátedras; si non-a hai, o teu papel terá unha gran cotización científica pra as primeiras oposicións. Non te poñas agora a facer contas dos problemas e dificultás concretas que deberás afrontar dispois das oposicións. Non é lícito nin plausibel que xa funciones mentalmente como opositor vencido, porque ademáis, inda poñéndonos no peor dos casos, non serás vencido pola cencia senón pola influencia. Trunfante ou non nesta primeira proba, o teu programa futuro xa o sabes: tesis doutoral, cátedra de Valladolid e, na primeira oportunidade, traslado pra Compostela. Non lle deas máis voltas. Agora non é o intre de resolver nin de pensar siquer nas dificultás prácticas dese programa. Cando remates as oposicións será cando poderemos falar deso con calma.

¿Vas vir na Noiteboa? Si así for, avísame.

Moitos ánimos, amigo. Non deixes de me ter ó tanto de todo, pois xa sabes que si te noto desalentado son capaz de coller o tren e ir ahí a espilirche o esprito.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

⁴³ MANUEL RABANAL ÁLVAREZ (La Magdalena de Canales, León, 1914 – Santiago de Compostela, 1989). Doutor coa tese *La idea de Destino en la historiografía griega. Aportaciones al estudio de la Filosofía de la Historia en el mundo helénico*. En 1941 gaña a cátedra de grego do Instituto «Rosalía de Castro» en Santiago de Compostela, que simultaneou con tarefas docentes na Facultade de Filosofía e Letras, ata que en 1968 se converteu en agregado de Lingüística e Literatura Gregas da Universidade de Santiago de Compostela, onde foi catedrático de Grego desde 1972 deica a súa xubilación.

[10]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 13 – XII – 57

Sr. D. Isidoro Millán Pardo

Madrid

Benquerido Isidoro:

Tal como me indicaches, realicei un “achegamento” a Rabanal. Comencei por lle pedir un traballo lingüístico⁴⁴ que lle premiaran eiquí fai meses pra o tomo de homaxe a Otero, prometéndolle, ademáis, editarlle separatas. Mostrouse complacido e aceptou. Na segunda conversa, que foi onte, xa non tiven necesidade de facer exploración ningunha sobre o tema oposicións. Il mesmo me falou aberta e craramente do asunto nos seguintes termos: “Hombre, qué es de aquel amigo suyo que me presentó una noche y que preparaba unas oposiciones a cátedras de griego ¿sigue preparándose? – Pues, sí, está actualmente en Madrid. Ya recuerdo que una noche nos encontramos en la calle Dr. Teijeiro. Es Isidoro Millán. – Justamente, Isidoro Millán. Pues mire Vd. lo que son las cosas, ahora resulta que yo soy juez de esas oposiciones. – ¡Caramba, cuanto me alegro! Al menos así tenemos la garantía de que al menos tenemos un miembro del tribunal amigo. Hombre, sí; desde luego. – Yo me alegro mucho, pero estoy seguro de que él se alegrará muchísimo. Está en Madrid preparando tenazmente las oposiciones. – Bueno, si está en Madrid, como allí es donde se cuecen todas estas cosas, ya estará enterado de todo. Yo

⁴⁴ Trátase do xa citado «Rasgos de sustrato de la lengua gallega». Cfr. AA. VV. (1958), *HOMAXE a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia.

se lo decía a Vd. por si él estaba por aquí por Galicia y a lo mejor no sabía nada. – De todas formas, aunque está en Madrid a lo mejor no lo sabe; yo le voy a escribir diciéndoselo. – Pues escríbale. – No sabe Vd. cuanto me alegro con esta buena noticia que acaba de darme. – Pues por una serie de combinaciones me encuentro de juez. Nos reuniremos el día 18 para la entrega del programa. Las oposiciones comenzarán el día 8 de enero. – Pues le agradezco mucho su generosa información, querido Rabanal. – Nada, hombre, muy complacido...”

Esa foi a conversa no tocante ó tema que agora nos interesa. Temos, como ves, un valedor no tribunal. Ademáis, como sabes, íl é íntimo amigo de Galiano⁴⁵. Foi unha boa sorte que modificaran o tribunal, pois agora non estarás tan desamparado. Animo, meu amigo!

Como o homaxe a D. Ramón levámolo con reserva absoluta pra lle dar a sorpresa, eu díxenlle a Rabanal, cando lle pedín o seu traballo, que non comentase con ninguén o proeiro. Así o prometeu e así o cumprirá. Polo mesmo, si tropezas ou falas con íl evita darte por enterado. En cambio, podes falarlle –e agradecerlle– a información que espontáneamente me deu a mín sobre as tuas oposicións.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

⁴⁵ MANUEL FERNÁNDEZ-GALIANO (Sevilla, 1918–Madrid, 1988). Catedrático de Filoloxía Grega, Académico da RAE e investigador de sona mundial.

[11]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 14 – XII – 57

Sr. D. Isidoro Millán

Madrid

Benquerido Isidoro:

Onte pola mañán botei ó correo unha carta pra tí e pola tarde recibín a tua. Os dous tratábamose do mesmo asunto: a incorporación do Rabanal ó tribunal. Eu transcribíache a parte fundamental do diálogo que tivemos. En relación co-as suxerencias que me apuntas, a miña impresión é que non son en absoluto facedeiras. Direiche por qué: en primeiro lugar, atopo moi satisfeito co seu papel de xues; en segundo, a data do comezo das oposicións xa a teñen fixada pra o 8 de xaneiro. Xuntáranse, como dixen, o día 18 pra os efectos de entregar o programa. Sobre estes puntos faloume con gran seguridade e como membro aitivo do tribunal. Aínda máis, tan identificado se mostrou con ise programa cronolóxico que me dixo literalmente. “eu irei a Madrid o día 18 pra asistir á xuntanza previa do tribunal, e logo o día 8, a menos que ocorra unha catástrofe planetaria”. Xa ves que hai pouco marxen pra as dúbidas.

Ora, discrepo radicalmente de tí respecto do papel de Rabanal no tribunal. Non creas que o vai “engatillar” D. Abelardo⁴⁶. Ten a seguranza de que o candidato dil serás tí.

⁴⁶ ABELARDO MORALEJO LASO (Argujillo, Zamora, 1898–Santiago de Compostela, 1983), foi un sobranceiro latinista e lingüista. Alumno de Miguel de Unamuno en Salamanca e de Ramón Méndez Pidal en Madrid, gañou e exerceu a Cátedra de Latín da USC desde 1927 deica a súa xubilación en 1968, decano, tamén foi Vicerreitor (1945-52 e 1966-68) e vicepresidente da Sociedad Española de Estudios Clásicos.

Teño razóns pra cho asegurar. Contra todo o que poidas crer, neste intre tí apareces avencellado a certas aspiracións moi íntimas de Rabanal, máis poderosas –por ser íntimas– que calquera outra presión esterna. Ben sabes, querido Isidoro, que eu non son fantasioso; tamén adoitas tí mesmo a decir que teño certa penetración psicolóxica pra conocer as persoas. Ben, pois combina estas dúas cousas e chegarás á conclusión de que si eu che aseguro que tí serás o candidato de Rabanal non é ningunha tontería. Xa che espicarei todalas curiosas razóns dise feito pra tí inesperado. Non penses tampouco que me “confío” nunha apreciación puramente psicolóxica. Nada deso. Dende agora mesmo comenzaremos a dar a batalla con todas as da lei.

O que sobra en absoluto a estas alturas é a autocrítica. fai o favor de suprimila do teu programa de traballo.

O Alonso⁴⁷ por eiquí anda, máis ou menos coma sempre. Como non vou polo café, véxoo moi de tarde en tarde. Dá clases nunha academia.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón



Ramón Piñeiro votando un día de eleccións (1981)

⁴⁷ XESÚS ALONSO MONTERO. *Cfr. supra* Nota 1 da Introducción e Apéndice.

[12]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 29 – XII – 57

Sr. D. Isidoro Millán
Madrid

Benquerido Isidoro:

Con motivo dos viaxes que o Nadal ocasiona tardei en che escribir máis do que eu coidaba. Entrementres xa verías que a publicación do voso programa e, polo mesmo, a data das oposicións, foron retrasadas oito días.

Todo está como che tiña anunciado. Tí eres candidato de Rabanal. Díxomo a min mesmo de palabra e a D. Ramón Otero Pedrayo prometeullo por escrito. E ten en conta que Rabanal é serio. E aínda nistes quince días que faltan darémoslle novas voltas ó asunto. Eu xa lle espriqueei, como quen non quere a cousa, que tí e máis íl coincidiades en ser “comillenses”, que logo pasaras a Madrid e que pasaras tamén un curso na Alemaña. Pénsolle falar tamén da tesis que estás facendo. Quero que leve unha imaxe real da tua verdadeira persoalidade. Xa sabes que nise terreo móvome con certa seguridade.

Non hai misterio no que che decía de apareceres vencellado a un interés íntimo de Rabanal. [*] Vencendo as enormes trabas de timidez, faloulle a algún amigo de que tiña algúns traballos sobre temas lingüísticos galegos que podían formar un libro. Faláronlle da editorial Porto, de Moret e de Galaxia. O seu corazón inclinouse por Galaxia, de cuia sinificación ten unha idea crara e pola que sinte profundo e sincero respecto cultural. Nise estado de cousas

[*] Seguindo as indicacións do propio Piñeiro, (“Prégoche...”) esta carta omite un parágrafo e dous cortes mínimos.

recibín eu unha carta tua encargándome de lle “facer as veiras” por si renunciaba Adela Alonso⁴⁸. Pedínlle un dos seus traballos lingüísticos que trata de problemas de substrato en Galicia pra o tomo-homaxe a D. Ramón, no que tamén figurarán varios ilustres filólogos. Mañán entregárame o traballo, do que lle faremos, con caraiter totalmente eiscecional, cen separatas (que íl quer pagar do seu peto, pro que nós llas ofrecemos como prenda de gratitude polos moitos comentarios que leva feito sobre os nosos libros e sempre co-a meirande comprensión e simpatía). Como é natural, dispois diste traballo íl ten a íntima ilusión de publicar un libro. O feito de que se lle abrise a porta de Galaxia, aviva níl esa cobiza. [] Non é outra a raíz psicolóxica da súa complacencia por figurar nise tribunal de oposicións, como puidiches comprobar pola nota periódica que che enviei. Como ves, niste intre as suas arelas afectivas están polarizadas cara Galaxia. Ben ¿e qué tes que ver tí, como opositor, con todo iste complexo proceso psicolóxico? Xa sei que esa pregunta rebule todo o tempo no teu maxin. Con todo, resultarache craro decontado. Pra Rabanal, tí, Isidoro Millán, eres unha parcela de Galaxia. Culturalmente conocente [*sic*] a través da “Antífona”; persoalmente conocente [*sic*] a través de mín. Sin necesidade de máis datos, íl formouse a idea de que eres do equipo galaxián. Dende o primeiro intre me falou craramente nise senso. Cando me informou da súa participación no tribunal, faloume de tí, non como un simple amigo meu, senón como un dos nosos. E posteriormente faloume sempre nise tono (“tengo yo tanto interés por Millán como Vds mismos”, “los deseos de Vds son los míos”, etc. etc.). En resumo: Rabanal estima que Galaxia é a representación viva da cultura galega aitual e que tí, como parte integrante de Galaxia, eres “candidato” da cultura galega pra a cátedra de grego. Como é natural, reforzamos esa impresión espontánea dil e falámoslle da gran importancia que ten pra nós o contar con grandes humanistas que incorporen á cultura

⁴⁸ Con probabilidade estaba a se referir á profesora Adela Alonso Fernández.

galega os tesouros da antigüedad clásica. Esto parécelle moi ben e acólleo coa máis sincera simpatía.

Non te sorprendas desa comprensión. Rabanal non é castelán; é leonés. E non é o mesmo unha cousa que a outra. Os leoneses teñen moita máis permeabilidade pra as cousas galegas. No fondo, a persoalidade histórica do Reino de León foi abafada por Castela. Ademáis, a súa dona e mailos seus fillos son galegos. E, por enriba de todo esto, trátase dunha persoa nobilísima.

Téñolles algo de medo ós teus nervios, pois o día que fomos a Betanzos comprobei que eras tan nervioso como son eu. Craro está que naquela ocasión soupeches sobrepoñerte moi ben e confío que agora farás o mesmo na oposición. Estou convencido de que eres dos de máis sólida preparación científica e compre que fagas patente esa superioridade. Debes confiar plenamente nas tuas forzas. E non me caías na tentación das autocríticas, que agora non é ocasión de facer esa cras de exercicios, en cuio cultivo coinciden bastante os devotos de San Ignacio cos devotos de Lenin. Agora non é o intre de medir o que sabes pola escala do que deberas saber, senón de comparar o que tí sabes co que os outros opositores non saben ¿Estamos? Quero saber como van os teus ánimos, pois xa che dixen que son capaz de coller o tren e ir ahí a espilirche o esprito. []

Bueno, querido Isidoro, que o novo ano nos traia unha cátedra de grego en Madrid ou Barcelona, como primeiro paso pra vir á Terra.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

Como podes comprobar, non me trabucara ó che decir que o Rabanal estaba moi satisfeito coa súa designación pra

**EL PROFESOR RABANAL,
VOCAL DEL TRIBUNAL DE
OPOSICIONES A CATEDRAS
DE GRIEGO DE INSTITU-
TOS DE MADRID Y BAR-
CELONA**

Por el Ministerio de Educación Nacional y de acuerdo con la reglamentación vigente, ha sido designado Vocal del Tribunal que juzgará las próximas oposiciones a dos cátedras de Institutos de Madrid y dos de Barcelona, nuestro amigo el Dr. Manuel Rabanal Alvarez, catedrático de Lengua Griega del Instituto "Gelmirez" y Profesor Adjunto de Lenguas Clásicas de la Facultad de Historia de la Universidad.

El Prof. Rabanal saldrá en breve para Madrid a desempeñar su reglamentaria y honrosa misión académica.

formar parte do Tribunal. A presente nota, aparecida hoxe na "Noche", é un espello fidelísimo da súa satisfacción íntima, por outra banda moi respetabel polo que ten de inxenua no millor senso.

Xa che teño dito que é unha excelente persoa, unha miga inocente de máis, tímido, honesto, traballador como todos os tímidos e introvertidos, con unha especie de hiperesesia pra todo o que se relaciona con certas zonas da personalidade propia. ¡Ogallá foran coma íl os restantes membros do Tribunal!

Unha aperta moi forte de

Ramón

[13]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 3-I-1958 ⁴⁹

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo

Madrid

Querido Isidoro:

Recibín a tua carta. Alegreime moito de que che concedesen esa beca pra traballar no Escorial, non só polo beneficio que representa pra tí senón tamén porque é un sinal craro de que a sorte está favorabel. Celebro que Sánchez Cantón⁵⁰ (un home que naceu pra Ilustrísimo Señor ¿non cho parez?) tivese esa espontánea intervención no teu favor. Como é natural, temos que llo agradecer.

⁴⁹ Piñeiro data a carta o 3 – I – 1957, porén é evidente que se se trata dun erro como demostran os acontecementos que se relatan e que ao día seguinte lle escriba aínda outra carta aclaratoria. Este erro adoita ser bastante común nos epistolarios cando son textos dos primeiros días de cada ano. Tamén o confirma unha carta de D. Ramón Otero Pedrayo dirixida a D. Manuel Rabanal, datada «Trasalba (Orense), Navidad de 1957», que nos foi facilitada pola familia.

⁵⁰ FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ CANTÓN (Pontevedra, 1891–1971). Doutor en Filosofía e Letras, especializouse na historia da arte española, particularmente na pintura dos séculos XVII e XVIII e nos retratos das familias reais. Docente na Universidad de Granada, pasou a ocupar a cátedra de Historia General del Arte na Universidad Central de Madrid, da que foi vicereitor en 1958. Foi membro das academias Española (en 1949), de Bellas Artes e director da de Historia (en 1956), así como doutras institucións como o Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos do que foi director. En 1922 fora nomeado subdirector do Museo del Prado, que chegou a dirixir en 1960. Alén diso, é de salientar o seu prólogo en galego ás traducións poéticas de Cabanillas. *Cfr.* CABANILLAS, RAMÓN (1955), *Versos de alleas terras e de tempos idos: paráfrasis galegas*, portal de F.J. Sánchez Cantón. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.

Xa vexo que estás mallando coma un gran mallador doutros tempos, cando había “malladores”, nas eiras da Helade. Esa imaxe suxeriuna Otero Pedrayo na carta que me escribíu decíndome que xa se tiña dirixido a Rabanal⁵¹, na que figuran estas liñas. “Escribín ó humanista asturicense. Parés home bó e de concenza requintada. De fixo Isidoro Millán ha locir boas moreas de limpo pan nas gramaticales mallas”. Posteriormente o propio Rabanal me falou da carta de Otero e da que íl lle contestara facéndolle promesa de que íl compararía moi sinceramente os nosos desexos.

Fai dous días mandoume Rabanal o texto do seu traballo pra o tomo–homenaxe a Otero. Titúlase “Rasgos de sustrato de la lengua gallega”⁵². Fai nil unha ordeación moi crara e sistemática dos distintos puntos de vista que hai sobre os problemas que aborda. O fondo esencial é o determinar si hai ou non no galego un sustrato céltigo. As conclusións a que chega son positivas. Dende logo resulta un traballo interesante e admirabelmente craro. Un distes días falarei de novo co íl pra lle comunicar as miñas impresións e, de paso, falaremos outra volta das oposicións.

Xa sei que o Alonso⁵³ anda por ahí. Foi pasar as vacacións co-a familia da muller. Estouche convencido de que

⁵¹ Cfr. supra Rabanal.

⁵² Cfr. AA. VV. (1958), *HOMAXE a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia.

⁵³ Non era esta a opinión que mantiña poucos anos antes. Velaquí unha carta a Fernández del Riego, na que se expresa en termos sumamente gabanciosos:

«Santiago, 9 de novembro

Acabo de recibir agora mesmo o traballo de Alonso Montero para o número de Curros. A min gostoume moito a maneira de enfocar o problema, pois indica que ten un gran senso filolóxico este rapaz. Enfoca máis como filólogo que como lingüista, que é o que viña ó caso neste tema. Abre un camiño interesantísimo: o estudio dos comezos literarios da nosa lingua. Falareille de que prepare un ensaio longo sobre este problema, pois é moi importante que aparezan en *Grial* estas anovacións no

ise rapaz non ten arranxo. Padece unhas deformidades de espírito que destruírán canto nil poidese haber de aproveitabel. Deixei de me preocupar dil, pois convencido como estou da súa incurabilidade non é cousa de perder o tempo e máis o humor en bailar ao son da súa gaita.

¿Poderías, por intermedio de Pensado⁵⁴, aguilloar ó Dámaso⁵⁵ pra que nos envíe axiña o traballo que nos prometeu pra o homenaxe a Otero? Eso no caso de que parece oportuno. Do contrario, non te preocupes pouco nin moito.

Moitos saúdos de Isabel⁵⁶ e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

campo da nosa cultura», Cfr. FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (2000), *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia, p. 56.

⁵⁴ JOSÉ LUIS PENSADO TOMÉ. Cfr. *supra* Carta 7.

⁵⁵ DÁMASO ALONSO FERNÁNDEZ DE LAS REDONDAS (Madrid, 1898–1990). Escritor, crítico literario e filólogo español, membro da «xeración do 27» e Premio Miguel de Cervantes 1978. Estudou dereito, filosofía e literatura antes de entrar no Centro de Estudios Históricos dirixido por Ramón Menéndez Pidal, tomou parte nas actividades da Residencia de Estudiantes, onde coñeceu a Federico García Lorca, Luis Buñuel, Luis Bello ou Salvador Dalí. Dende 1933 foi catedrático na Universidade de Valencia, ata que en 1939 pasou á Universidade de Madrid, onde comparte exilio interior co seu amigo, o poeta Vicente Aleixandre. Desde 1945 foi membro da RAE, da que foi director entre 1968 e 1982. Tal e como se narra neste epistolario, Dámaso Alonso investigou o galego que se fala nos Ancares e nos Ozcos e foi o primeiro filólogo en clasificar á fala de entre os ríos Eo e Navia como galega, aínda que a denominou co termo de galego–asturiano. Entre os seus traballos sobre o galego destacan *Junio y Julio entre Galicia y Asturias* (1945), *El saúco entre Galicia y Asturias* (1946), *Enxebre* (1947), *Gallego-asturiano ‘engalar’, ‘volar’. Casos y resultados de velarización de n en el dominio gallego* (1954), *El gallego-leonés de los Ancares y su interés para la dialectología portuguesa* (1959) ou *Narraciones orales gallego-asturianas* (1969).

⁵⁶ «Instálase coa súa muller, Isabel López García, en Santiago de Compostela, no cuarto piso do número 15 da rúa Xelmírez, onde vivirá ata o seu pasamento en 1990», Cfr. ALONSO GIRGADO, LUÍS e MONTEAGUDO CA-

[14]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 4 – I – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo

Madrid

Querido Isidoro:

Recibín a tua carta, que por certo cruzouse con unha miña. Entregueille a Moralejo⁵⁷ a tua tarxeta, naturalmente despois de a meter axeitadamente nun sobre e demáis. Hoxe percureino para faláremos do asunto. Como podes supoñer, pasamos toda a tarde de parola. Gracias que a min gústame escoitar cousas de lingüística e con tal motivo paseino ben. Chegamos ó seguinte acordo: íl preparará persoalmente o libro de xeito que vaia ben protexido, eu ireino recoller mañán á súa casa e Lorenzo⁵⁸ falará con un amigo da súa confianza que marcha mañán e mandarémoscho por íl. D. Abelardo púxose a copiar o artigo e levaralle tempo. Por eso non cho manda co libro. Nembargantes, comprobou que o contido do artigo figurara no libro.

Contoume toda a historia das vosas relacións –incluíndo o de Teresa Rey Barreiro⁵⁹–, que eu xa conecía por tí. Por certo que tamén me dixo que o Rabanal lle confesou que tiña o teu compromiso, por terlle falado nós nise senso.

BALEIRO, TERESA (2003), *Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*, Cadernos Ramón Piñeiro, II, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, p. 28.

⁵⁷ ABELARDO MORALEJO LASO. *Cfr. supra* Carta 11.

⁵⁸ RAMÓN LORENZO VÁZQUEZ.

⁵⁹ TERESA REY BARREIRO. Parente vilargarciá de Isidoro Millán.

Sospeito que o fixese como medida precautoria si é que sabe que tomará parte un sobriño de D. Abelardo, ou ben como reaición a algunha suxerencia diste en favor do seu sobriño. Como queira que seña, a postura do Rabanal foi crara e nobre con relación ás promesas que nos fixera. Por outra banda, D. Abelardo tomou como cousa moi natural a aitude do Rabanal, hastra o punto de que lle pensa encargar a íl que che recolla o libro e o traia cando veña (“porque, una vez que terminen las oposiciones, ellos se han de hablar”). tamén temos que reconocer a nobreza de Moralejo, pois ó saber que chegara o libro decontado cho comunicou “por si che era útil pra as oposicións”.

Bueno, meu amigo, unha aperta do teu incondicional

Ramón

[15]

**[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 8 de xaneiro do 1.958

Sr. D. Isidoro Millán González-Pardo
Madrid.

Querido Isidoro:

Acabo de recibir a tua carta. Xa vexo que che chegou puntualmente o libro que tan coidadosamente preparou D. Abelardo. Alégrome ben. O que xa non me alegra tanto é o teu estado de ánimo. Véxote moi inclinado a facer balance das tuas fallas na preparación. Craro, ti conoces moi ben os teus puntos fracos, pro non conoces os dos demáis. En

cambio, na tua conta non entran as ventaxas de preparación que ti teñas con relación ós demais, porque non tes xeito de facer unha comprobación apriorística delas. Tes que te facer á idea de que a todos os opositores lles ocorrerá o mesmo, a uns con uns temas e outros con outros. Ora, a tua moral débela basar no que sabes e non no que che falta por saber. O que de xeito ningún che está permitido, baixo pena de pauliña, é ir ás oposicións con moral de vencido. Pra eso compre que confíes no que sabes e nos teus recursos de tipo intelectual pra o saber aproveitar. ¿Por qué has de lles conceder ós restantes opositores un creto de superioridade sobre ti? De maneira ningunha.

Por certo que un dos do tribunal é un tal Bravo⁶⁰, do Ferrol. Nada me dixeches deso, porque podíamos pescudar onte ten o talón de Aquiles. Comentando con Lorenzo as oposicións, Rabanal díxolle “como en el tribunal hay otro gallego, que es Bravo, del Ferrol, entre los dos podremos hacer más fuerza en favor de Millán”. Si é do Ferrol, seguramente será amigo de Montero Díaz⁶¹ ¿Non fixeches ningunha pescuda?

⁶⁰ BRAVO RIESCO. Catedrático de grego, vencellado a Ferrol, que salientou polas súas traducións de Plauto.

⁶¹ SANTIAGO MONTERO DÍAZ (Ferrol, 1911–1985). Licenciado en Filosofía e Letras (sección de Historia) entre 1926 y 1929, máis tarde cursa e ingresa en 1931 no Cuerpo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos, sendo destinado á Biblioteca Nacional e logo á Universidade de Santiago, que alternou coa docencia. En 1936 gaña a cátedra de «Historia de la Edad Media Universal» da Universidade de Murcia. En 1941 obtivo na Universidad de Madrid, por oposición libre a cátedra de «Historia Universal antigua y media». Explicou así mesmo «Historia de la filosofía antigua» e «Historia comparada de las religiones». Malia todo, en 1965 foi un dos catedráticos que encabezou en Madrid a famosa manifestación estudantil que supuxo a súa expulsión da Universidade e a dos profesores Enrique Tierno Galván, Agustín García Calvo, José Luis López-Aranguren e Aguilar Navarro. Na súa ampla obra salientan *Galicia en el Padre Feijoo. Conferencia* (1931); *Sobre la ciencia española* (1931); *Las ideas estéticas del P. Feijoo* (1932); *Las miniaturas del tumbo A de la Catedral*

Alégrome moito do bó resultado da xestión que fixéstedes con Dámaso. Por certo que anteriormente, cando che falei a ti do que nos gustaría que colaborases no tomo, ocorríuseme que quizáis estaría ben pedirlle tamén colaboración ó Pensado, entre outras cousas porque compre que vaia estando presente no ambiente cultural de Galicia. Con todo, como estaba en periodo opositorial, nada che dixen. Agora quizáis seña demasiado tarde. Si il tivera algún traballo sobre o galego que nos poidera mandar, nós encantados e moi honrados de contar co-il. Sabendo que nolo mandaba, agardaríamos hastra o vinte ou vintetantos. Mais eso é cousa que ti podes calibrar millor que ningún. Si che parece que non é posíbele, nono intentes.

Xa sei que o Dámaso vai ir a Chile. Coido que non terá atrancos semellantes ó de D. Ramón⁶².

Moitos ánimos a unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón [sinatura autógrafa]

de Santiago (1933); *La colección diplomática de San Martín de Jubia (977-1199)* (1935); *Introducción al estudio de la Edad Media Universal* (1936); *La doctrina de la Historia en los tratadistas españoles del Siglo de Oro* [Conferencia 1939-1940]; *Historia Universal antigua y media: Conceptos fundamentales* (1943); *Alejandro Magno* (1944); *De Caliclés a Trajano: Estudios sobre historia política del mundo antiguo* (1948); *Introducción al estudio de la Edad Media* (1948); *Las Ideas político-sociales de Guillermo de Ockam (1300-1349)* (1949); *La idea del hombre en la obra de Nóvoa Santos* (1954); *Cervantes, compañero eterno* (1957); *El concepto de cultura y su crisis actual* (1962); *Diego Gelmírez: historia de una fama* (1965); *Ni Spengler ni Toynbee* (1968) ou *Biografía completa de Juliano el Apóstata* (1969).

⁶² Cfr. OTERO PEDRAYO, RAMÓN (2001) [1952], *Polos vieiros da saudade. Lembranzas e crónicas dunha viaxe a Buenos Aires*. Vigo: Galaxia. Reedición de *Por os vieiros da saudade* (1952) en edición de Luís G. Tosar que asina tamén a *Introdución «O vinculeiro da Casa Grande de Cima de Vila vai a Bos Aires»*, mentres Afonso Vázquez-Monxardín asina «O reencontro dos superviventes».

[16]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 12 – I – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid.

Querido Isidoro:

Coido que estarás xa co ánimo tenso e disposto pra a batalla coma un bó e rexo “hoplita” da Laconia⁶³. Chegou o intre de concentrar o esprito no desenrolo dos combates i esquencer todo o demáis. Non te me poñas agora con exercicios de atrición, contrición ou autocrítica, que non vas facer confeisión nin penitencia polos teus pecados. Agora vas derrubar contrincantes e compre ter o ánimo ben disposto pra tal mester. tes que lle sacar o máisimo rendimento ás tuas forzas. A primeira medida de todas é prescindir de todo amolecemento subxetivo que poida esfeblecer o ánimo.

Tardiamente –e por vía Rabanal– soupemos que un dos membros do tribunal era Bravo Riesco⁶⁴, un castelán afincado no Ferrol, do mesmo xeito que Rabanal é un leonés afincado en Compostela. Os dous con muller e fillos gale-

Ningún dos dous textos recolle ningún atranco que tivese Otero Pedrayo na súa visita a Bos Aires, así que ben puidera referirse á pouco doada obtención do pasaporte para a viaxe, dado que o escritor de Trasalba aínda estaba deposto da súa cátedra por galeguista.

⁶³ Un hoplita era un soldado de infantaría pesada na antiga Grecia, cuxo nome proviña da palabra ‘hoplon’ (escudo). Adoitaban loitar formando bloques compactos chamados falanxes e eran cidadáns de pleno dereito para manteren a ‘panoplia’ (colección de armas), agás na falanxe da cidade de Esparta.

⁶⁴ BRAVO RIESCO. *Cfr. supra* Carta 15.

gos. Bravo está casado con unha tía de López Nogueira⁶⁵, o noso metafísico. Como é natural, Nogueira, ademáis de parentesco, ten moita amizade co-ila. Onte mesmo escribíulle a íl unha carta, que incluíu dentro de outra dirixida á súa dona co encargo de que ela lla faga chegar a Madrid urxentemente “acompañada doutra carta dela como Deus manda”. Espricáballes moi simpáticamente quen eres tí. Parece que iste Bravo é home de espírito enérxicamente independente e que non hai perigo algún de que se deixe mangonear por Ortiz Muñoz⁶⁶ ou por presións de tipo político. Por outra banda xa che dixen que o Rabanal quer formar con íl un “frente galaico” pra te apoiar en todo o que poidan.

Penso, meu amigo, que agora tes que nos corresponder da única maneira que podes facelo: loitando con coraxe e con ánimos. Os amigos creemos firmemente en tí e tí tes agora o deber de poñer na loita todos os teus folgos. Ánimo, Isidoro, que despois da oposición temos moitas e grandes cousas que facer!

Moitos saúdos de Isabel, que de todo corazón che desexa sorte, e unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón

⁶⁵ XOSÉ MANUEL LÓPEZ NOGUEIRA (Ferrol, 1932). Neurólogo e psiquiatra, que cursou Medicina na USC. Foi membro da xeración *La Noche* e colaborou con asiduidade na revista *Grial* desde o seu primeiro número no que publicou o artigo «El arte comprometido», mais tamén sobre temas de antropoloxía, filosofía (Karl Jaspers; Jung Hegel ou Unamuno) ou arredor da obra de escritores galegos como Castelao ou a poesía de Xosé Luís Franco Grande.

⁶⁶ LUIS ORTIZ MUÑOZ. Catedrático de Latín e Grego, director do Instituto Ramiro de Maeztu e, politicamente, subsecretario de Educación Popular, director general de Enseñanzas Media y Universitaria y secretario general del Ministerio de Educación Nacional nos anos do franquismo.

[17]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 28 – I – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid.

Benquerido Isidoro:

Polo amigo Rabanal, que me informou puntualmente, sei do bó papel que fixeches na oposición. Sei, igoalmente, que te retiraches ó che faltar a unanimidade do tribunal. Figúrome que o farías por seguir un costume da etiqueta opositorial ou algunha razón semellante. Rabanal decíame que fora unha pena e tamén me aseguraba que “todos” os xueces da oposición están convencidos de que nas primeiras que fagas serás catedrático seguro. Tamén nós o creemos así, pois estas eran unha proba durísima. Coido que deberon ser tan endiañadas, ou máis, que unha oposicións a cátedra universitaria. O mesmo Rabanal alude as árduas circunstancias desta oposición, precisamente pra destacar a importancia da tua situación. Agora, polo menos, xa está pública e oficialmente consagrado o teu creto de helenista ben preparado. Esa foi, meu querido Isidoro, unha espléndida victoria tua.

Iñoro, naturalmente, o lado subxectivo do asunto. Quero sabelo. fai o favor, agora que tes tempo, de me poñer unhas letras contándome a tua experiencia e máis o teu estado de ánimo. ¿Non virás a tomar un descansiño antes de te engolfar nos manuscritos do Escorial?

De Dámaso non tivemos novas.

Moitos saúdos de todos, lembranzas de Isabel e unha aberta moi forte do teu bó amigo.

Ramón

[18]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 4 – II – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid

Querido Isidoro:

Recibín a tua carta, polo que me fixen unha crara idea do desenrolo da oposición e da tua posición persoal. Coido que, de calquera xeito, a experiencia persoal dos mecanismos e andrómenas extracientíficas da oposición será pra tí de enorme utilidade. Ademáis, nise apalpamento dos despistes e lagoas de xueces i opositores que proporciona unha oposición vivida por dentro, coido que atoparás motivos de confianza futura nas tuas propias forzas.

Agora, meu amigo, iste episodio compre xuzgalo deportivamente. Temos que pensar no futuro. Dende logo, considero moi atinada a idea de facer axiña a tesis. Debes convencer a Adrados⁶⁷, pois como íl era partidario de que a fixeras sobre o micénico convén que dea sua conformidade a un cambio de tema. Esa xestión debe ser a primeira, pois

⁶⁷ FRANCISCO RODRÍGUEZ ADRADOS. *Cfr. supra* Carta 6. De feito Millán comezou a súa tese de doutouramento, dirixida por Adrados, sobre Teodoro Metoquita, o bizantino ao que se refire Piñeiro.

quizais poideses aproveitar a estancia no Escorial pra facer alí mesmo a tesis sobre o material que alí hai. Despois da tesis, o ouxetivo debe ser unha adxuntía en Madrid (quizáis co mesmo Adrados), pois é a millor base de operacións en orde ás futuras oposicións. O do leitorado no estranxeiro non me parece que seña polo dagora comenente, pois alonxaríate do campo de batalla opositorial. Agora compre ir dereitos á brecha.

Alégrome moito de que emprendas amistosa conversa co teu vello amigo Frai Martiño Sarmiento. Si poidera ser, non sabes canto me alegraría que viñeses rematalo eiquí como insinúas na tua carta. Sería moi boa ocasión pra facéremos un detallado plan estratéxico pra a nova etapa que agora emprenderás. Naturalmente, non quero decir con esto que precisas da axuda miña nin da de ninguén pra saberes moi ben o que has de facer. Pro, moitas veces, no diálogo amistoso e confidencial vense as cousas millor e con máis ouxetividade que na meditación solitaria. Polo menos a mín ocúrreme eso. Por outra banda, nós consideramos o teu futuro persoal como algo que nos atingue, pois non podemos deixar de te considerar como unha parte valiosa do aitual patrimonio cultural de Galicia. Por eso é natural que desexemos vivir de perto, con achegamento familiar, as circunstancias decisivas dese futuro. Si che cadra ben, non deixes de vir uns días.

Do Dámaso non tiven nova ningunha. De ahí de Madrid xa enviaron todos a colaboración –Rof Carballo⁶⁸, Francisco Luís Bernárdez⁶⁹, Aranguren⁷⁰, Laín⁷¹–. Falta íl. Tamén Piel⁷² mandou unhas notas de toponimia galega.

Pra que che sirva de descanso postopositorial, envíochelo por correo o derradeiro libro de Galaxia, que é “Mito e realidade da Terra Nai”⁷³, de Rof Carballo.

-
- ⁶⁸ JUÁN ROF CARBALLO (Lugo, 1905–Madrid, 1994). Médico de extraordinaria formación profesional e intelectual, coa que acadou notoria relevancia en múltiples cargos. No final da súa vida foi elixido membro da Real Academia de Medicina e da RAE. Alén diso, foi un dos principais ensaístas de Galaxia nas décadas de 1950 e 1960, participando nalgunhas publicacións conxuntas como os *Sete Ensaíos Sobre Rosalía*. En 1957 publicou en galego *Mito e Realidade da Terra Nai*. Tamén colaborou asiduamente na revista *Grial*, onde asinou numerosos artigos, desde 1965, cando ve a luz «Humorismo e sociedade».
- ⁶⁹ FRANCISCO LUÍS BERNÁRDEZ (Bos Aires, 1900–1978). Poeta, fillo de galegos de Dacón, unha aldea do Carballiño. Foi director da revista poética *Proa* cofundador de *Oral*. A comezos dos anos vinte instálase en Galiza e nacen os seus primeiros libros *Orto* (1922); *Bogar* (1922); *Kindergarten* (1923) e *Alcántara*. Redactor de *El Pueblo Gallego*, desde onde co escritor tamén arxentino-galego Amado Villar do *Faro de Vigo*. Participou das vangardas do seu tempo, facendo parte do Ultraísmo, e mantivo unha estreita relación co poeta Ramón Cabanillas, co pintor Maside, Rafael Dieste, Amado Carballo, Roberto Blanco Torres ou Luís Pimentel. En relación á temática galega publicou *Discurso encol do Idioma Galego* (1953) ou o artigo “El Idioma Prohibido” na revista *Criterio*, un alegato en defensa do noso idioma e unha auténtica exaltación da nosa cultura, con grande repercusión, tanto na colectividade galega, como entre a intelectualidade arxentina. Tamén publicou en galego “Lembranzas de Castelao, Pimentel, Cabanillas, Rosalia” e “Florilegio del Cancionero de Vaticana”, logo recollidos en *Mundo de las Españas* (1967). »
- ⁷⁰ JOSÉ LUIS LÓPEZ–ARANGUREN JIMÉNEZ (Ávila, 1909–Madrid, 1996). Foi un dos filósofos e ensayistas máis influíntes na sociedade española. Escritor e profesor de ética na Universidade Complutense de Madrid, onde exerceu a cátedra de ética e socioloxía desde 1955. En 1965 foi un dos catedráticos que encabezou en Madrid a famosa manifestación estudantil que supuxo a súa expulsión da Universidade e a dos profesores Enrique Tierno Galván, Agustín García Calvo, Santiago Montero Díaz e Aguilar Navarro. Foi sancionado e afastado da universidade española, e mantívose activo escribindo ou asistindo a universidades estranxeiras como profesor visitante.
- ⁷¹ PEDRO LAÍN ENTRALGO (Teruel, 1908–Madrid, 2001). Doutor en Medicina e licenciado en Ciencias Químicas, ocupou a cátedra de Historia de la Medicina na Universidade Complutense, da que foi

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

[19]

**[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 10 de febreiro do 1.958

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo

MADRID.

Meu querido Isidoro:

Xa fai días que está por eiquí o amigo Rabanal. Contoume as incidencias da oposición. Está totalmente convencido de que si non chegas a te retirar, arestora seráas catedrático de Barcelona. Il non sabe, non sospeita cales foron as razóns “calculadas” da tua aitude e coida que todo foi un fallo anímico. Díxome moi seriamente que cando veñas por eiquí debémosche botar unha boa roñadelpra pra que non volvas facer semellante cousas noutras oposicións. Díxome que na hora da votación final, dos cinco membros do tribunal catro manifestaron espontáneamente o seu pesar por non poder facer a Millán catedrático de Barcelona e ter que deixar unha cátedra vacante. Tamén me asegurou que, ademáis dos dous vocales “gallegos”, que tiñan unha posición máis interesada na tua candidatura,

reitor, durante a época na que Ruiz-Giménez foi ministro de Educación, dimitindo do seu cargo tras as depuracións polos sucesos de 1956. Foi membro da RAE, da que foi director, da Real Academia Nacional de Medicina e da Real Academia da Historia.

⁷² JOSEPH-MARIA PIEL. *Cfr. supra* Carta 7.

⁷³ *Cfr.* ROF CARBALLO, JUAN (1957), *Mito e realidade da terra nai*, Limiar de Domingo García-Sabell, Vigo: Galaxia.

algún outro vocal, como Bueno⁷⁴, lamentaba moi espresivamente o ter que deixar vacante unha cátedra e que quedase Millán sin cátedra. Parece ser que tamén Galiano⁷⁵ se manifestou nise mesmo senso.

O bó do Rabanal fíxolles ver a cantos lle preguntaron pola oposición que tí fixeches moi bó papel na tua aituación. Destaca incluso que os demais opositores eran catedráticos e moi veteranos nas lides opositorias, mentres que tí non eras catedrático e aituabas por primeira vez e, con todo, foron caendo moitos catedráticos no curso da oposición e tí sostiveches a batalla airosamente. E, craro está, failles ver que non eres catedrático de Barcelona por ter retirado antes do final, posto que a tua preparación merecía a cátedra. Tamén profetiza que nas primeiras que fagas sacarás o número 1 ou 2 necesariamente. Así llo dixo a Moralejo e a todos e non se cansa de o repetir. Non está mal que circule amplamente esta opinión. Dende logo, íl está sinceramente convencido de que as cousas son así.

Téñolle medo a Dámaso. Inda non piou ¿Qué demos será o traballo que prepara que tan laborioso lle resulta? Gracias que contamos coa tua vixilante aición diplomática, pois do contrario non sei como llo ibamos a arrincar. Dixémosllo no outono por medio de Vicente Lorient⁷⁶. Il mostrouse moi ben

⁷⁴ DANIEL RUIZ BUENO. Aragonés de Zaragoza, foi Catedrático de Grego do Instituto «Lucía de Medrano» de Salamanca xa desde 1948, tamén foi profesor na Facultade de Filosofía e Letras.

⁷⁵ MANUEL FERNÁNDEZ-GALIANO. *Cfr. supra* Carta 10.

⁷⁶ VICENTE LORIENTE (Castropol, Asturias, 1900-1979). Logo dunha estadía en Cuba e en Toronto (Canadá), regresa en 1921 e publica nun xornal local o manifesto *Por nuestra cultura*, chegando a crear a Biblioteca Popular Circulante, que se inaugura en 1922 con 158 volumes e que tería 15 filiais nas aldeas do concello, chegando a ser a admiración dos bibliotecarios e intelectuais da época. Historiador, membro do Centro de Estudios Históricos, en 1935 será vicesecretario xeral do II Congreso Internacional de Bibliotecas y Bibliografía e secretario da Sección de Bibliotecas Populares. A guerra sorpréndeo

disposto. Agora, en cambio retrásase. Craro está que é home moi atafegado e non se lle pode nin se lle debe importunar. Con todo, outros colaboradores igualmente ilustres cumpriron a súa promesa e mandaron os traballos.

Confío en que virás dar unha voltiña pola terra antes de te mergullar no grego manuscrito do Escorial.

Lembranzas dos amigos, saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón [sinatura autógrafa]

[20]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 11 – II – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid.

Benquerido Isidoro:

Acabo de recibir a tua carta co traballo de Dámaso. Por certo que si chego a saber que trataría ise tema, houbérame mandado algunha variante máis que eu teño recollida pra que llas dises. Agora é millor deixalo así, non seña o demo que lle entren tentacións de modificar algo o texto e logo estaremos aguniados agrdando a que nol-o volva a

en Madrid, regresa a Castropol onde permaneceu recluído na casa. En 1945 consegue abrir outra biblioteca cos fondos que se salvaran, co nome de Biblioteca Municipal “Menéndez Pelayo”. Cómpre lembrar que Castropol era o lugar no que tiña casa Fermín Penzol e onde tamén acudía moitas veces Ramón Piñeiro.

entregar. Tería que as buscar nas miñas notas, pro coído que teño a forma DOLERGAS e máis a forma CELIGRAS.

Con ser moita a ledicia que tiveren ó ver o traballo do Dámaso, foi aínda máis grande a que esperiementei o decíresme que estás disposto a colaborar no tomo de Otero. Dende logo, agardaremos polo teu traballo. Faríasnos un grandísimo favor si nolo enviases nun prazo de 15 días, ou seña, dentro diste mes. Estou seguro que poderás facer un fermoso traballo.

Mandarémosche rápidamente os materiáis sarmientinos que tes na Rosaleda. O “Onomástico”⁷⁷ meterémolo na imprenta coa meirande rapidez, tanto por llo poder enviar a Piel⁷⁸ como pra nos adiantar a Balmori⁷⁹. Por certo que Piel mandou un traballo pra o homenaxe a D. Ramón sobre “antropo-toponimia galega”, e, ó tratar da etimoloxía de MOECHE, comenza así: “Em conversa havida ha tempos com o meu amigo D. Isidoro Millán, este lembrou que MOECHE podería vir do genit. de MODESTUS. Esta ideia parece-me convincente de todo...”

Sinto que non poidas vir, pois botaríamos unha boas parrafadas. De todosos xeitos, a non ser agora verémonos no vran.

Moitos saudos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

⁷⁷ ONOMÁSTICO. *Cfr. supra* Carta 7.

⁷⁸ JOSEPH-MARIA PIEL. *Cfr. supra* Carta 7.

⁷⁹ CLEMENTE HERNANDO BALMORI. (Llanes, 1894-Buenos Aires, 1966) Lingüista e catedrático de Latín. Membro do Instituto Antonio de Lebrija. Exiliado n a Arxentina, onde foi profesor de Lengua e Literatura grega e latina na Universidad de Tucumán.

[21]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 17 – II – 58

Sr. D. Isidoro Millán
Madrid.

Querido Isidoro:

Acabo de chegar de Lugo, a onde fun pra asistir ó enterro do poeta Luís Pimentel⁸⁰, meu fraternal amigo dende fai 25 anos. Morreu súpetamente, dun infarto de miocardio. Foi o primeiro poeta que eu conocín e tratei persoalmente i era, sin duda, un dos espritos máis finos i elegantes que se podían atopar en todo o ámbito peninsular. Pra que a perda seña meirande, morreu cando estaba preparando un libro de poemas galegos que me quería mandar a mín pra Galaxia.

Eiquí atopeime coa tua carta. Parécenos moi boa idea a incorporación de Blanco Freijeiro⁸¹ con ise interesante traballo de que me falas. Convénceo de que o poña en galego, que será moito máis simpático pra homenaxear a D. Ramón e costaralle moito menos traballo do que íl imaxina. Ademáis, inda lle botas tí unha man si ten dudas. O que moito vos encarecemos ós dous é que faigades canto vos seña posibel por que teñamos eiquí os traballos a fin de mes, pois un retraso maior pertubaría moito os nosos plans, non pola precisión cronolóxica da saída do tomo en orde á

⁸⁰ LUÍS PIMENTEL, nome literario do poeta Luís Benigno Vázquez Fernández (Lugo, 1895 – 1958), foi soterrado uns días antes, concretamente o 13 de febreiro.

⁸¹ *Cfr.* BLANCO FREIJEIRO, ANTONIO (1958), «Punta da muller mariña», *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Galaxia.

data da xubilación, que é materialmente imposible porque se xubila o 5 de marzo, senón polos nosos compromisos coa imprenta. Si non entregamos os orixinás na data comprometida, perdemos o turno e póñense con outras cousas. Farédesnos un grande favor si nolo enviades nos derradeiros días do mes. E tamén si ó copialo o fixédes por triplicado, pra non ter que perder tempo nós en volver a facer as copias. As copias poden ser en papel fino.

Dille a Dámaso que conte coas separatas. Comunícalle tamén a morte de Luís Pimentel e, si fas o favor, entrégalle iste artigo do Cunqueiro⁸² que che incluo.

Home mesmo percurarei poñerme á fala cos teus familiares da Rosaleda pra che enviar os materiás sarmentinos.

Moitos saudos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

P.D. / Dámaso* era amigo persoal do Pimentel. Por eso che envío o artigo.

⁸² Aínda que non podemos precisar a que artigo de Cunqueiro fai referencia (dada a prolífica pluma do mindoniense) ben puidera ser que fale da necrolóxica publicada o día anterior baixo o título «Luís Pimentel», *El Progreso*, Lugo, 16-II-1958.

* É o autor do prólogo a *Barco sin luces*, poemario en castelán do lugués.

[22]

[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 28 de febreiro do 1.958

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
MADRID.

Querido Isidoro:

Na miña derradeira carta anunciábache unha boa nova, que daquela eu tiña pendente de confirmación e que agora, tal como che anunciara, apresúrome a che comunicar antes mesmo que o seipa o interesado.

Fai algún tempo cruzamos algunhas cartas arredor do problema económico de Cabanillas. Tal como entón che dixen, estudouse o problema con toda ouxetividade e con todo o interés que merecía por catro bós amigos de Cabanillas (Penzol, Domingo, Otero e máis eu). Resolvemos facer o único que era viábele dende o punto de vista de armonizar estas dúas cousas: a diñidade persoal do poeta e máis a solución do seu problema económico. O único facedeiro era xestionar do Centro Galego de B. Aires unha pensión vitalicia de dúas mil pesetas mensuales concedida co carácter de “direitos de autor” pola edición da súa OBRA COMPLETA. Resultábanos moi grato percurarlle a Cabanillas a satisfacción de vivir da súa obra. Pra acadalo era necesaria a xenerosidade patriótica do Centro. Fixemos a xestión da maneira que nos pareceu máis axeitada. Tivemos sorte. A proposta xa é un acordo en firme, que entrará en vigor de contado. Imaxínate a nosa gran alegría.

Non me tomes a mal si che aconsello que non trates iste asunto epistolaramente con Ramón fillo, pra que non

embrolle as cousas como as embrollou no voso intercambio anterior. En primeiro lugar porque iste é un asunto do pai e non do fillo; en segundo, porque demostra ter unha idea nada real do problema a través dos puntos de vista que manifestou sobre as obrigas do Centro. O Centro Gallego de B. Aires é unha entidade benéfica creada e sostida polos emigrantes –que non son por certo homes de letras– pra resolver os seus problemas sanitarios. Souperon crear a Institución benéfico–mutualista máis importante e millor orgaizada da Arxentina, o cal constitue pra iles un motivo de lexítimo orgullo. Nistes derradeiros anos, pola influencia que alí deixara a presenza de Castelao e pola eficacia da aituación de algúns dos invitados que levaron deiquí en varias ocasións, quixeron contribuir ó prestixio cultural de Galicia. Pra eso orgaizaron concursos literario–musicales que se veñen celebrando todolos anos, editaron unha serie de libros interesantes pra divulgar o coñecemento de Galicia, convidaron intelectuales galegos a que fosen alá a dar conferencias (Otero, Domingo, Paco, Rof, Valentín) e, finalmente, planearon a publicación das OBRAS COMPLETAS de Castelao, de Cabanillas e de Vilar Ponte, así como unhas antoloxías do conto galego. O presuposto destas edicións representaba unha suma de centos de miles de pesos. O encarecemento progresivo dos gastos sanitarios agobioulles axiña o seu presuposto normal. Tiveron que recurrir ó incómodo procedemento de subir as cuotas pra poder facer frente ós servizos sanitarios creados. Ademáis de subir a cuota, trataron de facer economías nos gastos que non fosen estrictamente benéfico–mutualistas. Entre outros, os do plan de edicións. Suspenderon, pois, a publicación das obras completas de Castelao, dos artigos de Villar Ponte, das antoloxías de contos, etc. Quedaron en pe os concursos literario–musicales, que se siguen celebrando regularmente, a publicación da Revista Médica e máis da Revista GALICIA e a edición da obra de Cabanillas, en consideración a que a edición tiña o valor de un homaxe

que podía recibir en vida. Ora, a edición da OBRA COMPLETA de Cabanillas cóstalles non menos de cen mil pesetas, que en modo algún recuperarán. Trátase de un gasto íntegramente altruista. De nono facer iles, Cabanillas morrería sin ver as suas obras completas editadas (seguramente que tampouco nós, con ser máis novos, as chegaríamos a ver). O simple feito da edición xa é un homaxe que lle fan os emigrantes que, mesmamente por ser diles, ten pra Cabanillas un valor moral incomparábel a ningún outro que se lle poidera facer. Con todo, como saben que é vello e sin recursos propios, enviáronlle xa dez mil pesetas “como dereitos de autor”. Resulta completamente insensato darlle a iste problema un carácter comercial e supoñer que lle adeudan esa cantidade, porque iles non van facer negocio ningún, que lles vai costar cartos. E un editor que as publique como “negocio” nono atoparía Cabanillas en ningunha parte. Por outra banda ¿sabes canto pagou Aguilar⁸³ polos dereitos de autor das OBRAS COMPLETAS de Rosalía? Pois xustamente dez mil pesetas. Todo esto non parece que estea no miolo de Ramón (fillo), quen ó parecer coida que vivimos nun mundo en que se poden facer negocios con versos. Sería, polo mesmo, unha brutal inxusticia que a conducta altruista e xenerosa dos emigrados, que lle fan a Cabanillas o merecido homaxe de lle editar as suas obras, de lle enviar dez mil pesetas como dereitos de autor e agora, sabedores de que está vello e doente, acórdanlle unha pensión vitalicia de duas mil pesetas mensuales, fose interpretada con criterio mercantil. Ademáis de que resultaría innoble rebaixar ó mesmo Cabanillas, cuia xenerosidade e nobleza de esprito está i estivo sempre á altura en que os emigrados situaron o problema. O que as Diputacións e Concellos de Galicia non souperon nin quixeron facer cos cartos de todos os galegos,

⁸³ Cfr. CASTRO, ROSALÍA DE (1944), *Obras Completas*, recopilación e estudo biobibliográfico por Victoriano García Martí, Madrid: Aguilar.

fixérono en cambio con entusiasmo os emigrados cos seus propios cartos. Isto pra min é verdadeiramente emocionante e coído que iles souperon obrar representándonos a todos moito millor do que nos representan Diputacións e Concellos ¿Non cho parece a tí tamén?

En fin, querido Isidoro, o importante é que hoxe os devotos amigos de Cabanillas podémonos sentir ledos de ver que na sua vellez recibe o agarimo espritoal e material do seu pobo, que pra un poeta é o máisimo premio a que pode aspirar. Agora que Deus nolo conserve uns cantos anos con nosco, pra íremos de vez en cando a Cambados a parolar con íl, e de paso, si estás por alí, contigo.

A Ramón (fillo) pénsolle espricar ben e con craridade as cousas cando teña oportunidade de falar persoalmente con íl, pois tí xa sabes que esta cras de asuntos é millor falalos que tratalos epistolarmente. Estou seguro de que se decatará axiña da realidade do problema, pois íl é certamente intelixente según teño comprobado no trato que tiven con íl. En cambio a tí quíxencho comunicar de contado, porque sei que, como me pasou a min, recibirás unha grande alegría e incluso te quitarás de enriba unha boa preocupación. Polo menos a min así me sucedeu, que non estiven tranquilo mentres que se non resolveu o problema.

O bó de Benchosey⁸⁴, nunha arroutada absolutamente irrefreisiva, armou unha zarabanda respetábel por non

⁸⁴ XOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ-OXEA, BEN-CHO-SHEY (Ourense, 1896-Madrid, 1988). Mestre de ensino primario, mobilizado como soldado para a guerra de Marrocos, onde, en 1922, nacería o pseudónimo que empregou para as súas crónicas de guerra enviadas ao xornal *La Zarpa*, de Ourense, dirixido por Basilio Álvarez. Como mestre exerceu en Cariño e na parroquia de Sta. Marta de Moreiras (Ourense), da que realizou estudos etnográficos publicados en 1969. En 1935 ingresou no Corpo de Inspectores de Ensino Primario, posto que desempeñaría ata a xubilación. Establecido en Lugo, presidiría a asemblea local do Partido Galeguista. En 1937, como represalia, foi

figurar íl no tomo–homaxe a Otero. Non coidei que o seu infantilismo chegase a tanto. Non quer comprender que pra poderen figurar todolos que de boa gana quixeran, teríamos que publicar catro tomos en lugar de un. E craro está que nos gustaría pubricalos, a nós máis que a ningún. Pro non temos cartos pra o facer. Ocurriunos o mesmo co de Cuevillas. A limitación de espacio fixo que renunciásemos a figurar no tomo de Cuevillas⁸⁵ moitos amigos e admiradores que nos gustaría moitísimo participar persoalmente no homaxe. O que fixemos foi incluír ós arqueólogos, prehistoriadores i etnólogos, pola súa afinidade cultural con Cuevillas e considerarnos os demáis representados por iles. Non se podía facer outra cousa. Nise tomo figuraba, naturalmente, o Benchosey. Agora, co tomo de Otero, percuramos que os colaboradores fosen de campos culturás distintos ós de Cuevillas, pois saíndo como saen un a continuación do outro semella moito máis atinado que presenten diversidade de horizonte cultural, tanto polos temas como polos colaboradores. Non vexo que neste criterio poida atoparse dano algún pra o prestixio da cultura galega, da que Cuevillas e máis Otero son dúas figuras moi representativas e ilustres. Por esta razón, evitou-

trasladado a Cáceres e suspendido de emprego e soldo por tres meses. Máis tarde desenvolvería tamén a súa profesión en Toledo e en Madrid promovería un importante labor cultural, alén de ser mentor de mozos galegos estudantes como Xesús Alonso Montero ou Xosé Luís Méndez Ferrín. De feito, axudou á fundación de colectivos como o Grupo Brais Pinto. E foi directivo do Centro Galego de Madrid. Na súa obra salientan as investigacións históricas, etnográficas, heráldicas, etc., alén da súa prosa en *Andrómenas* (1954), dos versos do libro *A ducia do frade* (1966) ou das súas colaboracións xornalísticas.

⁸⁵ Cfr. AA. VV. (1957), *Homaxe dos amigos e discípulos do Petrucio da Prehistoria galega Florentino L. A. Cuevillas no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Galaxia, Título da cuberta: *Homaxe a Florentino L. A. Cuevillas*, Na portada: *Frol e froito de un fidalgo vivir*.

se repetir os nomes do tomo anterior. Todos o atoparon natural e sintense co leitivamente representados polos que participan, como anteriormente nos sucedeu ós non participantes no tomo de Cuevillas. Isto, que é tan sinxelo e tan doado de comprender si se pensa na cultura galega como realidade ouxetiva, non cabe na cabeza do amigo Benchosey. Non se quer decatarse que pra facer laboura de colaboración, laboura en común, non se poden reducir os problemas á pura e simple escala personal. Dise xeito, como compenderás, nunca se faría nada.

No tomo de Otero tratamos de que estivesen representados tres grupos de colaboradores: un grupo de non galegos, un grupo de galegos consagrados e un grupo de valores “novos”. Os primeiros representan a universalidade da nosa proiección cultural, os segundos o momento presente da nosa cultura e os terceiros a renovación da nosa cultura. Resultará un conxunto bó e digno do que Otero é e representa. Contra a nosa vontade teñen que quedar moitos amigos sin incluír, como anteriormente quedamos tamén moitos no de Cuevillas. Todo labor baseado na colaboración, na acción colectiva, ten necesariamente que se basar nesa solidariedade representativa.

Bueno, por hoxe chega ben de leria. Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón [sinatura autógrafa]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 5 – III – 58

Querido Isidoro:

De volta de Cambados, a onde fun con Paco Luis Bernárdez⁸⁶ a pasar unhas horas co vello Cabanillas, atópome eiquí coa tua carta e máis co traballo “Lexicografía y etimología gallega”⁸⁷, que inda non tiven tempo de ler.

Estate tranquilo no tocante a Ramón fillo, pois estaba na miña intención o acrararlle axeitadamente as cousas, intención que agora se reforza coa tua carta. O único que eu desexo é tratar o asunto persoalmente millor que por carta, pois tí ben sabes que en media hora de conversa acrárase bastante máis que nunha serie de cartas. O poeta está físicamente decrebado, pro conserva unha admirabel lucidez mental e bastante enerxía de espírito. Xa sei que o fillo Ramón está en Vigo.

A falla de virtudes millores, teño polo menos a de ser persoa razonábel. Eso quer decir que podes manifestar con toda tranquilidade os teus puntos de vista sobre os americanos ou sobre o que queiras na seguranza de que, comparados ou non, sempre os escoitarei con gran respecto. E tamén podes estar seguro de que, nos casos en que discrepe dos teus puntos de vista no tocante a enxuiciar persoas ou institucións, será unicamente polo desexo de non ser inxusto, pois nada me arrepía tanto de min mesmo

⁸⁶ FRANCISCO LÚIS BERNÁRDEZ. *Cfr. supra* Carta 18.

⁸⁷ *Cfr.* MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, ISIDORO (1958), «Lexicografía y etimología gallega: Gall. Inar “Jadear”», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Galaxia, pp. 255-268.

como a posibilidade de ser inxusto con alguén por me deixar levar de impulsos subxetivos⁸⁸.

Mandarémosche as probas e tamén as de Dámaso. Conta tamén coas separatas.

O do Ben–Cho–Sey é unha cousa tan lamentabel como insensata. Isabel escribiume a mín. Eu tratei de lle acrarar as cousas. Ora, unha vez que lles fixemos todas as acraracións razónabeles que cabía facer, e coa conciencia tranquila no tocante ós móbiles da nosa conducta, agora non é cousa de que insistamos en lle dar voltas ó asunto. Alá íl. Xa se convencerá co tempo. Por si foran poucos os pequenos problemas de orde material e ouxetivo que temos que sortear día tras día, aínda nolos veñen a complicar con nenadas inconscientes.

¿Qué sabes do traballo de Blanco Freijeiro? ¿Fáltalle moito?

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

En Cambados vín a vosa casa, que é, por certo, ben fermosa.

Hoxe foi un día de intensa emoción universitaria en Compostela. A derradeira leición de D. Ramón, que estaba anunciada na aula nº 1 de Filosofía, tivo que pronunciala no Paraninfo⁸⁹, que se abarrotou de xente en formal tal que non cabía nin unha agulla máis –e quedaron moitos sin poder entrar–. Veu xente da Coruña, do Ferrol, de Pontevedra, de Vigo, de Ourense, de Padrón. O agarimo

⁸⁸ *Cfr. infra* a valoración persoal que fará sobre Alonso Montero.

⁸⁹ *Cfr. MÉNDEZ FERRÍN, XOSÉ LUÍS (1999), No ventre do silencio, Vigo: Xerais. A figura de don Ramón, Maître Obscure, protagoniza algúns episodios da novela.*

cordial dos estudantes era cousa impresionante, que conmovía mesmo ás pedras da Universidade. Pedíronlle as alumnas que a súa derradeira leición a pronunciase en lín-goa galega, cousa que fixo. Os aplausos foron verdadeiramente épicos. Non hai hoxe ningún galego vivo capaz de espertar unha afervoadada adhesión espontánea como a que a D. Ramón se lle tributou hoxe.

[24]

[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 9 de marzo de 1958

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
MADRID.

Benquerido Isidoro:

Fai días mandei a Vigo o traballo de Sarmiento. Non sei por qué, unha vez enviado entroume unha rara desconfianza de que non fose inédito. Como a desconfianza iba en aumento e comenzaba a ser congoxosa fixen pescudas sobre o particular e atopeime con que, nefeito, iste traballo xa foi publicado no Boletín da Comisión de Monumentos de Orense en data bastante recente (Tomo XI, 1.938)⁹⁰. Avisei decontado a Vigo pra que o retiren do tomo. Non é cousa de que o publiquemos, pois en realidade, estando xa publicado en data tan recente i en Ourense, non está xustificada a súa inclusión no Homaxe a Otero ¿Non opinas tí o mesmo?

⁹⁰ Cfr. SARMIENTO, FR. MARTÍN (1938), «Disertación sobre el origen de la voz Castellanos de Orense (1758)», *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, Tomo XI, 1938, pp. 403-416.

Non sei si che dixen que iste ano o primeiro premio de poesía galega nas Minervales levouno o amigo Franco Grande. A festa resultou moi brillante. Celebrouse na antiga capela do Hostal, con Raíña, Corte de Honor e demáis ceremonial provenzalesco. Había moita xente. A D. Ramón tributáronlle moitas e garimosas ovacións. Está convertido no máis poderoso símbolo humán do sentimento galego. Púxose de manifesto coa xubilación, que conmoveu fundamente a todo o país. Non houbo xornal en onde non se comentase espresivamente a importancia ia siñificación da persoalidade de Otero Pedrayo.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo [as tres últimas palabras autógrafas]

Ramón [sinatura autógrafa]

[25]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Castropol, 20 – III – 58

Querido Isidoro:

Dende o día 16 estou eiquí na ría do Eo –que é, por certo, moi fermosa– pasando uns días con Fermín e Blanquita Penzol. Non hai no mundo millor sitio pra descansar. Paso moitas horas parolando acarón dunha chimeña ben abastecida de leña de carballo. Confío en que esto axudará a percurarlle acougo á miña vesícula doente.

O mesmo día que me viñen botei ó correo unha carta pra tí. Agora decátome que me esquencín de incluír na

lista dos colaboradores do tomo a un dos máis destacados: G. Marañón⁹¹. Tampouco che acrarei que non hai que temer alporizamento algún por parte de Alonso⁹², pois íl mesmo tratou de orgaizar un tomo pola súa conta “en contra de Galaxia”. Convocou xuntanzas con ise fin e propoñíalles ós demáis que percurasen os cartos e íl proporcionaría as colaboracións, que na súa opinión deberían ser estas tres: Alonso Montero, Dámaso Alonso e Rodrigues Lapa. Como podes supoñer, tomárono todo a beneficio de inventario e non lle fixeron o menor caso, en vista do cal decidiu retirarse da tertulia do Español, na que paraba todolos días bastantes horas, e substituíuna por xuntanzas que celebra os viernes na súa casa. Seguindo esas ondas periódicas de agresividade verbal que o casamento non lle evitou, fai unha semana comenzou a provocar ós rapaces na rua, e sempre espeitaculamente á vista da xente, con violentas injurias antigaleguistas. Ocurriu o que eu viña temendo dende o ano pasado: unha tarde, diante da “cola” do cine Yago (na rua do Vilar, ás sete da tarde) espresouse ofensivamente contra os galeguistas encarándose con Franco Grande. Iste, que xa lle aguantara outra ofensa pública o día anterior no Preguntoiro, considerou que non era suportabel tanta insolencia e reacionou ofrecéndolle –e dándolle– unhas soberbias labazadas; íl fuxiu, e Franco entón zoscoulle un par de couces. O grotesco espeitáculo do profesor, que pasou da iracundia ofensiva (verbal, craro) ó cobarde fuxir material, provocou as risadas do público. Como ves, é completamente incorrexibel. Nin fai nin dí máis que necedades. Hai que o deixar que dea coa cabeza contra a parede todalas veces que queira. Coido que nin así escarmentará. En fin, non hai que lle facer.

⁹¹ GREGORIO MARAÑÓN Y POSADILLO (Madrid, 1887 – 1960) Médico e ensaísta español.

⁹² XESÚS ALONSO MONTERO. *Cfr. supra* Nota 1 da Introducción e Apéndice.

Eu voltarei a Compostela pra mediados da semana que ven. Como Penzol irá na Semana Santa á Cruña, un día farésmolle unha visita a Cabanillas.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

[26]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Castropol, 24 – III – 58

Querido Isidoro:

Niste intre recibo a tua carta. Quérote tranquilizar no tocante ó traballo de Dámaso, pois eu xa conocía o compromiso que no noso nome tiñas adquirido con Dámaso ó facéreste cargo do seu traballo. Ise compromiso, querido Isidoro, considerámolo de todos nós. Ou sairá ben ou non sairá. Pro eu teño a promesa formal de Viñas⁹³ de que sairá ben. O que ocorre é que resultará moito máis laboriosa a cousa. pro insisto en que esteñas tranquilo.

⁹³ Fai referencia a LUÍS VIÑAS CORTEGOSO. «Xa nos comezos da actividade da editora entrou a formar parte do Comité de Xerencia encargado da xestión de todos os traballos. Compúñano o conselleiro-delegado, Xaime Illa Couto; o secretario de actas, Emilio Álvarez Blázquez; o director literario, Ramón Piñeiro; o xefe de fabricación, Luís Viñas Cortegoso; o xefe de vendas, Xosé Meixide; o de contabilidade, Rufo Pérez; o director artístico, Ricardo García Suárez. Ademais de Antón Beiras García e nós, como secretario de xestión». *Cfr.* FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO (2006), «Xohán Ledo na memoria», *Cadernos Grial, As caras do libro, homenaxe a Xohán Ledo*, Vigo: Galaxia.

Como Isabel non puido acompañarme e quedou en Santiago, dende alí comunicoume que chegou unha carta tua, que é, sin duda, esa a que fas referencia. Como o 26 chegarei de novo a Compostela, non me enviou a correspondencia eiquí. Por eso non sabía nada da nova versión do “Inar”⁹⁴ nin do ofrecemento de Pensado⁹⁵. No tocante a iste, pola nosa parte encantados. O único incomenente é que necesitabamos o traballo nistes mesmos días –non se pode demorar máis, porque sinón eternízase na imprenta–, e tamén, por razóns que comprendes de sobra. Convíñanos que non prantexase problemas do tipo dos de Dámaso. Pola nosa parte podes estar seguro que, nesta ou noutras ocasións, teremos moito gosto de contar coa colaboración do Pensado ¿Por qué non? ¿Non te lembras que no xaneiro eu mesmo che dixen que quedaba á tua apreciación o convidalo ou non? Mais si inda ten que facer o traballo, a mín dame verdadeiro pánico. Levamos dende o 31 de Nadal –data tope que se tiña fixada– alongando e alongando a recolleita das colaboracións. Tí xa comprendes que a realización destas cousas que son obra do esforzo coletivo desborda por completo as posibilidades da vontade individual. Si nos poideses enviar o seu traballo neste mes, non habería dificultade.

Non sei si Dámaso ten idea crara do que é Cervantes. Maxínome que non. Non é zona de doado acceso pra quen careza de apoios eficaces no país. Eu estiven alí no setembro. Dende logo, si falas con il, pódesslle ofrecer a nosa colaboración, pois afortunadamente eu conto con óptimas claves pra penetrar nos Ancares, cousa que non é, como che dixen, nin doada nin cómoda.

⁹⁴ Cfr. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, ISIDORO (1958), «Lexicografía y etimología gallega: Gall. Inar “Jadear”», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo: Galaxia, pp. 255-268.

⁹⁵ JOSÉ LUIS PENSADO TOMÉ. Cfr. *supra* Carta 7.

As barrullentas ofertas do Alonso son unha mostra da sua asombrosa e disparatada irresponsabilidade. Parece ser que presume do que íl e máis Dámaso van facer man a man non sei cantos traballos lingüísticos. Quizáis se lle ofreceu pra o acompañar a Cervantes. Non sei si o ilustre Dámaso é perspicaz ou non pra conocer a xente. En fin, alá íl.

Xa che escribirei cando chegue a Compostela.

Moitos saúdos de Fermín e Blanquita Penzol e unha aberta moi forte do teu amigo

Ramón

[27]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 12 – IV – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid.

Benquerido Isidoro:

Recibín a aportación de Pensado, que copiei decontado, e mandeina a Vigo ó día seguinte. Totalmente de acordo coa tua opinión sobre a importancia intrínseca de tal vocabulario, que é mínimamente “lingüístico”, pois a imprecisión sinificativa das voces i a confusión do galego co castrapo resultan moitas veces pintorescas. A impresión que dá é que se limitou a recoller o que lles ouvía decir as suas criadas, unha das cales debía ser de Mondoñedo e outra de Santiago, e cicais outra de Tuy, pois tales son as referencias xeográficas a que máis espresamente se refire. Por eso

abundan tanto os nomes de peixes e de froitas, así como os disparates castrápicos. Bótase de ver que non recabou ningún asesoramento de persoas cultas do país. Por un detallado exemplo cuartelario que pon semella, nefeito, que fose militar. Con todo, algo raro resulta que un militar español de comezos do XIX –e de calquera data– seipa escribir coa relativa precisión terminolóxica con que o autor do vocabulario se manexa dentro do castelán. Podería ser outra cras de funcionario, por exemplo un funcionario xudicial destinado na Cruña ¿Non coidas? Craro que non é cousa de moita trascendencia o identificarlle a verdadeira personalidade.

O martes estivemos en Padrón, a presenciar o homaxe a Rosalía–Cabanillas. Iste emocionouse bastante, cousa que se comprende polo agarimo da xente. Otero estivo moi brioso e valente. Montero Díaz⁹⁶, que era quen tiña que falar, fixo unha desas estranas viravoltas que ás veces fai e non acudiu. Mándoche o longo e monótono poema que nos leu alí o Aquilino⁹⁷, que lido por íl resultou máis monótono e máis longo.

⁹⁶ SANTIAGO MONTERO DÍAZ. *Cfr. supra* Carta 15. Montero Díaz deu ou prestou o seu nome diante do goberno civil para que o acto fora autorizado. Nada máis.

⁹⁷ AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO. Moi outra é a versión que di: “Colle agora a palabra Aquilino Iglesia Alvariño para recitar un longo poema dedicado ó “poeta da Raza”. Alta, limpa coma o trigo limpo, elegante, a voz de Aquilino edifica un discurso excepcional sobre o oficio de poeta na sociedade que remata con estes versos: “Pero aquí está o Poeta das aradas leves do soño,/ noso irmán o Poeta das boas novas./ Na ribeira onde se fan os barcos ledos dos soños que non morren/ o seu canto arbora claras bandeiras no mencer”. (O último verso aparece na *Poesía Galega Completa* como “sobor da mar aberta cara o ceo”). Redes Escarlata (2008). *A trabe de ouro*, nº74 páx. II/144, in MANIFESTO POLA LEMBRANZA DO 50 ANIVERSARIO DA COROACIÓN POÉTICA DE CABANILLAS NO ESPOLÓN DE PADRÓN.

O Cabanillas está eiquí en Compostela. Hoxe estiven co íl. Xa me dixo que os frades se portaran moi ben contigo e que che deixaron levar pra Madrid dous códices pra traballares nils. Alégrome moito de comprobar a tua eficacia na diplomacia freiresca, que en máis dunha ocasión pódenos ser de gran utilidade.

Ramón Cabanillas (fillo) trasladouse pra a Cruña, con un novo destino que lle percurou o seu irmán que está en Sindicatos. Estivemos xuntos breves momentos e quedamos de nos ver calquera día. Agora cando operen ó pai non deixará de vir.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

[28]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 7 – VI – 58

Sr. D. Isidoro Millán G–Pardo

Madrid.

Benquerido Isidoro:

Conto que hoxe quede rematado nos talleres do “Faro” o tomo-homaxe a D. Ramón. Tivo que sufrir alí moita demora porque interrumpiron o traballo con outras cousas alleas. Eu xa teño ben ganas de o ver dediante.

A Cabanillas, que sigue por eiquí, fai un mes que non o vexo. Teño algunha vez noticias dil por un intermediario que nos visita ós dous, pois eu tiven que pasar o mes de maio no leito por causa dunha latosa doenza gástrica. Agora vou bastante millor e xa fai dous días que me ergo. En canto salir –dentro doutros dous ou tres días– penso ir ver ó noso poeta.

Coido que seguirás indo e vindo do Escorial a Madrid.

O probe do Ferrin afociñou co Adrados⁹⁸, según me informa o Lorenzo⁹⁹. Iste, en cambio, parece que saca o curso ben.

Xa soupen que os libeiros de Madrid lle orgaizaron un homaxe a Dámaso polos 25 anos de cátedra universitaria. Deiquí mandamos varias adhesións, incluída a da Real Academia Galega.

En fín, coido que dentro de poucos días poidas recibir o tomo.

Unha aperta moi forte do teu bó amigo

Ramón

⁹⁸ FRANCISCO RODRÍGUEZ ADRADOS. *Cfr. supra* Carta 6.

⁹⁹ RAMÓN LORENZO VÁZQUEZ.

[29]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 17 – VI – 58

Benquerido Isidoro:

O sábado estiven en Vigo i estaban preparando os exemprares do tomo pra lles enviar ós colaboradores. Como é natural, alí estaba tamén o teu, disposto pra ir ó correo. Dentro de algúns días enviaranche as separatas.

Pra llo entregar a D. Ramón fixemos unha especie de pelerinaxe a Trasalba dende toda Galicia: Ribadeo, Lugo, Coruña, Laxe, Compostela, Vigo, Vilagarcía, Ourense e Baiona foron os lugares de procedencia. Xuntámonos na casa de D. Ramón uns 30 amigos. El estaba feliz. Cando, ó remate do xantar, Xaime Isla ofreceulle o tomo en nome de Galaxia, D. Ramón quedou conmovido. Xaime falou con gran sinceridade i emoción; D. Ramón, coído que por primeira vez na súa vida, non puido falar. Pronunciou unhas verbas case tatexantes e tivo que calar dominado pola emoción. Hoxe emprenderá coa súa dona o camiño de Portugal, pois vai asistir a un congreso que se celebra no Porto en honor de Leite Vasconcelos¹⁰⁰.

¹⁰⁰ JOSÉ LEITE DE VASCONCELOS CARDOSO PEREIRA DE MELO (Ucanha, Tarouca, 1858 – Lisboa, 1941). Lingüista, filólogo e etnógrafo portugués. Licenciouse en Ciencias Naturais en 1881 e en Medicina en 1886, na Escola Médico-Cirúrxica de Porto, mais a súa tese de licenciatura, *Evolução da linguagem* (1886), xa demostraba o seu interese pola filoloxía. Fundou a *Revista Lusitana* en 1889, o *Arqueólogo Português* en 1895 e o *Museu Etnológico de Belém* en 1893. Doutorouse na Universidade de París con *Esquisse d'une dialectologie portugaise* (1901), o primeiro compendio da dia-topía do galego-portugués.

En Trasalba lembreime moito de tí. Sei que houberas pasado unha xornada feliz con todos nós. Se non fora por estares tan lonxe, teríamoste incorporado á pelerinaxe.

O Cabanillas vai espilindo bastante. Dentro de algúns días quere se marchar pra Cambados.

O Ferrín é un rapaz de temperamento rebelde e toleirón e, polo mesmo, moi propicio ás imprudencias académicas. O feito de non te avisar hai que o situar na liña da súa rebeldía temperamental a pedir axuda e non no da dúbida da tua eficacia. Teremos que nos preocupar de que no setembro lle botes tí unha man sin necesidade de forzar a íl a pedilo. Non hai ningunha dificultade porque tí eres comprensivo dabondo pra estas rarezas dos poetas mozos.

Moito me alegrou a nova de que te nomearán adxunto na Facultade. eso colocarate no bó camiño da cátedra. Temos necesidade de que sexas catedrático ae a ser posíbel, catedrático na Univ. de Santiago. Sería un ben de Deus pra a nosa vida cultural. Eiquí, querido Isidoro, ten que frorecer e froitificar un humanismo galego. Eu confío en chegar a conocele. Sei, tamén, que esa posibilidade está nas tuas mans. por eso, ademáis das fondas razóns de amizade, sinto tan vivo interés polo teu camiñar.

Si ves a Galicia no vran –agardo que si– non deixes de me avisar. Falaremos de moitas cousas.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte pra tí de

Ramón

P.D./ Na semana pasada enterramos en Boisaca a Carlos Maside¹⁰¹ ¿Conocíalo?

¹⁰¹ CARLOS MASIDE GARCÍA (Pontecesures, 1897 – Santiago de Compostela, 1958). Pintor. Faleceu logo dunha longa doenza e foi soterrado no cemiterio compostelán de Boisaca o 10 de xuño, unha semana antes da carta de Piñeiro. En 1918 principiou a publicar en *Vida gallega* e vencellouse aos autores do grupo Nós, facendo amizade por afinidade estética con Castelao A súa obra, de fonda raigame galega, adoita emparentarse co cubismo, o realismo máxico e o impresionismo, polo que se considerou unha referencia das vangardas pictóricas galegas. Na súa formación artística salienta a estadia en París, cunha bolsa para ampliar estudos por dous anos, de onde recibiu o influxo de Cézanne, Gauguin e Van Gogh, en obras como *Labregas comendo mazás* (1927-1928). A liña do expresionismo alemán pódese ollar no cadro *Cabezudo* ou nas obras con presenza da muller, *Costureira*, *Cacharreira* ou *Parolando*. Formou parte da renovación plástica do grupo Os Novos, que nos anos trinta se xuntan en Madrid, na tertulia da Granja del Henar e arredor da revista *Nueva España*. Son pintores, periodistas, ensaístas e pensadores que forman un heteroxéneo grupo disciplinar, coa mesma tensión espiritual e creativa. Alén de Maside, estaban Rafael Dieste, Eugenio Montes, Otero Espasandín, Xesús Bal y Gay, Fernández Armesto, Arturo Souto, Cándido Fernández Mazas ou Manuel Colmeiro, que colaboran nas actividades socio-culturais da IIª República. Participou na colección de arte contemporánea do Seminario de Estudos Galegos, con pezas que os artistas entregaban para seren membros numerarios e foi vogal da Xunta Directiva da Sociedade de “Amigos del Arte” para o desenvolvemento das artes plásticas. En 1932 realiza “estampas” e gravados para *Resol*, *Universitarios*, *Cristal* e *Yunke* e tamén as famosas xilografías do seu *Autorretrato* e do *Retrato de Castelao*. En 1932 parte da súa obra foi escollida para a mostra itinerante que percorre USA baixo o título de Exposición de Artistas Españoles Contemporáneos, xunto a Daniel Vazquez Díaz, José Moreno Villa, Maruja Mallo, Arturo Souto, Ricardo Baroja, Hidalgo de Caviedes e José Gutierrez Solana. En marzo dese ano presenta no Casino de Vigo a primeira gran exposición individual, que constitúe un fito social e artístico, mais un fracaso económico. A Guerra Civil inflúe na súa obra e desenvolve novas técnicas de distanciamento ou de estrañamento, vivindo como artista marxinado que se afasta da contemporaneidade oficial hostil á arte. Durante varios anos vive no illamento, no exilio interior, e unido ideoloxica e afectivamente aos amigos exiliados. Rafael Dieste, Luís Seoane, Antonio Baltar e Isaac Días Pardo alicerzaron a creación do Museo Carlos Maside de Arte Contempo-

[30]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 26 – VI – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid.

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua carta e xa vexo que a tua primeira e rápida ollada ó conxunto do tomo fíxoche boa impresión. Agardo que a lectura demorada dos restantes traballos confirmará aínda máis esa primeira impresión outimista. Visto agora en conxunto coido que o tomo é realmente bó. Nono digo, ben o sabes, pola miña participación nil senón polo nivel do conxunto dos traballos. Paréceme, ademáis, que en xeneral as letras galegas manteñen con diñidade esa especie de diálogo cos mestres non galegos alí presentes. Dende o punto de vista de Galaxia é, dende logo, un bó triunfo.

A curiosidade tan dilixente do Dámaso por pescudar os motivos da ausencia do noso común amigo Filgueira¹⁰² fíxome gracia. Polo visto ahí en Madrid coidan que a cultura galega ten o seu centro no Museo de Pontevedra.

rána, na súa memoria. Cfr. AA. VV. (1979), *MASIDE. Un pintor para unha terra*, con artigos de Isaac Díaz Pardo, Salvador García Bodaño, Carlos García Martínez, Xohan Ledo, Ramón Piñeiro, Luís Seoane, María Luisa Sobrino e Limiar de Pedro de Llano. Vigo: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e RODRÍGUEZ LOSADA, M^a ESTHER (1989), *A época da Segunda República vista por Carlos Maside*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

¹⁰² Fala, evidentemente, de XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE, na altura Director do Museo de Pontevedra e fáctotum da actividade cultural da época.

O tomo poñerase en circulación a primeiros de mes. Xa veremos como reacionan os participantes nil. Seguramente que lles inspirarán respecto moitos dos nomes do sumario e con tal motivo moderarán os seus xuícios.

O que dis do traballo de Domingo¹⁰³ é totalmente atinado e xusto. Tamén o que dis de D. Américo¹⁰⁴, que por certo agardámolo por eiquí nestes días. O teu xuício sobre as diverxencias entre os puntos de vista de Carballo e mailos meus coinciden, case literalmente, coa opinión do Celestino¹⁰⁵, espresada en carta que me chegou xunto ca tua. Dende logo, o ensaio de Carballo¹⁰⁶, como tal ensaio, é moito millor que o meu. O que ocorre é que eu tiña sobre íl a ventaxa de conocer moito máis íntimamente a Otero. Traballos sobre temas concretos da obra de Otero figuran tres: o de Rodrigues Lapa¹⁰⁷, o de Río Barxa¹⁰⁸ e máis o de Franco Grande¹⁰⁹. O de Carballo trata, en realidade, da persoalidade literaria de Otero, i o meu da sua persoalida-

¹⁰³ Cfr. GARCÍA SABELL, DOMINGO (1958), «Don Ramón, no tempo», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia, pp. 15-19.

¹⁰⁴ Cfr. CASTRO, AMÉRICO (1958), «En Santiago de Compostela», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia, pp. 21-25.

¹⁰⁵ CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA. Cf. *supra* Carta 4.

¹⁰⁶ Cfr. CARBALLO CALERO, RICARDO (1958), «Ramón, príncipe de Aquitania», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia, pp. 27-48.

¹⁰⁷ Cfr. RODRIGUES LAPA, MANOEL (1958), «A ideia de comunhão em Otero Pedrayo», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia, pp. 73-78.

¹⁰⁸ Cfr. RÍO BARXA, FRANCISCO XAVIER (1958), «A persoalidade xeográfica de Otero Pedrayo», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia, pp. 269-274.

¹⁰⁹ Cfr. FRANCO GRANDE, XOSÉ LUÍS (1958), «A Galicidade da paisaxe en Otero Pedrayo», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia, pp. 289-300.

de en conxunto. Van, polo mesmo, dende o concreto ó xeneral, inda que sin tocar todos os temas. Eso queda para vindeiras tesis doutorales ¿Non cho parece?

Tocante a Dámaso, nas tuas mans queda esta suxerencia: si consideras que é comenente percurar o seu achegamento a nós xa sabes que eu pódolle facilitar moito a penetración nos Ancares. Non sei que plans ou con que medios contará íl. Si non-os ten moi consolidados, tí podes facer ou non o ofrecemento, según o estimes millor. Esto no caso no caso de que non teña feito o programa en colaboración con algún discípulo de por eiquí. Si a esculca lingüística a fai na primeira quincena de agosto, ó millor inda o acompañaba eu.

Deixáronme abondo desacougado as tuas sospeitas encol do posíbel “trasacordo” madrileño do Gil¹¹⁰. Queira Deus que non pasen de cautas sospeitas galaicas.

Saúdos de García Sabell e máis de Isabel. Unha aperta moi forte de

Ramón

¹¹⁰ ÁLVARO GIL VARELA. *Cfr. supra* Carta 5.

[31]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 29 – VI – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo

MADRID.

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua carta. O martes estarán listas as separatas e o mesmo martes che enviarán as tuas pra que che cheguen axiña. As impresións recollidas polo de agora sobre o tomo son escelentes. Semella que a todos gusta. Un dos ensaios que máis sensación produce é o do Celestino¹¹¹. Cando o leas, si verdadeiramente che gustase, non estaría mal que lle puxeses unhas liñas, animándoo de paso a que faga máis, pois íl ten por tí gran aprecio e non deixaría de lle impresionar positivamente o teu xuício estimulante. Dígocho porque estamos niste intre librando unha discreta batalla psicolóxica pra o lanzar a facer cousas e temos que crebar un prolongado hábito de hipercriticismo e abulia. No caso de que o traballo che gustase e te animases a lle escribir, as señas son moi sinxelas: Gobierno Civil – LUGO.

Todo o que dis encol de Dámaso seméllame moi asisado. Polo dagora non me escribíu, inda que cicais o faga con motivo de acusar recibo do tomo. Completamente dacordo contigo en que o ofrecemento ten que ser curtés e non adulatorio. En caso de que se decida, ó cabo, a percurar o noso apoio pra

¹¹¹ Cfr. FERNÁNDEZ DE LA VEGA, CELESTINO (1958), «Abrente e solpor da paisaxe», en AA. VV. (1958), *Homaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia, pp. 103-128.

a súa xeira ancaresa, será ben que me comunique un esquema do programa que pensa realizar. Eu trataría incluso de o acompañar si non cadra no período do Apóstolo, pois nises días teño obrigas galaxianas en Compostela. A penetración nos Ancares podemoslla facilitar extraordinariamente, movilizandoo a colaboración dos indíxenas (que naquelas latitudes é imprescindible) e percurando que a empresa lle resulte o menos incómoda. Mais pra todo eso compre coñecer o programa con certa antelación.

Non sabes canto me magoa o que me contas do Gil¹¹². Sinto ben que se torcese a oportunidade da Adxuntía ¿Qué che aconsella o Adrados¹¹³?

O artigo do Xesús¹¹⁴ é certamente unha fiel radiografía espritoal do autor. É sempre así en canto di e fai. Ben lembro a tua profecía sobre o seu viramento.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón

¹¹² ÁLVARO GIL VARELA. *Cfr. supra* Carta 5.

¹¹³ FRANCISCO RODRÍGUEZ ADRADOS. *Cfr. supra* Carta 6.

¹¹⁴ XESÚS ALONSO MONTERO. *Cfr. supra*.

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 12 – VII – 58

Benquerido Isidoro:

Acabo de recibir a tua carta, na que me espricas os plans do Dámaso... no caso de vir. En realidade, polo que se ve ten todo bastante ben resolto. A min somentes me preocupaba o axudarlle a unha doada penetración en Cervantes. Esto, contando coa excelente colaboración de Evaristo Correa¹¹⁵, non terá pra íl ningunha dificultade, porque os Correa Calderón son de Neira de Rey –ben perto de Cervantes– e teñen gran prestixio e influencia en toda aquela bisbarra, prestixio por certo moi merecido porque todos iles son moi boa xente. O Evaristo pasa os vrans na Pobra de Trives (a sua dona é a

¹¹⁵ EVARISTO CORREA CALDERÓN (Baralla, 1899 – Pobra de Trives, 1986). De familia ben, en 1917 marcha a Madrid e inicia estudos de Filosofía e Letras na Universidade Central, que non chega a rematar, nas aulas coincide co poeta Luís Amado Carballo. Aloxouse na Residencia de Estudiantes onde coñece a Juan Ramón Jiménez e convive con outros residentes como os lugueses Carlos e José Vazquez Fernández Pimentel –irmáns do poeta– ou co cineasta Luís Buñuel. Na altura descobre ao Luís Pimentel poeta, ao musicólogo Xesús Bal, ao pintor Angel Johán e ao namorado da arte e mecenas Álvaro Gil. Licénciase en Historia en Santiago de Compostela, en 1924 dirixe a revista *Ronsel*, en 1925-26 é redactor-xefe de *El Pueblo Gallego* e en 1925 ingresa no Seminario de Estudos Galegos. En 1927-1928 marcha a Toulouse como lector de Español, onde coñece e colabora con Marcel Bataillon. Desde aquí vai con certa frecuencia a París onde coñece no café de Montparnasse aos surrealistas André Breton e Louis Aragon. Desde 1939 traballa en varios institutos e obtén a cátedra. En 1931 é vicepresidente do Instituto de Cultura Gallega de Lugo e principia a afastarse do galeguismo, non volvendo a escribir na nosa lingua mais si sobre tema galego.

marquesa de Trives e debe ter alí un pazo). O problema de Cervantes teno, polo mesmo, moi ben resolto. O que non sei si lle será doado é atopar por alí unha zona de “geada”, pois inda que Zamora Vicente¹¹⁶ me parece que inclue o Cebreiro dentro de tal fenómeno fonético, temo que se trate dunha información indireita i errónea.

Polo que se refire á bisbarra do Limia, si conta coa colaboración do crego de Entrimo tampouco lle presentará dificultades. En realidade todo queda reducido a lles atopar acomodo ás donas. En principio semella que terá que ser nunha vila ourensán, en cuio caso coido que tí sinalabas moi asisadamente o Carballiño –boa vila con balneario– onde seguramente poderían acomodarse axeitadamente. Craro que eu conozo moi pouco a provincia de Ourense –ben sabes que son lugués– e sería cousa de se informar millor. Eu percurarei informes e mandareillos en canto os teña.

A miña compañia persoal, dada a iñorancia lingüística que padezo, non podía ter outro valor que o de lle facilitar o acceso ós Ancares. Contando con Evaristo Correa, que resolve con ventaxa esas dificultades porque é unha especie de señor daquela bisbarra, non ten ouxeto ningún que eu vaia,

¹¹⁶ ALONSO ZAMORA VICENTE (Madrid, 1916 – 2006). Catedrático de Filoxía Románica da Universidade Complutense de Madrid, antes o fora da Universidade de Santiago de Compostela entre 1943 e 1946. Foi secretario da RAE, no seu discurso de ingreso analizou a obra *Luces de Bohemia* de Ramón M^a del Valle-Inclán. Alén de relatos e novelas, a súa obra centrouse na investigación lingüística, con títulos como *Dialectología española* (1960). Entre os seus numerosos textos tamén os hai con temática galega como *Geografía del seseo gallego* (1951); *La frontera de la geada* (1952); *De geografía dialectal: -AO, -AN en gallego* (1953); *Los grupos -UIT-, -OIT- en gallego moderno. Su repartición geográfica* (1963); que a revista *Verba* reeditou no seu 70 aniversario no seu Anexo 25, *Estudios de dialectología hispánica*.

co cal quedará moi tranquila Isabel porque non vía como eu podería gardar o severo réxime alimenticio que me prescribiu Domingo. En cambio sería unha verdadeira pena que tí non poideses compartir con íl inda que soio fosen un par de días, pois tí sacarías máis proveito que ninguén.

Si nos vemos, cousa que me gustaría moito, amostrarei-
che un documento confidencial que te vai divertir moito.

Moi cordiás saúdos de Isabel e unha aperta do teu
amigo

Ramón

[33]

**[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro a Isidoro
Millán]**

Compostela, 18 – VII – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo

Pazo de Santa Cruz¹¹⁷.

Benquerido Isidoro:

Recibín todas as tuas cartas, incluída a de chegada. Xa vexo que eres un consumado diplomático, pois así o revela a carta en que me contas a tua conversa con Sánchez Cantón¹¹⁸. Certamente tiña enviado unha carta –non demasiado elegante– a Galaxia dándose de baixa, carta

¹¹⁷ Pazo de Santa Cruz de Bueu, que data do século XVII e está situada no Alto da Carrasqueira, era propiedade da familia compostelá dos Bescansa.

¹¹⁸ FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ CANTÓN. *Cfr. supra* Carta 13.

que Galaxia lle contestou con detalladas espracacións nas que quedaba ben a salvo a consideración persoal a D. Francisco Javier e tamén ben crariñas as razóns do noso proceder, que, sintetizadas, xa figuran na nota que vai ó fronte do tomo¹¹⁹. A esta carta, e máis á resposta, aludía eu na derradeira carta que che mandei a Madrid cando che decía que tiña unhas cousas confidenciais pra che insinar (pois eu coincido plenamente co teu parecer de non “airear” estas cousas). O mesmo día que recibín a tua carta, e seguindo as tuas indicacións, escribinlle eu a Sánchez

¹¹⁹ Polo seu interese reproducimos o texto completo:

«Iste tomo-homaxe que GALAXIA lle ofrece a D. Ramón Otero Pedrayo na ocasión da súa data xubilar, non é máis que unha representación simbólica do grande e xeral homaxe que il merez e que aniña no corazón de todolos seus admiradores e amigos.

Limitacións de orde material coutaron a nosa vontade de lle dar larganza especial á súa realización, na que ben quixeramos que estivesen presentes todos aqueles que consideramos chamados a participar nun homaxe ó máisimo representante aitual da nosa cultura.

A forzosa renuncia, tan penosa como inevitábele, á incrusión de todolos cultivadores calificados do noso eido cultural dentro dos lindeiros dun soio tomo, moveunos a percurar que o tomo fose, xa que non totalizador, si polo menos representativo da totalidade; que fose como unha breve síntese do momento presente da cultura galega e máis da súa irradiación fora de Galicia.

Pra conquistar o primeiro están representadas no tomo todas as xeneracións culturais galegas do período temporal que abrangue a aituación creadora de Otero, dense a súa mesma xeneración hastra a máis nova que agora mesmamente inicia a súa incorporación prometedora; pra conquistar o segundo figura no tomo un ilustre grupo de colaboradores non galegos, cuia presenza honra a Otero Pedrayo e a todo o que il representa. Tamén percuramos, igoalmente, que no conxunto estivesen presentes todas as actividades da nosa vida cultural: creación artística e literaria, ensaio, investigación, etcétera.

GALAXIA lamenta a imposibilidade de publicar varios tomos que serían precisos pra lle dar a iste homaxe a dimensión acaída e declara que na escolla das colaboracións non operou intención algunha de escrusión concreta». Cfr. AA. VV. (1958), *HOMAXE a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacimiento*, Vigo: Galaxia. pp. 7-8.

Cantón facéndome sabedor, por ti, das suas queixas. Espricáballe que non fora incluída representación do Instituto P. Sarmiento porque, dende o noso punto de vista, ou se incluían todas as institucións culturais galegas ou non de debía incluír ningunha; o que non cabía era facer preferencias. Pra as incluír todas –Universidade compostelán, Real Academia Gallega, Instituto P. Sarmiento, Patronato Rosalía de Castro, Ateneo Galego da Casa de Galicia de Caracas (gracias a cuia axuda publicaremos o Dicionario de D. Eladio¹²⁰–, Patronato da Cultura Galega de México (do que forman parte Jesús Bal¹²¹, Delgado Gurriarán¹²², Arturo Souto¹²³, Carlos Velo¹²⁴ e outras ilustres persoalidades galegas), Patronato

¹²⁰ Cfr. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, ELADIO (1958–1961), *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano*, 3 tomos, Vigo: Galaxia. En efecto, unha «Nota Editorial» explícase que o autor non viu en vida cumprida a edición da súa obra que se impronta «gracias á patriótica xenerosidade dos integrantes da Casa de Galicia de Caracas».

¹²¹ JESÚS BAL Y GAY (Lugo, 1905 – Madrid, 1993). Músico. Participou en 1924 na revista *Ronsel*, un ano despois ingresa na madrileña Residencia de Estudiantes e en 1927 no Seminario de Estudos Galegos. Traballou no Centro de Estudos Históricos de Madrid centrándose na música antiga. En 1935 foi lector de español en Cambrigde e desde 1938, exiliado, dispensou cursos e conferencias en México, onde desempeñou diversos cargos relacionados coa musicoloxía deica 196 cando regresa a Galicia. Na súa obra salientan os estudos *Hacia el ballet gallego* (1924); *Chopin* (1959); *Debussy* (1962); as transcripcións de música antiga *Treinta canciones de Lope de Vega* (1935); *Romances y villancicos del siglo XVI* (1939); *El cancionero de Upsala* (1944) ou *Tesoro de la música polifónica* (1952); alén de composicións para piano e canto sobre poemas de Amado Carballo, Emilio Prados, Juan Ramón Jiménez ou Rafael Alberti, entre outras moitas pezas de música de cámara e coral. En 1973 preparou a edición do seu *Cancionero Gallego* en dous tomos, un labor feito en colaboración con Eduardo Martínez Torner, co que xa publicara en 1933 o *Folklore musical de Melide*.

¹²² FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN (Córgomo, Valdeorras, 1903 – California, Estados Unidos, 1987). Estudou Dereito en Valladolid. En 1933 ingresou no Partido Galeguista.

da Cultura Galega de Buenos Aires, que levan publicado moitos libros galegos –algun do mesmo D. Ramón–, celebran anualmente concursos literarios de ensaio, poesía, teatro, narración, levaron ilustres intelectuás galegos a dar conferencias, comenzando xustamente por D. Ramón, editan aitalmente a “Obra Completa” de Cabanillas e preparan a de Castelao; a A.G.U.E.A¹²⁵, que orgaíza cur-

¹²³ ARTURO SOUTO FEIJÓO (Pontevedra, 1902 – México, 1964). Pintor que ingresou en 1922, moi novo, na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando e xa en 1925 realizou a súa primeira exposición en Madrid. Fixo pintura de propaganda republicana e ao remate da Guerra Civil tivo que se exiliar aos Estados Unidos e a México, onde se estableceu desde 1942 deica a morte. Traballou todas as técnicas e todas as temáticas, desde a paisaxe costumista ata a exótica, desde a figuración ata o surrealismo, e a súa obra acadou gran sona e recoñecemento.

¹²⁴ CARLOS VELO COBELAS (Cartelle, 1909 – México, 1988). Realizador cinematográfico, que se introduciu no cine na madrileña Residencia de Estudiantes. En 1933 fundou o cineclub de la FUE (Federación Universitaria Española) e desde 1934 dirixiu curtometraxes, entre as que salienta *Galicia, también denominada Finisterre* (1936). Por mor da guerra civil foxe a Francia e desde alí exiliouse a México, colaborando na fundación da revista *Saudade* en 1942 e en 1953 do Padroado da Cultura Galega. Abandonou cedo a súa profesión como docente universitario para se centrar no cine, dirixindo varias películas e colaborando noutras de Luis Buñuel e de Juan Antonio Bardem. A súa obra iniciouse con *¡Torero!* (1956) e mestura cine e documental. En 1961 presidiu o Consello de Galiza en México, país no que exerceu varios cargos públicos relacionados coa cinematografía. En 1983 recibiu o Premio Mestre Mateo da Xunta de Galicia como recoñecemento á súa traxectoria.

¹²⁵ AGUEA, siglas da Asociación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas, que estivo en activo na emigración bonaerense de 1956 a 1959, presidida polo médico padronés Antonio Baltar Domínguez. Organizaban cursos de cultura galega, dispensados por Antonio Baltar en Economía de Galicia; Eduardo Blanco-Amor en Idioma Galego; Rafael Dieste en Literatura Galega; Ramón de Valenzuela en Xeografía Galega e Alberto Vilanova en Historia de Galicia. Alén diso, realizaron unha homenaxe a María Casares, coloquios sobre os problemas de Galicia coas intervencións de Paz Andrade, Rafael

sos de língua, literatura, historia e xeografía de Galicia en B. Aires; o Instituto Galaico–Argentino de Cultura Galega, que na Universidade de La Plata dirixe a profesora María de Villarino e que orgaíza periódicamente cursos de literatura galega, etc., etc., – farían do tomo unha especie de suma ou síntese das institucións culturás galegas, cousa que estaría moi ben pro que non cadraba cos nosos plans, orientados a representar xeneracións e non institucións. Polo mesmo, decidimos non incluír ningunha institución, co cal cada unha delas tiña plena libertade pra tomar a iniciativa que lle parecese máis comenente ós seus verdadeiros desexos.

Engadíalle a continuación que, se non como representante do P. Sarmiento, tiña dereito, dende logo, a se doer de que nono invitásemos a título persoal, posto que lle sobran merecementos. Mais ise problema pra nós era múltiple, por ser moito máis numerosos os amigos ilustres de Otero que desexaban participar que a nosa capacidade material pra os incluír. O feito de que non figuren Cabanillas, Vicente Risco, D. Xesús Carro¹²⁶,

Dieste, Alberto Vilanova, Núñez Búa, Ramón de Valenzuela, unha velada necrolóxica dedicada a Carlos Maside, a exposición pictórica de Díaz Pardo en 1957 no Centro Lucense e, en 1959, un coloquio sobre *A parroquia galega*, dirixido por Otero Pedrayo. Como iniciativa da AGUEA, e dirixida por Luís Seoane, naceu a editorial Citania que nas coleccións “Martín Sarmiento”, “Idacio”, “Mestre Mateo”, “Dolmen de Dombate” e “Herba de namorar” publicou libros de Parga Pondal, Paz Andrade, Cruz Gallástegui, González López, Díaz Pardo, Blanco–Amor, Fernández del Riego ou o propio Luís Seoane, entre outros.

¹²⁶ XESÚS CARRO GARCÍA (Santiago de Compostela, 1884 – 1973). Historiador da Arte, en 1925 xa era correspondente da RAG, da que sería numerario en 1940. Fundador do Seminario de Estudos Galegos, desde 1928 ocupouse da sección de arqueoloxía e historia, sendo un dos redactores da obra *Terra de Melide*. Estudou en Francia, Inglaterra e Alemaña e especializouse na arte relixiosa compostelá. Con Pedret Casado e Sánchez Cantón participou na fundación en 1944 do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, dirixindo a sección de estudos composteláns e peregrinacións.

Pedret¹²⁷, Fernández del Riego, Gómez Román¹²⁸, etc. –todos iles tan amigos de Otero e tan achegados a Galaxia– sirve de garantía pra o resto dos non incluídos de que a nosa escolla foi penosamente imparcial, como da nota acraratoria que figura ó fronte do tomo se desprende. Por outra banda, por moito que se dude da nosa boa fe ninguén ousará coidar que imos utilizar precisamente a ocasión dun “Homaxe” a Otero pra ferir ós amigos de Otero. Nin a nosa ética persoal nin a nosa ética cultural son de tal estilo. A continuación lamentaba que por iste motivo tivese levado disgusto, cousa tan allea á nosa vontade, e agradecíalle que tivese en conta as anteriores espricacións. Non sei si lle parecería ben ou se lle parecería mal, mais unha vez dadas esas espricacións tampouco é cousa de perder o sono polo problema.

Escribinlle ó mixiriqueiro de Dámaso espricándolle que en Verín, a 40 kilómetros da Limia, hai espléndidos hoteles, dentro da vila ou arredados da vila, a elexir. Farei aínda máis pescudas doutras vilas e comunicareille os resultados. Foi unha boa cousa que Evaristo Correa se prestase a introducilo nos Ancares. Xa che contarei unha

¹²⁷ PAULINO PEDRET CASADO (Santiago de Compostela, 1899 – 1969). Catedrático en Dereito canónico, escribiu numerosas obras sobre temática relixiosa ou xurisprudencia. Tamén é o autor do estudo *José Andrés Cornide y la Galicia del s. XVIII* (1948). Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega, da Academia de Xurisprudencia e Lexislación e vicedirector do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

¹²⁸ MANUEL GÓMEZ ROMÁN. (Vigo, 1876 – 1964). Arquitecto desde 1917, seu irmán Bieito e outros arquitectos asinaron os seus proxectos temperáns como o edificio Simeón (1905). Ideou moitas obras importantes na cidade olívica como os edificios de Correso e Telégrafos (1920), do Banco de Vigo (1923), da Caixa de Aforros (1924). Foi o primeiro secretario xeral do Partido Galeguista e participou na campaña do Estatuto de Autonomía de 1936. Foi vicepresidente da editorial Galaxia dende a súa fundación e deica a súa morte e membro do padroado da Fundación Penzol. En 1951 ingresou na RAG.

cousa divertida da primeira entrevista Dámaso – Anibal¹²⁹.

Moitos saúdos nosos a Choni¹³⁰ e Jorge e de Isabel pra ti. Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón [sinatura autógrafa]

¹²⁹ ANÍBAL OTERO ÁLVAREZ (Ribeira de Piquín, 1911 – 1974). Estudou na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid, tendo como profesores a Menéndez Pidal, Navarro Tomás ou Américo Castro. Cos dous primeiros traballou no monumental *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. Curiosamente é detido en 1936 cando realizaba traballos de campo foneticistas e tivo que demostrar que as transcricións non eran un código militar, malia todo foi condenado a morte e a pena conmutada, sufrindo prisión ata 1941. Por volta de 1953 permíteselle reanudar a súa actividade lingüística e nos últimos anos fixo grandes contribucións á lexicografía galega, *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués* (1949–71); *Contribución al léxico gallego y asturiano* (1953–64); *Irregularidades verbales del gallego* (1952); *Voces onomatopéyicas del gallego-portugués* (1966); *Contribución al diccionario gallego* (1967) ou *Vocabulario de S. Jorge de Piquín* (1977). Foi elixido membro da RAG en 1964, aínda que nunca tomou posesión. En 1994 publicouse de maneira póstuma a súa novela autobiográfica *Esmoriz*. Cfr. SANTAMARINA, ANTÓN (1974), *Aníbal Otero (1911-1974), Verba. Anuario gallego de Filología*, vol. n° 2, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 7-12.

¹³⁰ Encarnación Millán González-Pardo, irmá maior de Isidoro, e o seu cuñado Jorge Bescansa.

[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Gijón, 17 – VIII – 58

Sr. D. Isidoro Millán González–Pardo
MADRID.

Benquerido Isidoro:

Figúrome que xa estarás de volta en Madrid, xa que os teus plans de permanencia na paradisiaca paisaxe de Santa Cruz eran máis ben breves. De vez en cando percurarás nos piñeirales do Escorial algún alivio á fogaxe madrileña desta época do ano. Nós viñemos dar eiquí porque iste é o pobo nativo de Isabel.

En carta que che enviei a Santa Cruz informábate de lle ter escrito a Sánchez Cantón¹³¹ na forma e termos que ti me indicaras. Contestoume dende Silleda¹³² en termos de gran cortesía. Coido que, na súa intimidade, hoxe está convencido de que o proceder de Galaxia non foi tan arbitrario e inxusto como de primeiras tiña coidado pensado.

Pasei un domingo por Cambados, de volta de Vigo, pra ver como andaban os ánimos do poeta dispois de ter a censura refugado a autorización pra editar a súa “Obra Completa”. Unha intervención do Valentín¹³³, tan inopor-

¹³¹ FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ CANTÓN. *Cfr. supra* Carta 13.

¹³² Neste concello a familia Sánchez Cantón tiña a súa casa matriz.

¹³³ VALENTÍN PAZ-ANDRADE (Pontevedra, 1898– Vigo, 1987). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela en 1921. Foi director do xornal *Galicia* (1922-1926), participou na II Asemblea Nacionalista (1919) e militou no Partido Galeguista, sendo nomeado secretario en 1934. Foi candidato ás Cortes Constituíntes de 1931 e de 1936, mais non foi elixido. Neste

tuna como insensata, motivou iste contratempo. Cando o Centro Galego tiña todo preparado e disposto pra facer a edición en B. Aires –que debería salir no outono pasado– unha interferencia persoal do Valentín desviou completamente o curso dos preparativos, pois convinceunos de que poderían “aforrar cartos” editándoa en España. En realidade tratábase de facilitar unha manioobra ben pouco limpa: que Blanco Amor viñese por conta do Centro Galego a dirixir a edición a Burgos. O resultado foi que retrasou polo menos en ano e medio a saída da edición, que ó cabo terán que facer en B. Aires como primitivamente estaba planeado.

Como non tiven oportunidade de falar persoalmente contigo, non sei cales son os plans que tés dispostos pra dispois do veraneo escurialense.

¿Qué solución lle poderíamos dar ó asunto do ONOMÁS-TICO? Eu temo que por bastante tempo sigas prisioeiro nas áureas cadeas helénicas. Como o problema está en que nós quixeramos publicalo acompañado de notas tuas e ti, polo dagora, non podes dispoñer do tempo necesario, quizáis non estaría mal

ano colaborou na redacción do anteproxecto do Estatuto de Galicia, ao tempo que colaboraba co xornal *El Pueblo Gallego*. Logo da guerra civil foi desterrado a Verín, Castro Caldelas, A Pobra de Trives e Villanueva de la Serena (Badaxoz). Alén dos seus ensaios históricos e económicos e das súas obras como técnico especializado en temas pesqueiros, como poeta formou parte da Xeración de 1925 con *Soldado da morte* (1921), *Pranto matricial* (1954, reed. 1975) sobre a morte de Castelao; *Sementeira do vento* (1968), *Cen chaves de sombra* (1979) e *Cartafol de homenaxe a Ramón Otero Pedrayo* (1985). No ensaio salientan *Galicia como Tarea* (1959), *La anunciación de Valle-Inclán* (1967), *La marginación de Galicia* (1970), *A galecidade na obra de Guimarães Rosa* (1978), *Castelao na luz e na sombra* (1982) ou *Galiza lavra a sua imagem* (1985). Cfr. CALVO, TUCHO (1998), *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*, Sada: Edicións do Castro. Cfr. PORTELA YÁÑEZ, CHARO (1999), *Valentín Paz-Andrade: escritor, xornalista e poeta: avogado, político e empresario: Galicia como tarefa*, Vigo: Ir Indo.

pensar nunha solución que ti mesmo me indicaches nalgunha ocasión: publicar as dúas cousas por separado. Nise caso poderíase editar primeiro o ONOMÁSTICO e logo, cando ti o tiveses preparado ó teu gosto, publicar a parte unha especie de GLOSARIO teu, que podía ser incluso como unha especie de un estudo das ideas lingüísticas do P. Sarmiento. Estamos un pouco incómodos con Piel¹³⁴ e, a ser posíbel, gostaríanos sacar esta obra que tantas veces levamos anunciada. Dime o teu parecer.

Eu sigo bastante amolado. Por fin declaróuseme un “ulcus pilorico” que me dá abondo a lata. En fin, coido que con pacencia dareino vencido.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro [sinatura autógrafa]

P.D./ Nós marcharemos pra Galicia dentro de tres ou catro días. [autógrafa]

Isidoro Millán en Roma, no Foro (1971)



¹³⁴ JOSEPH-MARIA PIEL. *Cfr. supra* Carta 7.

[35]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 1º – IX – 58

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Madrid.

Benquerido Isidoro:

Acabamos de chegar á casa dispois dun mes demasiado movido de viaxes por Asturias e Galicia. Entre as varias cartas que eiquí me agardaban estaba a tua do día 20.

A tua idea de lle ofrecer a Lorenzo¹³⁵ –que está pasando un mes en Francia– unha oportunidade pra iniciar a súa aiti-vidade na lingüística galega, é, parecemo, moi asisada. Está xa no 4º curso da carreira i é un bó estudante. Coido que será de bó agoiro que se bautice nas augas sarmentinas.

Eu tiña mentes de ver ó Anibal Otero¹³⁶ agora no agosto, mais non me foi posíbel. Sei que estivo en Madrid por mor do choio do mapa fonético. Nunha das xuntanzas, o amigo Dámaso achegouse a íl e preguntoulle si era Anibal Otero. Como lle respondeu afirmativamente, Dámaso faloulle inmediatamente do teu traballo, que Anibal inda non conocía. “¡Menudo lío se armó!” “Lea, lea Vd. el tomo–homenaje a Otero Pedrayo”. Anibal veu cheo de curiosidade. Tiña o tomo na súa casa, en Meira. Polo visto non está dacordo. Según me dixera, pensa contestarche na Revista da Universidade de Oviedo. Como é natural, xa Pensado cho enviará cando salise. Como non falei con íl non sei cal é o verdadeiro alcance da discrepancia científica.

¹³⁵ RAMÓN LORENZO VÁZQUEZ.

¹³⁶ ANIBAL OTERO ÁLVAREZ. *Cfr. supra* Carta 33.

Estou case seguro de que ise Joaquín Novoa é curmán da muller de Xaime¹³⁷. Ademáis, un irmán de Xaime tamén está en Zeltia¹³⁸. Ponlle unhas letras –as señas son: García Barbón, 3 – 7º. Vigo– e íl che fará esa xestión en favor do teu amigo. Eu vereino o día 5 e xa lle anuncio que lle escribirás nise senso. Si soupese o nome do médico xa lle daba a nota eu mesmo.

Conozo as cartas cruzadas entre Cantón e Isla¹³⁹, porque iste mas mandou. Como ti tomaches parte na orgaización do tomo, desexo que conozas en detalle o incidente e mándoche copia delas, co prego, eso si, da meirande reserva, pois non hai por qué avivecer as mágoas do ilustre varón pontevedrés. Como che dixen, na miña limiteime a decirlle que ti me comunicaras o seu disgusto e que, como eu era un dos responsábeles da orgaización do tomo, quería espricarlle cal fora o noso criterio seleitivo, cousa que fixen con todo detalle.

Alégrome que lle escribas a Celestino¹⁴⁰, pois o teu xuício faralle fonda impresión. E non deixarán de lle interesarse as discrepancias. Agora está animado a traballar e compre arrempuvalo. Como o conozo ben, sei que a tua carta será de gran proveito.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

¹³⁷ XAIME ISLA COUTO. *Cfr. supra* Carta 7.

¹³⁸ Grupo de empresas adicadas á investigación e fabricación de produtos químicos e farmacéuticos.

¹³⁹ FRANCISCO JAVIER SÁNCHEZ CANTÓN. *Cfr. supra* Carta 13.

¹⁴⁰ CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA. *Cf. supra* Carta 4.

[36]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 15 – IX – 58

Querido Isidoro:

Recibín, fai días, a tua carta. Xa sei que non te formaches lío ningún, nin coído que señas tí pouco nin moito propicio a te formares líos. Mais ben penso o contrario: que sería raro, rarísimo, que te entrambilicases en ningún problema de orde inteleitual. A espresión que eu che citaba na miña carta anterior –“¡Menudo lío se armó!”– é do Dámaso e non, craro está, referíndose a tí senón ó problema. O “se” é impersoal neste caso. Coído que tivo unha especie de cautelosa prudencia –non sei por qué, quizais por temperamento– ó se amosstrar un pouco da parte de fora, como si non estivera seguro, ou non tivera interés en aparentalo, da sua propia opinión anterior. Pode ser que obrase así pra millor “esplorar” as opinións e recursos científicos do Anibal.

Estiveron eiquí unha tarde José Luis Pensado e maila sua dona, por certo moi falangueira e bastante intelixente. A íl xa o conocera hai anos ahí en Madrid, co gran Montegudo¹⁴¹. Pensaban ir a Portugal antes de se marcharen a Oviedo.

¹⁴¹ LUIS MONTEAGUDO GARCÍA (A Coruña, 1919). Foi profesor de Prehistoria na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela e director do Museos Arqueolóxicos de Burgos e A Coruña. Alén dos seus estudos sobre a metalurxia prehistórica en Galicia, tamén se interesou pola toponimia. Publicou dúcias de artigos sobres estas cuestións, entre os que salientan «Carta de Coruña romana» (1952); «Provincia de Coruña en Ptolomeo» (1953); «Antropología y etnografía precélticas del NO.Hispanico» (1953); «Etnología hispánica del Bronce IV» (1953); «Universalismo y Helenismo» (1953?); «Metalurgia hispana de la

Onte estivo eiquí o Celestino¹⁴². Díxenlle que che gustara e che interesara o seu ensaio, inda que tiñas algunhas reservas que lle facer no tocante á pretendida “modernidade” de tal sentimento. Mostrouse moi interesado en coñecer a tua opinión máis en detalle, pois por ser ise un punto clave da súa teoría e por reconocerlle íl gran autoridade á tua opinión sobre as verdadeiras características da cultura clásica, quería tela en conta ó volver a tratar o problema. Agora anda ás voltas co tema do humorismo¹⁴³.

Hai catro días pasei por Cambados e parei uns momentos cabo do poeta. Está bastante ben.

Domingo¹⁴⁴ chegou o día 9. Estivo 15 días en Francia e logo unha semá en Barcelona, onde tomou parte nun Congreso Internacional de Psicoterapia. Veu moi ledo e animado.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

Edad del Bronce: con especial estudio de Galicia y norte de Portugal» (1954); «Nombres de túmulos y dólmenes en Galicia y Portugal» (1954); «Galicia legendaria y arqueológica: Problemas de las ciudades asolagadas» (1957); «Petroglifo de Lagea das Rodas: (Louro, S.W. prov. Coruña)» (1981); «La religiosidad “callaica”: estela funeraria de Mazarelas (Oza dos Ríos, A Coruña), cultos astrales, priscilianismo y outeiros» (1996) ou «La Cirugía en el Imperio romano» (2001).

¹⁴² CELESTINO FERNÁNDEZ DE LA VEGA. *Cf. supra* Carta 4.

¹⁴³ En efecto, pouco despois publícase o seu ensaio sobre o tema. *Cfr.* FERNÁNDEZ DE LA VEGA, CELESTINO (1963), *O segredo do humor*, Vigo: Galaxia.

¹⁴⁴ Domingo García-Sabell.

[37]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 24 – X – 58

Benquerido Isidoro:

Hai tempo que recibín carta tua coa boa nova do aprobado de Ferrín en grego. Non sabes canto me alegrei, pois dado o seu temperamento impulsivo e apaixonado de artista temíalle a que se vise enfrentado con un novo contratempo polas repercusións psicolóxicas que podía ter no seu ánimo ¡Con che decir que o choque moral de xuño levouno ó ateísmo! Craro que tan graves cambios de orde espritoal non se producen soio por tan cativas cousas. Sin duda iba xa por ise camiño. Pro unha sacudida algo violenta –niste caso máis pola peculiar reatividade temperamental que pola forza da causa operante– pode ás veces arrempujar máis do comenente un proceso evolutivo íntimo, como os que son propios desa idade e máis sendo poeta.

O Antón Risco¹⁴⁵, a quen conozo cáseque soio físicamente, ten sona de ser intelixente e asombrosamente des-

¹⁴⁵ ANTÓN MARTÍNEZ–RISCO FERNÁNDEZ, máis coñecido como Antón Risco (Allariz, 1926–Vigo, 1998) viviu dende neno nun ambiente familiar moi vencellado á cultura galega. Despois de rematar os estudos de Filosofía e Letras foi profesor de español en Francia e máis tarde nos Estados Unidos. De alí pasou a Canadá, onde exerceu a docencia durante moitos anos na Universidade de Laval, en Quebec. Froito desa dedicación universitaria foron os seus estudos sobre literatura fantástica e a súa citada tese de doutoramento sobre as estéticas de Valle-Inclán. Na súa obra de creación salientan *Memorias dun emigrante* (1987, Premio da Crítica Española), *Xogo de gardas e ladróns* (1989), *O caso* (1989), *As metamorfoses de Proteo* (1989, Premio Galicia), *Tres situacións elementais* (1991), *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*

pistado. Non sei si é que nacería con idiosincrasia de sabio e aínda anda polos comezos. De todos os xeitos fíxeches moi ben en lle botar unha man. Xa sabes que o pai presume de orientalista e de antibelicista. Pode ser que o fillo herdara esta vocación, polo menos na súa parte negativa.

Esta tempada amoloume unha gripe madrugueira que me tivo doce días na cama. Onte erguinme e hoxe xa me sinto ben.

Estivemos en Ribadavia –¡que fermoso pobo!– pra asistir ó homaxe que lle ofreceron ó simpático e cordialísimo Rubén¹⁴⁶. Alí escoitamos unha asisada carta tua de adhesión.

(1991), *A noite do sábado* (1991); *Margarida d'Ouridac* (1993); *Hipogrifo* (1994), *Mascarada* (1995) e *Tánata* (1998). Con *Os fillos do río* foi finalista en 1997 do Premio Torrente Ballester que convoca a Deputación da Coruña. Coa novela *O embrión* obtivo o premio Rubia Barcia Cidade de Ferrol, no 2001, a título póstumo. *Obxectos antigos de orixe ignorada* (2008) é a última obra recuperada. No eido do ensaio salientan *Estética de Valle-Inclán en los esperpentos y en "Ruedo ibérico"* (1967), *Demiurgo y su mundo: Hacia un nuevo enfoque de la obra de Valle-Inclán* (1977), *Azorín y la ruptura con la novela tradicional* (1980), *Literatura y figuración* (1982), *Literatura fantástica de la lengua española* (1987) e en galego *A figuración literaria* (1991). Tamén é fundamental a entrevista que lle realiza Arturo Lezcano no libro *Para ler a Vicente Risco* (1997).

¹⁴⁶ MANUEL RUBÉN GARCÍA ÁLVAREZ (Ribadavia, 1915 – Santiago de Compostela, 1980)). Malia ser médico de profesión, as súas relacións cos intelectuais ourensáns (Otero Pedrayo, Taboada Chivite, Ferro Couselo, López Cuevillas...) fan que se interese polos estudos históricos, en especial a Alta Idade Media. En 1952 é nomeado correspondente da RAG e en 1967 numerario, malia nunca ler o seu discurso de ingreso, en 1962 da Real Academia da Historia e noutras entidades de prestixio. En 1969 recibe o Pedrón de Ouro. É autor dunha ampla bibliografía sobre arqueoloxía, medicina e historia da Idade Media, historia da Arte, historia local de Ribadavia e filoloxía. Publicou varios artigos na revista *Grial*, iniciando a súa colaboración con «Contribución gallega a la formación de Castilla» (*Grial*, 2, outubro–decembro, 1963). Cfr. BARROS, CARLOS (2004), «Rubén García Álvarez, historiador e medievalista de Galicia», *Depósito Rubén García Álvarez. Fondo bibliográfico y documental*, Ourense: Xunta de Galicia, pp. 49-60.

Por informes que me enviou D. Ramón, a intervención de Dámaso encol de Rosalía, no Centro Gallego de ahí, foi espléndida. Alégrome ben.

¿Qué é da tua vida? Cando teñas vagar ponme duas liñas sobre o particular.

Moitos saúdos de Isabel e unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro

[38]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 27 – X – 59

Sr. D. Isidoro Millán G. Pardo
Pontevedra.

Benquerido Isidoro:

Agora mesmiño acabo de me enterar do teu rotundo e moi merecido trunfo. Namáis abrir o xornal, os ollos bateron coa gran noticia. Non podes imaxinar a alegría que sinto. Asegúroche que é inmensa. Estou seguro, completamente seguro, de que agora, ceibe xa das enoxosas preocupacións pre-opositoriás, o teu lúcido, vibrante e fecundo espírito comenará a agromar froitos da máis alta e pura calidade cultural ¡Canto arelaba eu que chegase este intre! agora xa eres dono do teu tempo. I o teu tempo acocha unha promesa de fecundidade cultural que a todos nos interesa moito. En certa maneira, pertenécenos. ¡Por fin temos un verdadeiro humanista noso! No máis fondo do

corazón teño a viva e leda sensación de que iste é un acontecemento de valor auténticamente histórico ¡Cantas veces, falando con Domingo, con Celestino, con Carballo Calero, con Otero Pedrayo, e con moitos outros do futuro da nosa cultura, pensabamos con ilusión na tua volta á Terra con unha cátedra! Certo que o teu lugar verdadeiro sería –será– a Universidade compostelán. Mais, mentres a ocasión non chegue, o importante, o decisivo é que xa estás entre nós. Por primeira vez, o sutil e neboento esprito galaico vai entrar en contaito fecundo co sutil e lucidío esprito helénico.

En fin, meu querido amigo. Quixera estar agora á tua beira pra che dar unha gran aperta. Mándochá coa miña máis cordial e sincera noraboa. Teu devoto amigo

Ramón Piñeiro

[39]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 21 – II – 60

Sr. D. Isidoro Millán González–Pardo
Pontevedra.

Benquerido Isidoro:

Onte chamounos Martínez López¹⁴⁷ e xuntámonos pola tarde íl, Domingo e máis eu. Díxonos que tiña rematado e

¹⁴⁷ RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ (Boiro, 1907 – Pontevedra, 1989). Licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutor en Dereito pola de Madrid, foi

posto en limpo o estudo limiar do “Estorial” e que somentes lle faltaba poñer a máquina o glosario, que o tiña en papeletas. Asegurou solenemente que o día 20 de marzal teremos no noso poder o limiar e mailo glosario (o texto transcrito xa o temos dende hai tres anos). No limiar fai un estudo fonolóxico, sintáctico i estilístico. Dóese do Dámaso, pois íl, Martínez López, ten cartas damasinas do ano 52 falando de problemas relativos á publicación deste texto e non comprende como non lle dixo ó seu adxunto Pensado que non se aventurase a traballar nil. Martínez alugou un piso eiquí en Compostela e ficará eiquí un ano. Non trae outro ouxetivo –fora dos naturais de orde familiar e sentimental– que ocuparse da edición do “Estorial”, pois quer correxir persoalmente a impresión i está disposto a ir todos os fins de semana a Vigo.

Resulta que, dacordo cos informes de Martínez López, a obra está prácticamente disposta pra entrar de contado na imprenta. Semella que o estudo preliminar é bastante

catedrático de Lingua e Literatura Española en Lugo (1930–33) e no Instituto España de Lisboa (1933–36). Agregado cultural das embaixadas da España republicana en Lisboa e París (1936–1937) e anos antes participara na fundación do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista. Con esta bagaxe en 1939 exiliase na Arxentina, traballa de bibliotecario ata ser aceptado como investigador no Instituto de Filoloxía da Universidade de Bos Aires, baixo a dirección de Amado Alonso. En 1940 convértese en catedrático de Filoloxía Española na Universidade de Texas, labor que desenvolve até 1971, alén de ser profesor visitante de varias universidades de prestixio e membro de numerosas entidades de estudos filolóxicos e literarios. Regresa do exilio en 1971 e forma parte dos Patronatos da Fundación Otero Pedrayo e da Universidade de Santiago de Compostela, da xestora do novo Seminario de Estudos Galegos, presidente de honra do Partido Galeguista, asesor do Consello da Cultura Galega, secretario do Instituto de Estudios Gallegos «Padre Sarmiento» e doutras entidades. En 1976 entra na RAG co discurso *Contribucións norteamericanas ao estudo da cultura medieval galega*. Cfr. LIÑARES GIRAUT, AMANCIO (2007), *Ramón Martínez López*, Santa Comba: tresCtres.

completo e sistemático. Pode ser, polo mesmo, unha boa aportación á nosa bibliografía filolóxica, tan facareña.

¿Como enfocamos o asunto co Pensado? Tal como están as cousas, o lóxico é que íl desista. Por outra banda, nós nunca tivemos o menor trato co íl sobre iste asunto. En cambio, con Martínez témolo dende hai 4 anos. En boa lóxica non ten motivo pra se molestar. Mais, de todos os xeitos, o interesante é que efectivamente non se moleste. Matina tí a fórmula diplomática. Guiarémonos polo teu criterio.

Unha aperta moi forte do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

P.D./ Ben sabes que Martínez López donou a Galaxia a sua biblioteca de filoloxía románica i estudos medievás. Xa nos trouxo duas grandes coleccións de revistas.

[40]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 9 – VII – 63

Sr. D. Isidoro Millán González–Pardo
PONTEVEDRA.

Benquerido Isidoro:

Acabo de recibir o teu traballo conmemorativo do centenario dos “Cantares Gallegos”¹⁴⁸. Conforme indicas, evitaremos chamarlle conferencia.

¹⁴⁸ *Cfr.* MILLÁN GONZÁLEZ–PARDO, ISIDORO (1963), «Discurso no “Día das Letras Galegas», *Grial*, T. 1, n. 1 (xullo–setembro), pp. 92–95.

Xa vexo que non te asusta a calor vrañega de París. Figúrome que o estudo dise poeta bizantino servirá tamén prá tua tese doutoral ¿Non si?

O Lugrís¹⁴⁹ deixou Londres. Agora traballa nas Nacións Unidas, en New York. Incorporouse en Maio. Según me dí, o traballo góstalle, pro o país non. Os seus hábitos mentás de europeo sántense asoballados pola dureza simplista de Norteamérica. Supoño que cando leve máis tempo por alí e penetre máis íntimamente na vida americana poderá atenuar algo esa impresión tan negativa que agora ten. De calquera xeito, añora moito Londres.

Dixéronme que estás traducindo o “Asesinato na catedral” de Elliot¹⁵⁰. Alegreime moito. Penso que nun número do “Grial”¹⁵¹ poderíase anticipar algún fragmento ¿non coidas?

¹⁴⁹ RAMÓN LUGRÍS PÉREZ (Ferrol, 1932). Xornalista, traballou en Londres como redactor da sección española da BBC e logo en Nova York para a ONU. Alén do libro *Vicente Risco na cultura galega: Ensaio* (Galaxia, 1963), con prólogo de Ramón Piñeiro, tamén publicou ducias de artigos, moitos deles na revista *Grial* onde principiou a colaborar desde o primeiro número con «Problemas do noso tempo, en contra da proletarización». É autor dos ensaios *As Nacións Unidas: fantasía e realidade dunha orde internacional* (2001) e *Nós, os pobos das Nacións Unidas, fantasía e realidade dunha orde internacional: [ponencia presentada na] II Conferencia Anual Plácido Castro* (2002).

¹⁵⁰ Nesta carta e noutras posteriores Ramón Piñeiro escribe Elliot en alusión a Thomas Sterns Eliot, porén na morte do poeta en 1965 dirixe outra carta a Millán na que xa grafa o nome con corrección.

¹⁵¹ Cfr. MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, ISIDORO (1965), «En lembranza de T. S. Eliot», *Grial*, T. 3, n. 7 (xaneiro-marzo), pp. 56–63. Porén, non chegou a publicarse o devandito fragmento e anos despois o autor publicaría a súa tradución en Galaxia que foi oportunamente recensionada na revista. Cfr. ELIOT, T. S. [THOMAS STERN ARNS] (1973), *Morte na catedral*, Traducida por Isidoro Millán González-Pardo, Vigo: Galaxia, 1973. O libro levaba este colofón: «Traducido hai anos en cativa mostra ao santo [Thomas Beckett] e de amor ao poeta, o drama de T. S. E. foi imprentado na pureza

Onte conocín ó Clavería¹⁵², que veu destinado á cátedra de Gramática Xeral da nova seición de Románicas. Namáis chegar a Compostela, bateu co conflito Moralejo – Moreno Báez¹⁵³ e, tan mala impresión lle fixo –íl semella home pacífico i escéptico–, que xa pensa en se marchar pra Oviedo.

O matrimonio Pensado voltaron de Norteamérica con unha filla texana. De non se teren trasladado a Salamanca o curso pasado e mercado alí un piso, agora virían pra Compostela.

Tamén eu conservo unha gratísima lembranza das nosas vellas conversas e arelo moi íntimamente a súa reanudación.

Unha forte a cordial aperta do teu amigo

Ramón

inxel do texto, por rogos de amigos, en “Artes Gráficas Galicia” de Vigo, en abril do ano 1973». A recensión da obra publicouse axiña: Cfr. DURÁN, CARLOS (1973), «Morte na catedral, por T. S. Eliot. Versión galega de Isidoro Millán González-Pardo», *Grial*, T. 11, n. 41 (xullo-setembro), pp. 374–75.

¹⁵² Trátase do romanista CARLOS CLAVERÍA. Cfr. ROCA MARTÍNEZ, JOSÉ LUIS (1975), «Biobibliografía de Carlos Clavería», *Archivum. revista de la Facultad de Filología*, tomo 25, pp. 23-39.

¹⁵³ As relacións de Moralejo con Moreno Báez foron complicadas. Moreno tamén arelaba ser Decano.

[41]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 9 – X – 63

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua carta coas copias das dúas que lle enviaches ó noso amigo babiense. Non penso que insista no seu erróneo punto de vista. Sería notablemente imprudente si o fixer. Asombra a lixeireza dos foráneos cando tratan das nosas cousas. Non acaban de comprender que somos unha realidade cultural peculiar e que non sempre se pode interpretar por medio de módulos alleos. No fondo, resístense a ademitir que sexamos algo máis que un mero “provincianismo”. Polo que se bota de ver, os españoles do interior padecen con moita frecuencia de impermeabilidade mental.

Agradezo a mostra de confianza amistosa que me das ó enviarme esas copias. Podes estar seguro de que farei un uso moi discreto delas, como compre.

Xa vexo que te largas a París. Non sei por qué, eu coidaba que xa foras. Pensaba pedirche unha recensión do “Livro de Tristán” que editou o Pensado¹⁵⁴ pra o GRIAL ¿Non ma poderías deixar feita antes de te ires?

Unha forte a cordial aperta do teu amigo

Ramón

¹⁵⁴ Cfr. PENSADO, JOSÉ LUIS (1962), *Fragmento de un “Livro de Tristán” galaico-portugués*. Anexo XIV de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago: Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (Consejo Superior de Investigaciones Científicas). A recensión que lle solicita Piñeiro a Millán non chegou a se publicar en *Grial*.

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 26 – II – 64

Benquerido Isidoro:

Hai tempo que teño ganas de botar unha longa parrafada contigo, continuación daquelas, certamente inesquecibles, de anos atrás. Craro está que eu vou seguindo os teus pasos a través de amigos comúns que me informan. Sei que estás a traducir Elliot ó galego e que preparas a tese encol da literatura helenística.

Polo amigo Fontenla¹⁵⁵ –viva centella pontevedresa– encomendeiche que fixeses unha nota pra o GRIAL sobor das formas GALICIA–GALIZA¹⁵⁶. Por ser unha dualidade que crea confusión na xente, unha nota informativa sería de grande utilidade. Poñer craridade nos problemas é unha das cousas máis necesarias. E tí tés, ademáis da competencia que todos reconecemos e admiramos, un don de craridade que non admiramos menos. Non creo que esto te distraia dos teus traballos, por ser un tema que conoces ben e do que te ocupaches, en privado, recentemente.

Agora no abril virá o Lapa a tragner a edición das “Cantigas de Escarño e Maldecir”¹⁵⁷, edición que, como sabes, íl ofreceu a Galaxia como homenaxe á cultura gale-

¹⁵⁵ JOSÉ LUIS FONTENLA RODRIGUES (Pontevedra, 1944). Avogado pontevedrés.

¹⁵⁶ Porén Millán nunca publicou un artigo sobre esta cuestión na revista. De feito, nestes anos tan só publica dous textos: Cfr. MILLÁN GONZÁLEZ–PARDO, ISIDORO (1963), «Discurso no “Día das Letras Galegas», *Grial*, T. 1, n. 1 (xullo–setembro), pp. 92–95 e Cfr. MILLÁN GONZÁLEZ–PARDO, ISIDORO (1965), «En lembranza de T. S. Eliot», *Grial*, T. 3, n. 7 (xaneiro–marzo), pp. 56–63..

ga, pois querían editar a obra os romanistas suízos e tamén no Brasil. Quizáis estaría ben adicarlle ó Lapa un número do GRIAL como mostra do noso aprecio polo seu fondo e perseverante fervor galego.

O noso amigo Fernando Pérez–Barreiro Nolla¹⁵⁸, que está en Londres, dispónse a preparar a tradución ó galego do “Macbeth”¹⁵⁹ shakespeareano. Conta poder mandárnola no Outono. ¿Como vai a tua tradución de Elliot?

Xa te decatarias do rebumbio que se armou arredor do prólogo¹⁶⁰ que lle puxen ó libro do Lugalrís encol de

¹⁵⁷ Cfr. RODRIGUES LAPA, MANUEL (1965), *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Vigo: Galaxia. En 1970 publicouse unha «2ª edición, revista e acrescentada polo Prof.» na Col. ‘Filoloxica’ da Editorial Galaxia.

¹⁵⁸ FERNANDO PÉREZ–BARREIRO NOLLA (Ferrol, 1931) Reside en Londres desde 1963. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, é BA (First Class Honours) en Lingua e Literatura Chinesas na Polytechnic of Central London. Na súa obra salientan dúcias de artigos, nomeadamente sobre política internacional, os libros *As Autonomías de Escocia e do País de Gales: historia, riscos e oportunidades* (1999); *Irlanda e as novas formas da vida internacional* (2000), ponencia presentada na I Conferencia Anual Plácido Castro del Río en Vilagarcía de Arousa e textos nos volumes colectivos *Galicia, un país no mundo. Manifesto conmemorativo do 70 aniversario do recoñecemento internacional de Galicia como unha nacionalidade* (2003), xunto na Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Xosé González Martínez, Xulio Ríos, Xosé Luís Rodríguez Pardo e Ramón Villares ou *Libro branco da acción exterior de Galicia* (2004), xunto a José Manuel Blanco González, Alejandro Molins de la Fuente, Xosé Luís Rodríguez Pardo e Xulio Ríos Paredes. Tamén é importante o seu labor como tradutor, iniciado para Galaxia coa obra *A traxedia de Macbeth* (1972) de William Shakespeare e continuada en Xerais con *Flores e leña: Narracións chinesas contemporáneas* (1982) e as obras de Lewis Carroll *As Aventuras de Alicia no país das marabillas* (1984) e *Do outro lado do espello e o que Alicia atopou aló* (1985).

¹⁵⁹ Cfr. SHAKESPEARE, WILLIAM (1972), *A traxedia de Macbeth*, Versión galega de Fernando Pérez–Barreiro Nolla, Vigo: Galaxia.

Risco¹⁶¹. Pra che decir a verdade, non deixou de me solprender, porque eu escribín o prólogo con preocupación de ouxetividade e con intención xenerosa. Todo o contrario do que percibiron os “risquistas” da 3ª época. Ben comprendes que non me preocupa, pois estou certo de non ter cometido ningunha inxusticia co bó de D. Vicente, que sería o único que me magoaría.

Anímate a facer esa nota encol das formas GALIZA–GALICIA¹⁶².

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

¹⁶⁰ Cfr. LUGRÍS [PÉREZ], RAMÓN (1963), *Vicente Risco na cultura galega: Ensaio*, Vigo: Galaxia. Prólogo de Ramón Piñeiro.

¹⁶¹ A polémica aínda non fora esquecida polo fillo de Vicente Risco quen anos máis tarde escribe a respecto da incompreensión sobre a actitude de seu pai no franquismo: «Marginación que soportó estoicamente y con ejemplar dignidad, por ser el precio de su independencia, independencia que mantuvo valientemente, incluso en momentos tan difíciles como los del frente popular y de la guerra civil, momentos en que llegó a quedarse completamente sólo entre unos y otros con una honestidad intelectual y un valor que contradice absolutamente el dictamen de alguien que sólo llegó a conocerlo muy de lejos –lo que cuenta aquí, ya que es algo que no pone en cuestión su obra, sino un momento de su biografía–, Ramón Piñeiro. Sólo por defender una mediocre posición política personal, Piñeiro publicó aquel lamentable prólogo al libro de Lugrís sobre el ensayo gallego de Risco, y en el más importante momento, pues fue redactado pocos meses después de su fallecimiento. No creo que le haya sido muy rentable». Cfr. RISCO, ANTÓN (1976), *Pensamento de Vicente Risco*, Lugo: Alvarellos. Edición bilingüe, con versión galega de Enrique I. Alvarellos. pp. 65–67.

¹⁶² Aparecerá en 1975 na *Gran Enciclopedia Gallega*.

[43]

[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 26 de outubro de 1964

Sr. D. Isidoro Millán González-Pardo
PONTEVEDRA.

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua carta cando me dispuña a saír pra Lugo. Alegroume moito e agradézoche moi sinceramente a nobre franqueza con que enxuicias iste triste rebumbio que armou o Varela¹⁶³ a través das páxinas do “Faro”¹⁶⁴. Aínda conocéndoo bastante ben, o seu proceder resultoume sorprendente, máis sorprendente pola banda da torpeza que pola da sensibilidade. Moita xenreira debe aññar no seu espírito pra se cegar desá maneira.

Non che falta razón ó decires que, dende o punto de vista da oportunidade polémica, a inclusión dos meus xuícios críticos do prólogo non era atinada, posto que, nas circunstancias presentes, quedaría en situación de inferioridade, pra os poder defender. Os feitos demostran ben cum-

¹⁶³ JOSÉ LUIS VARELA IGLESIAS (Ourense, 1924). Estudou o bacharelato en Ourense, onde fundou e dirixiu a revista literaria *Posío*. Foi discípulo e seguidor de Vicente Risco. Estudou Letras en Santiago, que rematou en Madrid en 1946, Doutor en Filoloxía Románica pola Universidad Complutense de Madrid (1948) e en Filosofía pola de Colonia (1956). No tocante á literatura galega publicou dúzias de artigos, moitos deles centrados en Vicente Risco (a un deles fai referencia Piñeiro na súa carta), mais tamén sobre Pondal, Rosalía, Murguía, etc. Salienta o seu libro *Tradición e innovación en Cunqueiro* (1992, ampliada en 1996).

¹⁶⁴ Cfr. VARELA IGLESIAS, JOSÉ LUIS (1964), «Cartas de Risco sobre Galicia», *Faro de Vigo*, 21 de outubro do 1964.

pridamente que tiñas razón ó pensares así cando apareceu o libro. E quero confesarche agora que non tiven en conta pra nada esa posibilidade, non porque non fose previsible senón porque non me dirixía intencionalmente ós risquis-tas da “terceira época” senón que me dirixía, en xeneral, ós galeguistas. Xa que ven hoxe ó caso, vouche espricar con algún detalle o meu punto de vista.

En primeiro lugar quéroche facer unha confesión que produciría verdadeiros alaridos de indiñación en Varela i en Casado¹⁶⁵. Como terás ouservado, insisten teimosamente en que o prólogo está datado un mes despois da morte de Risco e, revestindo ise feito de retórica patética, tratan de me presentar como unha especie de abutre moral devorador de cadavres (“caliente aún el cadáver de Vicente Risco, ya hubo quien le echó encima la primera paletada de cieno”, decía o Casado nun discurso en Barcelona¹⁶⁶).

¹⁶⁵ MANUEL CASADO NIETO (Castro Caldelas, 1912 – Barcelona, 1984). Escritor, tradutor e xuíz. Estudou Matemáticas e Dereito nas universidades de Santiago de Compostela e Madrid. En 1935 ingresa na carreira xudicial e logo de destinos en Oviedo e Pontevedra vai desenvolver a maior parte da súa carreira como fiscal da audiencia en Barcelona. Foi presidente do Centro galego de 1954 deica 1970. Prolífico colaborador en xornais e revistas, foi un dos primeiros tradutores de libros bíblicos ao galego, *Libro de Xob*, *Eclesiastés* e *Cántiga das Cántigas* (1968) ou *Novo Testamento* (1974), entre outros, e traduciu poemas de varios autores, moitos deles recollidos en *Mostra antolóxica de poetas contemporáneos: Ingleses, franceses, italiáns, catalás* (1981), cuxa escolma e versión galega foi feita en colaboración co seu fillo o poeta Xoán Manuel Casado. Alén da súa obra de creación en castelán, tamén publicou o sainete *Amor e eleu-ciós* (1930); os libros de versos *Orballo ispidido* (1954); *O ronsel do meu silencio* (1955); *Canta de lonxe o corazón do tempo* (1969) e *Vendimia. Antoloxía poética galega* (1982) e os de narrativa *Contos que non son contos* (1969); *0, 1, 2, 3, 4... Trancos do Braisiño. Novela* (1970); *A Boda de Raimundo e outras verídicas historias* (1980); *Refendas da vida e morte* (1983).

¹⁶⁶ Non localizamos o devandito texto oral, porén as cousas entre Piñeiro e Casado deberon mudar moito anos despois porque este último foi

Pois ben, en realidade ises xuicios que tanto os alporizan non foron escritos un mes máis tarde senón o mesmo día que soupen da morte de Risco. Entereime en Fingoy¹⁶⁷, con ocasión dunha visita que lle fixen a Carballo Calero. Impresionoume bastante a noticia, inda que xa se agardaba. Despois de lle pór un cable, comunicándollo, a un amigo de América, púxenme a escribir un artigo sobre Risco, que enviei a Buenos Aires, onde apareceu en “Opinión Gallega”¹⁶⁸. Tendo en conta que na colonia galega de Buenos Aires había un natural resentimento político contra Risco, eu quixen pór en xogo a pequena autoridade moral que o meu nome teña pra iles pra animalos a unha valoración serena e ouxetiva da gran figura que acababa de desaparecer. Trataba de que o “problema Risco” quedase situado ó nivel da obra e que se esquencesen –disculpándoas humanamente– as fraquezas da súa vida, xa desaparecida. Tal era, pódemo crér, o meu estado de ánimo cando escribín o artigo. Un mes máis tarde, cando tiven que escribir o prólogo pra o libro de Lugrís, non fixen

convidado a participar en *Grial* para falar do tema. Cfr. CASADO NIETO, MANUEL (1984), «Vicente Risco, o home», *Grial*, tomo 22, nº 86 (outubro–decembro), pp. 489–504.

¹⁶⁷ O Colexio Fingoy (hoxe Fingoi) de Lugo foi fundado no ano 1950 por Antonio Fernández López, acolléndose á Lei de Centros Experimentais que permitía poñer en marcha unha serie de reformas de tipo pedagóxico. Tivo como primeiro director a Ricardo Carballo Calero, que tamén puxo en marcha no ano 1950 o grupo de Teatro do Colexio Fingoy, unha das máis interesantes propostas de teatro escolar da posguerra e como profesores ao pintor e poeta Ánxel Johán ou máis tarde a Xosé Lois Méndez Ferrín, Bernardino Graña ou Arcadio López Casanova.

¹⁶⁸ Tan só temos localizado un artigo da súa autoría nesta publicación, porén o escrito fai referencia a Castelao. Cfr. «O primeiro crásico galego», *Opinión Gallega*, Bos Aires, nº 147, xaneiro, 1954, p. 6. [Posteriormente reeditado en *Almanaque 1950-1975*, Vigo: Galaxia, 1974, pp. 150-151].

Pouco antes, en 1963, Ramón Piñeiro viña de publicar o artigo «As tres épocas de Vicente Risco».

máis que desenvolver e ampliar aquil artigo escrito baixo a emoción que me producira a noticia da súa morte.

E agora imos ó prólogo. O libro de LUGRÍS presentaba a síntese da obra doutrinal do Risco galeguista. Ora, as novas xeneracións –os que teñen menos de 40 anos– conóceron, e algúns trataron, un Risco completamente distinto do que alí se presentaba. A misión do prologuista era, pareceume a min, facer intelixible esa contradición, pra o cal era necesario trazar o esquema da evolución de Risco e situar dentro dese esquema o significado da obra que o libro presentaba. Ise foi o verdadeiro motivo de que señalase e tratase de caracterizar ouxetivamente as tres etapas da evolución espritoal de Risco. Coido que con tal esquema calquera rapaz pode entender ben a correlación que hai entre a obra i a biografía de D. Vicente. Polo menos a miña intención era esa.

Mais veleiqué que pra trazar un esquema da evolución espritoal do Risco tropezas inevitablemente con un problema grave e delicado, que é iste: dende o ano 18 ó 36 –durante 18 anos–, Risco foi o gran definidor, o mestre máisimo, o guieiro supremo do galeguismo. A súa obra proselitista foi extraordinaria, superior á dos demais galeguistas. No ano 36 prodúcese a gran treboada. Os discípulos e amigos de Risco foron perseguidos: uns, fusilados; outros, paseados; outros, encadeados; outros, destituídos dos seus empregos; outros, desterrados; etc. Nise intre, o Risco ponse na cabeza unha boina roxa e comenza a facer a apoloxía dos ideás dos que perseguían ós seus amigos, ós seus discípulos i ás súas ideas. Non se limitou a se meter na casa i a gardar silencio, como sería o prudente, senón que apareceu en escea coas bandeiras que servían pra perseguir ós seus amigos e discípulos. O feito, mírelo como queiras, é demasiado grave pra que poidas escamotealo ó falar de Risco. Frente a ise feito, eu podía seguir unha destas tres posturas:

- a).– Unha postura política, que me obrigaría a acusar a Risco de traición.
- b).– Unha postura moral, que me levaría a acusalo de cobardía.
- c).– Unha postura piadosa, que me permitiría disculpalo polo camiño da comprensión das fraquezas humanas.

Ora, ben evidente está pra que seipa ler ó dereito que segúin precisamente o terceiro camiño. Non falo de traición nin de cobardía, senón de medo. Non fago acusación política nin moral, senón que propoño unha disculpa psicolóxica. Falo de terror, de papura. E fíxeno así porque estou íntimamente convencido de que esa é a verdade dos feitos. Non podo concebir que D. Vicente Risco se poida reducir á figura moral do traidor e cobarde. Estou plenamente convencido de que nono foi, apesares das graves aparencias esternas. Penso que foi un gran medoso e que, a consecuencia do medo, perdeu a súa liberdade íntima e, polo mesmo, a responsabilidade moral dos seus feitos. Por eso, apesares de todo, os galeguistas somos capaces de comprender e disculpar as súas fraquezas. Ben se bota de ver no prólogo si se lé sin prexuícios.

Como che decía ó comenzo, eu escribín o prólogo pensando nos galeguistas e pensando nos rapaces. Ou seña, pensando nos que podían acusar a Risco de traición e de cobardía, e procurei ofrecerlles un criterio de interpretación e valoración dos feitos que me parece xusticieiro e piadoso, naturalmente sin falsealos nin omitilos. Non pensei pra nada nos risquistas da “terceira etapa”, porque sempre estiven convencido de que se dividen en dúas clases: os que amparan as súas propias fraquezas nas de unha figura máis ilustre, como é o Risco, i os que queren utilizar a Risco como arma franquista contra os galeguistas. O risquismo diles e mailo noso diferénciase nesto: que nós

somos leales á obra de Risco e, dende a obra, tratamos de salvar o respeito ó home, mentres que iles son leales a un episodio crítico da vida de Risco e tratan de o facer valer en contra da súa obra e dos que cremos nela e a valoramos de acordo co espírito que lle deu realidade.

Que iles teñen ventaxas polémicas non hai dúbida. Ben se está vendo. Con todo, non podía supór que chegasen tan lonxe. Non se paran a pensar que, diante da conduta do Risco no 36, ou se acepta a tesis de que obrou dominado polo terror íntimo, tiranizado pola papura, ou hai que aceptar a tesis de que foi un renegado das súas ideas i un traidor ós seus amigos e discípulos. Mentres que nós pretendemos cancelar as acusacións contra os fallos personás do Risco – polo menos esa é a intención do prólogo– e situar o problema ó nivel da súa obra, que é o que queda dil con valor permanente, estes “risquistas” franquistas prefiren destruír esa obra e facer prevalecer a imaxe do Risco traidor e renegado, que obra, non pola presión invencible do medo, senón por libre e voluntaria decisión. Non lles importa envilecer ó coitado de D. Vicente ó presentalo como un home capaz de lles cantar loubanzas ós asesinos dos seus amigos e discípulos no mesmo intre en que os están perseguindo ¿Qué cras de “risquismo” é ise?

Non, non é cousa de polemizar con xente así. Ademáis, tampouco podería facelo, polas razóns que ti mesmo sinalabas na tua carta: a desigualdade de condicións fronte a iles. Non me preocupa que retorzan e falseen o prólogo pra dar a impresión de que está inspirado nunha especie de canibalismo moral. Todo eso é cousa momentánea que pasa. O tempo dirá cal das dúas aitudes é máis ouxetiva, máis xusta e máis respeitosa coa figura de Risco.

Avisarei a Vigo que che manden o catálogo de Galaxia.

Reitéroche o meu agradecementonpola tua carta. Unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro [sinatura autógrafa]

P.D. [a longa postdata tamén é autógrafa]

Vouche anticipar unha boa noticia que te ha alegrar moito, como me alegrou a min. A través do Casino de Vilagarcía vaise establecer un premio concurso anual de novela galega. En homenaxe a Ramón Cabanillas, levará o seu nome (“Premio Ramón Cabanillas”) e fallarase todos os anos no aniversario da súa morte ¿Verdá que non se lle podía facer máis fermoso homenaxe ó noso querido Ramón? Hai un mecenas que subvenciona o premio e pensa incrementalmente progresivamente deica acadar unha cifra moi importante na escala de premios vernáculos. Parte das 15.000 pts e irá subindo anualmente. A min emocióname pensar que todos os anos, na data da morte de Cabanillas, se enriquecerá a literatura galega con unha nova novela.

Pensan darlle seriedade e prestixio, como compre nestas cousas. Pra o xurado pensan en Otero Pedrayo, Cunqueiro, Isidoro Millán González–Pardo, Carballo Calero, Celestino F. de la Vega e Francisco F. del Riego. Encarregáronme de falar cos interesados e comenzo por tí. Penso que non negarás a tua colaboración pra unha cousa tan simpática e xenerosa como esta –¡que clima tan distinto ó dos risquistas! ¿non si?–, porque, ademáis, os teus vencellos íntimos con Cabanillas e con Vilagarcía son, parécemo, razón dabondo pra non estares ausente.

O curioso –e conmovedor– é que o mecenas é un home sinxelo, de orixe humilde, e que garda un discreto silencio. Xa ves que a cousa non pode ser máis simpática. Cando conozas ó patrocinador e vexas o gran corazón que ten estou seguro de que te sentirás confortado.

Mentres non lle dean iles publicidade, prégoche que nono divulgues.

Apertas

Ramón

[44]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 8 – I – 65

Benquerido Isidoro:


Diante da morte de Eliot¹⁶⁹, que acabo de conocer polos xornás, ocórreseme unha idea que che quero comunicar a ti por si é do teu agrado o realizala. Trátase desto: xa que tí estabas preparando a incorporación de Eliot á cultura galega, agora que morreu o home e como homenaxe a esa gran figura da cultura contemporánea, podíase publicar no GRIAL¹⁷⁰ unha parte da súa obra por tí traducida, acompañada dunha nota tua sobre Eliot ¿Non coidas que estaría ben? Eu penso que os grandes acontecementos da cultura contemporánea deben de ter axeitado refrexo na cultura galega. A morte de Eliot é, de certo, un acontecemen-

¹⁶⁹ Thomas Sterns Eliot faleceu en Londres o 4 de xaneiro de 1965. Foi incinerado e consonte cos seus desexos as súas cinsas repousan en East Coker, o lugar desque os seus devanceiros emigraron a USA e que tamén dá títulos a un dos seus máis coñecidos poemas. *Cfr.* ELIOT, T. S., *Poesías reunidas 1909–1962* (1978), Introducción e tradución de José María Valverde, Madrid: Alianza Editorial.

¹⁷⁰ *Cfr.* MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, ISIDORO (1965), «En lembranza de T. S. Eliot», *Grial*, T. 3, n. 7 (xaneiro–marzo), pp. 56–63.

to cultural importante. Ninguén máis indicado nin máis autorizado que tí pra lle dar o debido refrexo cultural en Galicia.

Alegrárame moito que a suxerencia coincidise co teu propio sentir.



Cousa notable –e confortadora– é a inquedaanza dos mozos pola descortesía eclesiástica –que iles chaman “cobardía”– coa nosa língua en relación coa Liturxia. Da Cruña, de Lugo, de Ourense e deiquí de Compostela chéganme manifestaciós de vivo desacougo por esa pasividade das xerarquías. Os rapaces sinten a mágoa dunha verdadeira humillación espritoal. Eu non son pesimista, porque si os fieles galegos o piden ¿cómo llo van negar? Eso sí, é indubidable que o teñen que pedir. Tamén nesto son outimista, pois estou seguro de que, hoxe en día, en Galicia hai unha poderosa corrente católica que responde á preocupación anovadora da liña conciliar. Abondará que esta corrente acorde un certo artellamento interno pra que cobre unha vigorosa e fecunda presenza no ámbito social galego. A súa primeira gran aportación ó patrimonio espritoal común pode ser xustamente a conquista dos usos litúrxicos prá nosa língua. Teño fe en que así sucederá.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón Piñeiro

[45]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 3 – II – 65

Sr. D. Isidoro Millán González–Pardo

PONTEVEDRA.

Benquerido Isidoro:

Recibín as duas notas, que cadran admirabelmente cos nosos desexos, pois dise xeito a morte de Eliot ten un eco sentido e sobrio nas letras galegas.

Xa me contou o Vidán os plans trazados prá defensa dos dereitos da nosa língoa nos usos litúrxicos. Teño noticias de que o episcopado “tradicionalista” de toda a Cristiandá sabotea os acordos conciliares relativos á utilización litúrxica das línguas vernáculas. O noso episcopado, como ves, non se amos- tra moi acorde coas orientaciós anovadoras do Concilio –nin nise punto nin noutros– e vai ofrecer resistencia. Terán que ser os fieles os que recollan e arraiguen a xenerosa e vivifica- dora semente conciliar. O Poder –tanto con hábitos como sin iles– está visto que enxendra soberba e cegueira espritoal.

Dixéronme que as crases de Língoa Galega se desenro- laban moi ben. Todos iles coinciden en reconocer como fun- damental a tua axuda, poisque gracias a ela poden levar a cabo o seu labor da maneira máis eficaz.

Non volvín ter novas do Premio Cabanillas. Estaban moi decididos e animados –eu, pola miña banda, alentei- nos canto puiden–, e chócame que non teñan dado máis siñas de vida, porque tiñan todo xa a punto.

Unha forte e cordial aperta do teu amigo

Ramón

[46]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 17 – IV – 67

Benquerido Isidoro:

O sábado veume ver o Dónega¹⁷¹ e contoume a conversa que tivera contigo verbo da posible lectura da obra de Eliot. O domingo chamoume por teléfono o presidente do Facho* tamén moi ilusionado coa mesma idea. Hoxe chegoume a tua carta. En vista do honor que me fas de pór nas miñas mans a decisión, considerei oportuno que se faga esa lectura coruñesa. En realidade, os reparos que ti tes son francamente secundarios, máis importantes prá edición que prá lectura, e nós non temos reparo ningún. En cambio, por razóns que xa che explicarei persoalmente teño interés en que a obra se dea a coñecer na Coruña. Dende logo, parto do convencemento de que o farán dignamente. O propio Dónega, que é home de gran sensibilidade, coidará de que seña así.

Teremos que estudar o problema dos dereitos do autor. Haberá que facer algunha xestión en “Londón”.

O Xaime Isla faloume por teléfono da posibilidade de que se editase en “SEPT”. Eu díxenlle que o fundamental

¹⁷¹ MARINO DÓNEGA ROZAS (Huelva, 1916–A Coruña, 2001). Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, exerceu como avogado na Coruña, onde presidiu a Mocidade Galeguista no 1936 e fixo a campaña polo Estatuto de Autonomía. Socio fundador de Galaxia, foi vicepresidente do seu consello de administración e membro do consello de redacción de *Grial*. Publicou varios libros, entre os que salienta a biografía *Luis Seoane: vida e obra literaria* (1994).

* Asociación galeguista de mozos de A Coruña.

era editalo e que o feito de que fose “Galaxia” ou fose “SEPT” era secundario. Pola nosa parte seguiremos adiante cos preparativos. En definitiva sempre sería cousa a decidir, en fraternal deliberación, conxuntamente contigo.

Unha forte e cordial aperta de

Ramón

[47]

**[Carta mecanoscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 13 – VI – 67

Benquerido Isidoro:

Mañán saímos Isabel e máis eu camiño dos EE.UU. Repito a experiencia do ano pasado, inda que con cursos distintos. Desta vez, un dos cursos é sobre Unamuno i o outro sobre Quevedo, Gracián e Saavedra Fajardo (tres tipos, dígoche a verdade, que me son pouco simpáticos, inda que, naturalmente, tratarei de facérllelos simpáticos ós americáns).

Antes de marchar quéroche mandar as ouservacións que fixen ó ler a tua espléndida traducción de MORTE NA CATEDRAL. Trátase de verdadeiras migalladas sin ningunha importancia, que máis ben chas mando como proba de que lin con moito agarimo –e con crecente admiración– o teu fermoso traballo de recrear en galego o pulo poético de Eliot. Xa ves que son únicamente duas ouservacións: os pronomes enclíticos, i a forma ditongada eivos, seraivos, semellaraivos. Tocante aos pronomes enclíticos xa ti me

dixeches o Dia das Letras Galegas cal é a tua opinión, que eu comparto, oposta ao seu uso indiscriminado. Tocante a esa diptongación de eivos, seraiivos, pra min resulta novedosa. Notarás que na páx. 41, liña 26, fágoche unha suxerencia de substituir “abrotan” por “abrochan” ou “agroman”. Básome en que gran parte de Galicia –non sei si en toda– o verbo abrotar é o equivalente do castelán abortar e préstase a un equívoco pouco poético. Certamente, tampouco ésto ten importancia e pode quedar moi ben tal como está. Nos meus desexos de homenaxear o teu labor, rebusco todos os pequenos pretextos de colaboración i en verdade ben poucos hai. Traballaches admirablemente. A miña máis cordial noraboa. Ninguén o faría mellor, estou seguro.

A copia que me deixaches (a n. 4), leveilla a Paco del Riego pra os efectos de ir estudando a edición. Haberá que escribir a Londres por mor dos dereitos da traducción. Eu díxenlle a Paco que, no caso de utilizar intermediario, quizáis habería que pensar en Fernando Pérez–Barreiro Nolla¹⁷², que vive en Londres (por certo que ten traducido o “Macbeth” ao galego). Si nalgunha ocasión che cadra ir a Vigo, fala con Paco.

Saúdos garimosos para os dous, tanto de Isabel como meus. Pra ti unha forte e cordial aperta do teu amigo certo

Ramón [sinatura autógrafa]

Si por calquer motivo quixeras comunicarte connigo, escíbeme a estas señas: Middlebury College. Spanish School. Middlebury, Vermont 05753 –U. S. A.– Estaremos alí deica o 17 de agosto.

¹⁷² FERNANDO PÉREZ–BARREIRO NOLLA. *Cfr. supra* Carta 42.

[48]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 31 – X – 67

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua postal e máis a carta do 27. Toda a carta está ateigada de boas noticias: xestións exploratorias en col dos dereitos da tradución de “Murder in the cathedral”, arrequementamento do material “eliotian” con comprobación do enfoque dado por tí na tradución galega, recadádiva de valioso material celtístico, intención de vos trasladáredes a Compostela... De todas –e todas me alegran moito– a derradeira é a que máis me emociona. Pensar que estaredes en Compostela é cousa que me enche de íntima ledicia, como de certo lles ocorrerá ós demáis amigos cando se confirme.

Todo o que dis do celtismo e do anticeltismo coído que é atinadísimo. Despois do esforzo, fundamentalmente arqueolóxico, do Cuevillas –que outros deberán proseguir–, agora compre pescudar por vía lingüística e logo armonizar ambas cousas. Penso que ninguén mellor que tí pra renovar os estudos do celtismo galego. Por eso considero unha gran noticia o saber que estás ahí a apañar a bibliografía fundamental.

Si parades en Londres gustaríame que conocéredes ó matrimonio Pérez–Barreiro¹⁷³, duas persoas moi cultas e moi cordiás. Il, o Fernando, está a rematar ahí en Londres a súa tese de doutoramento sobre a toponimia de Galicia. Tamén ten feita unha tradución do “Macbeth” ó galego¹⁷⁴. Como che digo é home moi

¹⁷³ FERNANDO PÉREZ–BARREIRO NOLLA. *Cfr. supra* Carta 42.

¹⁷⁴ *Cfr.* PÉREZ BARREIRO–NOLLA, FERNANDO, trad. (1972), *A traxedia de Macbeth / William Shakespeare*, Vigo : Galaxia, 1972

culto e de espírito finísimo. Viven en Oslo Court – Prince Albert Road. London N. W. 8. Inda que no Ferrol o seu nome completo é Fernando Pérez–Barreiro Nolla, ahí en Inglaterra deixárono reducido a Mr. Nolla.

¿Tí conocíches ó Ramón Lugrís¹⁷⁵? Vive preto do Pérez–Barreiro, en 59 Wellington Court, Wellington road. London N. W. 8. Tel. PRI – 4237.

Ogallá teñades bon tempo nestas duas semáns que vos quedan de andar por Inglaterra.

Apertas de Isabel e miñas pra os dous

Ramón

[49]

[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]

Compostela, 30 – IX – 67

Benquerido Isidoro:

Recibín a tua carta. Mandeille a Paco del Riego a que me incluías pra os herdeiros de Eliot, que lles enviará oficialmente acompañada dos dous exemplares do GRIAL. Está moi ben así.

Xa lín que formabas parte do xurado pra o Premio Rosalía. Foi unha decisión do Zulueta¹⁷⁶. Non creas que

¹⁷⁵ RAMÓN LUGRÍS PÉREZ. *Cfr. supra* Carta 40.

¹⁷⁶ ALFONSO ZULUETA DE HAZ (Vigo, 1924). Notario. Foi presidente da editorial SEPT, fundador e presidente do Partido Galego Social Demócrata (PGSD) de vida efémera (1974-78) e membro do Partido Galeguista.

concurrirán poucos libros. Seguramente chegarán á dúcea. E tamén terás algún bó, francamente premiable. Ocorre que nestas derradeiras semás imprimíronse algúns que aínda non circularon e que concurrirán. Eu alegreime da tua desinación, porque o teu nome fortalece o prestixio do xurado.

Unha forte aperta do teu amigo

Ramón

[50]

**[Carta manuscrita de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán]**

Compostela, 6 – X – 71

Benquerido Isidoro:

Acabo de recibir a tua carta e mais o texto inglés da que lle escribiremos a FABER&FABER.

Ao ler a tua carta vexo que che produciu mágoa a nosa conversa –demasiado rápida– do outro día. Non sabes canto o sinto, porque nin nesa ocasión nin en ningunha outra podía eu desexar tal cousa. Confío en que eres ben consciente deso, pero aínda así síntome na necesidade de che facer presente que nin eu nin ninguén de Galaxia quixeramos en ningún caso producirche mágoa. Lamento de veras tercha producido eu, mais que fora involuntariamente.

Olla Isidoro, no tocante á tradución nós sentímonos solidariamente partícipes do seu eco e fecundidade cultural. Aínda sendo mérito persoal teu –que nós admiramos moi sinceramente–, nono individualizamos como disfrute, pois nós disfrutámo-

lo como propio –como patrimonio comunal–, inda que sabendo e sentindo que cho debemos a ti, o mesmo que lle debemos a Rosalía os seus poemas e disfrutámoslos como “nosos”. Nese mesmo sentido tamén a tua obra é “nosa”. Non hai, pois, dous planos para xuzgar a traducción, o teu e mailo noso. Non, para nós a calidade e o éxito da traducción galega sentímoslos como cousa nosa. Deso podes estar ben certo. Polo mesmo, os nosos desexos e o noso gusto verbo da edición identifícanse plenamente cos teus, coas únicas limitacións que nos impoña a realidade na que nos movemos. E foi nesa perspectiva na que eu puxen reparos acraratorios en canto aos costes. Ou sexa: dende o punto de vista cultural –que é o fundamental para nós–, a edición bilingüe é mellor e máis acaída; desde o punto de vista económico –que dentro de certos límites non podemos eludir–, o dobre texto duplica o coste. O problema, xa que logo, consiste en ponderar e conciliar estas cousas. Pero, querido Isidoro, esa ponderación farémola conxuntamente contigo, como cousa “común”. Non me digas “eu avéñome ao que decidades”, porque a decisión será froito dunha fraternal deliberación, na que tanto ti como nós temos o mesmo punto de vista cultural. O que ocorre é que no lado económico do problema temos nós máis elementos de xuício e queremos intercambiar contigo. En fin, xa falaremos desto longa e ledamente cando veñades.

Por favor, meu amigo, escorrenta do teu ánimo eses pantasma que che tollen o lecer do traballo. Traballa con azos na Introducción e non relées as citas e textos latinos. ¿Sabes o que tes que facer? Percura unha botella de espadeiro¹⁷⁷ cambadés para celebráremos o remate da Introducción. De paso que o celebramos lembraremos os versos de Cabanillas.

Unha grande aperta do teu amigo

Ramón

¹⁷⁷ Cfr. CABANILLAS, RAMÓN (1926), «Diante d-unha cunca de viño espadeiro», *Da terra asoballada*, A Coruña: Lar.

IV. Apéndice

IV. APÉNDICE

[Carta de Ramón Piñeiro a Xesús Alonso Montero]¹⁷⁸

Compostela, 12 – 10 – 88

Sr. D. Xesús Alonso Montero

Vigo

Querido Xesús:

O domingo vin na *Voz de Galicia* un artigo teu sobre D. Ramón Otero Pedrayo e lino por dobre motivo, polo tema e polo autor. Leveime unha grande sorpresa cando batín coa cita dunha carta miña a D. Ramón de febreiro do 55, carta da que eu só conservaba a lembranza vaga de lla ter escrito, e a partir desa cita fun vendo como me ibas convertindo en coprotagonista do labor patriótico de D. Ramón.

¿Sabes, Xesús? Conmomeume a lealtade moral con que tratas esa etapa da nosa recuperación, tan superficialmente abordada polos historiadores –sin dúbida, por falta de información, non por aberración profesional– e tan desconsideradamente manipulada polos políticos. De que profundizache agudamente no cerne do tema son boa proba algunhas observacións nada doadas, como a de que D.

¹⁷⁸ Cfr. ALONSO MONTERO, XESÚS (1991), *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*, Vilaboa (Pontevedra): Cumio, pp. 129-130.

Ramón non simpatizaba connigo no plano vital e, con todo, identificábase totalmente no plano patriótico. Eso, tal como ti o matizas, é certo, porque D. Ramón, entre as espléndidas dotes da súa personalidade, tiña a da alegría cos goces da vida, mentres que eu, sobre todo naqueles anos, estaba permanentemente sometido á tensión moral da nosa responsabilidade de cara ó país. Pero eso non impedía, e ti soupéchelo percibir, unha profunda identificación entre ambos, porque ademais ocorre que a imaxe social de D. Ramón vitalista ocultaba outra imaxe íntima, introvertida e melancólica, que eu coñecía por propia confesión del. O D. Ramón animoso, comunicativo, de humor ledo e cordial e de verbo case máxico levaba dentro de si unha dimensión solitaria e melancólica que ás veces se comunicaba connigo. A nosa identificación non era só moral-patriótica. As nosas conversas eran absolutamente distintas ás habituais nas tertulias ou xuntanzas.

Cóntoche todo esto, do que nunca falei, como modesta homenaxe íntima á túa boa vontade para entender o significado profundo de aqueles anos, xa lonxanos, nos que ti eras un rapaz desbordante de entusiasmo.

Unha aperta fonda do teu vello amigo

Ramón Piñeiro

V. Índice Onomástico



V. ÍNDICE ONOMÁSTICO*

(Preparado por Alexandra Cillero Prieto e Élidea Abal Santorum)

ALONSO (FERNÁNDEZ), Adela: C12.

ALONSO FERNÁNDEZ DE LAS REDONDAS, Dámaso: C13, C15, C17, C18, C19, C20, C21, C23, C25, C26, C28, C30, C31, C32, C33, C35, C36, C37, C39.

ALONSO MONTERO, Xesús: C11, C13, C25, C26, C31

ÁLVAREZ, Valentín Andrés: C4.

BAL Y GAY, Jesús: C33.

BEN-CHO-SHEY¹⁷⁹: C22, C23.

BERNÁRDEZ, Francisco Luís: C18, C23.

BLANCO-AMOR, Eduardo: C34.

BLANCO FREIJEIRO, Antonio: C21, C23.

BRAVO RIESCO: C15, C16.

CABANILLAS ÁLVAREZ, Luisa: C5.

CABANILLAS ÁLVAREZ, Manuel: C5, C7.

CABANILLAS ÁLVAREZ, Ramón: C5, C8, C22, C23, C27.

CABANILLAS ENRÍQUEZ, Ramón: C0, C1, C4, C5, C6, C7, C8, C9, C22, C23, C25, C27, C28, C29, C33, C43, C50.

* Os números remiten aos das cartas, non ás páxinas do libro.

¹⁷⁹ Pseudónimo de Xosé Ramón Fernández Oxea.

CARBALLO CALERO, Ricardo: C30, C38, C43.
CARRO GARCÍA, Xesús: C33.
CASADO NIETO, Manuel: C43.
CASTRO, Américo: C30.
CASTRO, Rosalía de: C1, C22, C50.
CASTROVIEJO BLANCO CICERÓN, Xosé María: C4.
CLAVERÍA, Carlos: C40.
CORREA CALDERÓN, Evaristo: C32, C33.
CUNQUEIRO MORA, Álvaro: C0, C21, C43.
DELGADO GURRIARÁN, Manuel: C33.
DÓNEGA ROZAS, Marino: C46.
ELIOT, T. S.: C40, C42, C44, C45, C47, C49.
SAAVEDRA FAJARDO, Diego: C47.
FERNÁNDEZ DE LA VEGA, Celestino: C3, C30, C31, C35, C36, C38, C43.
FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco¹⁸⁰: C1, C4, C22, C33, C43, C47, C49.
FERNÁNDEZ GALIANO, Manuel: C10, C19.
FERNÁNDEZ PENZOL LABANDEIRA, Fermín: C6, C7, C22, C25, C26.
(FERNÁNDEZ TEIXEIRO), Manuel María: C0.
FILGUEIRA VALVERDE, Xosé F.: C30.
FOLE SÁNCHEZ, Ánxel: C2, C3.
FONTENLA RODRÍGUES, José Luis : C42.
FRANCO GRANDE, Xosé Luís: C3, C24, C25, C30.
GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel Rubén: C37.
GARCÍA-SABELL, Domingo: C0¹⁸¹, C5, C6, C7, C8, C22, C30, C36, C38, C39.

¹⁸⁰ Nalgunhas ocasións refírese a el como Paco.

¹⁸¹ Nesta carta refírese a el co pseudónimo Pedro Abuín.

GIL VARELA, Álvaro: C5, C6, C7, C8, C30, C31.
GÓMEZ ROMÁN, Manuel: C33.
GRACIÁN, Baltasar: C47.
GRAÑA, Bernardino: C6.
HEIDEGGER, Martin: C1.
IGLESIA ALVARIÑO, Aquilino: C27.
ISABEL¹⁸²: C23.
ISLA COUTO, Xaime: C7, C29, C35, C46.
LAÍN ENTRALGO, Pedro: C18.
LEITE DE VASCONCELOS CARDOSO, José: C29.
LÓPEZ-ARANGUREN JIMÉNEZ, José Luis: C18.
LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino: C22, C48.
LÓPEZ NOGUEIRA, Xosé Manuel: C16.
LORENZO VÁZQUEZ, Ramón: C6, C14, C15, C28, C35.
LORIENTE ACEVEDO, Vicente: C19.
LUGRÍS PÉREZ, Ramón: C40, C42, C43, C46, C48
MARAÑÓN Y POSADILLO, Gregorio: C25.
MARTÍNEZ LÓPEZ, Ramón: C39.
MARTÍNEZ-RISCO FERNÁNDEZ, Antón: C37, C42.
MASIDE, Carlos: C29.
MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luís: C6, C28, C29, C37.
MEYER LÜBKE, Wilhelm: C1.
MONTEAGUDO GARCÍA, Luís: C36.
MONTERO DÍAZ, Santiago: C15, C27.
MORALEJO LASO, Abelardo: C11, C14, C15, C19, C40.
MORENO BÁEZ, Enrique: C40.
NOVOA, Joaquín: C35.

¹⁸² Seguramente é a muller de Piñeiro, á que fai referencia nun gran número de cartas.

NOVONEIRA, Uxío: C3.
ORTIZ MUÑOZ, Luis: C16.
OTERO ÁLVAREZ, Aníbal: C33, C35, C36.
OTERO PEDRAYO, Ramón¹⁸³: C1, C5, C6, C7, C8, C10, C12, C13, C15, C20, C21, C22, C23, C24, C27, C28, C29, C30, C33, C35, C37, C38, C43, C (Apéndice).
P. SARMIENTO: C34.
PARDO, Javier: C7.
PARDO BAZÁN, Emilia: C0.
PAZ ANDRADE, Valentín: C22, C34.
PEDRET CASADO, Paulino: C33.
PENSADO TOMÉ, José Luis: C7, C8, C13, C15, C26, C27, C35, C36, C39, C40.
PENZOL, Blanquita¹⁸⁴: C25, C26.
PEÑAFIEL ALCÁZAR, Juan: C4.
PÉREZ-BARREIRO NOLLA, Fernando: C42, C47, C48.
PIEL, Joseph-Maria: C7, C18, C20, C34.
PIMENTEL, Luís: C21.
QUEVEDO, Francisco: C47.
RABANAL ÁLVAREZ, Manuel: C9, C10, C11, C12, C13, C14, C15, C16, C17, C19.
REY BARREIRO, Teresa: C14.
RÍO BARXA, Franciso Xavier: C30.
RISCO, Vicente: C33, C43.
RODRIGUES LAPA, Manuel: C25, C30, C42.
RODRÍGUEZ ADRADOS, Francisco: C6, C18, C28, C35.
RODRÍGUEZ CASTELAO, Afonso Daniel: C22, C33.

¹⁸³ En numerosas ocasiones refírese a el como D. Ramón.

¹⁸⁴ Supoñemos que se refírese á muller de Fermín Fernández Penzol, que se chamaba María Blanca Jiménez Alonso.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio: C33.
ROF CARBALLO, Juan: C18, C22.
RUÍZ BUENO, Daniel: C19.
RUÍZ DEL CASTILLO, Carlos: C4.
SALVADORES POYÁN, Manuel: C4.
SÁNCHEZ CANTÓN, Francisco Javier: C13, C33, C34, C35.
SARMIENTO, Martiño: C18, C24.
SOUTO FEIJÓO, Arturo: C33.
UNAMUNO, Miguel de: C47.
VALENZUELA SOLER, José: C4.
VARELA IGLESIAS, José Luis: C43.
VELO COBELAS, Carlos: C33.
VIDÁN TORREIRA, Manuel: C4, C7, C45.
VILLAR PONTE¹⁸⁵: C22.
VILLARINO, María: C33.
VIÑAS CORTEGOSO, Luis: C26.
ZAMORA VICENTE, Alonso: C32.
ZULUETA DE HAZ, Alfonso: C49.

¹⁸⁵ Non sabemos a cal dos irmáns se refire: se a Antón ou Ramón.

VI. Bibliografía Básica



VI. BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

AA. VV.

(1991), *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

AA. VV.

(2008), *Dicionario e Enciclopedia do Pensamento Galego*, Vigo: Xerais.

ALONSO GIRGADO, LUÍS e MONTEAGUDO CABALEIRO, TERESA

(2003), *Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*, Cadernos Ramón Piñeiro, II, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

ALONSO GIRGADO, LUÍS; CUQUEJO ENRÍQUEZ, MARÍA e MONTEAGUDO CABALEIRO, TERESA

(2003), *Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución*, Cadernos Ramón Piñeiro, III, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

ALONSO GIRGADO, LUÍS; CUQUEJO ENRÍQUEZ, MARÍA e FARIÑA MIRANDA, CARMEN

(2007), *Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*, Cadernos Ramón Piñeiro, V, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

ALONSO MONTERO, XESÚS

(2003), «Isidoro Millán: letras clásicas, letras galegas», *Boletín de la Real Academia Gallega*. n° 364, pp. 227-248.

CABANA, DARÍO XOÁN

(2008), «Xosé M^a Álvarez Blázquez, editor revolucionario», en *A Trabe de Ouro*, n°76, pp. IV/43.

CASARES, CARLOS

(1991), *Ramón Piñeiro: unha vida por Galicia*, A Coruña: Fundación Caixa Galicia.

(1996), *Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.

1996), *Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellaría de Cultura.

ed. (2002), *Da miña acordanza (Memorias)*, Vigo: Fundación Caixa Galicia.

DASILVA, XOSÉ MANUEL

(2008), «Ramón Piñeiro e a prohibición de traducir ao galego», *Grial*, tomo XLVI, n° 179. pp. 87–97.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, FRANCISCO

(2000), *Un epistolario de Ramón Piñeiro*, Vigo: Galaxia.

FORCADELA, MANUEL

(2005), *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Cadernos Ramón Piñeiro. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

FRANCO GRANDE, XOSÉ LUÍS

(1985), *Os anos escuros, I. A resistencia cultural da xeración da Noite (1954–1960)*, Vigo: Xerais.

MATO, MARÍA ISABEL

(2002), *Ramón Piñeiro e o seu tempo. Lembranza*, Lugo: El Progreso, col. «Fillos de Lugo».

MONTEAGUDO, HENRIQUE

(2008), «Ramón Piñeiro, a Editorial Galaxia e a Real Academia Galega (1950–1962). Estratexias de resistencia idiomática fronte ao franquismo», *Grial*, nº 177, Vigo: Galaxia, pp. 98–111.

MOURELLE DE LEMA, MANUEL

ed. (1993), *Ramón Piñeiro y su circunstancia*, Madrid: Grugalma, col. «Aula Abierta», 3. [Inclúe artigos de Carlos A. Baliñas, Xosé Luís Barreiro Rivas, Isaac Díaz Pardo, Marino Dónega, M^a Victoria Fernández España, Antonio Fraguas, Domingo García-Sabell e Manuel Mourelle de Lema]

PIÑEIRO, RAMÓN

(1974) [2008], *Olladas no futuro*, Vigo: Galaxia.

(1991), «Da miña acordanza», *Grial*, tomo XXIX, nº 111.

(1991), «Documentos políticos», *Grial*, tomo XXIX, nº 111.

(1991), «Cartas», *Grial*, tomo XXIX, nº 111.

(2005), *Cartas a un mozo galego. Correspondencia con Xosé Luís Allué (1953-1967)*, Vigo: Galaxia.

2008), «Catro inéditos». *Grial*, tomo XLVI, nº180.

SALINAS, PEDRO

(1948), *El defensor*. Universidad Nacional de Colombia. Bogotá.

VILLANUEVA, DARÍO

(2000), «A carta socrática de Ramón Piñeiro», *Grial*, tomo XXXVIII, nº146.

Este *Epistolario de Ramón Piñeiro
a Isidoro Millán González—Pardo*,
rematouse de imprimir
o día 15 de maio de 2009,
festividade de San Sidro, (de Isidoro).

Reple - Cordis - Intima

